2.- Los Servicios de Gestión de Penas y Medidas Alternativas de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, valorarán al penado con el fin de determinar la actividad más adecuada e informarán al mismo de las distintas plazas existentes, con indicación expresa de su cometido y del horario en que deberán realizar la actividad, conforme al catálogo de plazas que haya remitido el Ayuntamiento de acuerdo con el Anexo II de este convenio.

3.- Una vez realizada la valoración y seleccionada la tarea a desarrollar, los Servicios de Gestión de Penas y Medidas Alternativas de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, trasladarán al Ayuntamiento ~~de~~ la información necesaria para el adecuado desenvolvimiento de las actividades asignadas.

Quinta. Jornada y horario.

Para determinar la duración de la jornada y el plazo en que deba cumplirse, los Servicios de Gestión de Penas y Medias Alternativas de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, deberán atender al principio de flexibilidad que recoge el 6.2 del Real Decreto 840/2011, de 17 de junio, para compatibilizar, en la medida de lo posible, el normal desarrollo de las actividades diarias del penado con el cumplimiento de la pena impuesta y, en todo caso, de conformidad con las resoluciones judiciales.

Sexta. Derechos laborales o estatutarios en el desarrollo de la actividad

1.- La actividad que realice el penado no será retribuida.

2.- En ningún caso se derivarán obligaciones propias de un contrato laboral, o de carácter estatutario, como consecuencia de la actividad desarrollada por el penado con motivo del presente convenio, ni para la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias ni para el Ayuntamiento.

Séptima. Seguimiento y control del cumplimiento de la pena.

1.- Durante el cumplimiento de la condena el penado deberá seguir las instrucciones recibidas de la Autoridad Judicial competente y de los Servicios de Gestión de Penas y Medidas Alternativas de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias. En cuanto al desarrollo de las tareas a realizar, el penado deberá seguir las directrices de la unidad en la que preste su tarea, en el ámbito de actuación y competencias del Ayuntamiento.

2.- El Ayuntamiento informará a los Servicios de Gestión de Penas y Medidas Alternativas de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias de la actividad que vaya siendo desarrollada por el penado y de las incidencias relevantes que se produzcan en el desenvolvimiento del plan de ejecución, para que por dichos servicios se comunique lo oportuno a la Autoridad judicial competente.

En todo caso, deberá informarse de las siguientes incidencias:

a) Ausencias del trabajo o abandonos injustificados.

b) Rendimiento sensiblemente inferior al mínimo exigible.

c) Oposición o incumplimiento reiterado y manifiesto a las instrucciones del responsable de la ocupación.

d) Cuando su conducta sea tal que el responsable de la actividad se negara a mantenerle en la misma.

Igualmente, el Ayuntamiento deberá informar a los Servicios de Gestión de Penas y Medidas Alternativas de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias sobre la finalización del plan de ejecución.

Octava. Confidencialidad y protección de datos.

1. El Ayuntamiento se compromete a mantener en secreto todos los datos e informaciones facilitados por la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias y que sean concernientes a la

ejecución del objeto del presente convenio. En particular, será considerado como información confidencial todos los datos relativos al penado, debiendo el Ayuntamiento mantener dicha información en reserva y secreto y no revelarla de ninguna forma, en todo o en parte, a ninguna persona física o jurídica que no sea parte del presente convenio.

2. Las partes se obligan al cumplimiento de lo previsto en la normativa vigente en materia de protección de datos y, en concreto, a lo dispuesto en la Directiva (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativa a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales por parte de las autoridades competentes para fines de prevención, investigación, detección o enjuiciamiento de infracciones penales o de ejecución de sanciones penales, y a la libre circulación de dichos datos y por la que se deroga la Decisión Marco 2008/977/JAI del Consejo, y en la normativa nacional que la transponga.

A estos efectos, las entidades firmantes del convenio tendrán la consideración de responsables de los tratamientos propios en los que se incorporen datos de carácter personal respectivamente recabados en el ámbito del trabajo en beneficio de la comunidad. El acceso a los datos por parte de una de las entidades al tratamiento de la otra parte, se realizará con la condición de encargado de tratamiento, única y exclusivamente con la finalidad derivada de la realización de las actividades objeto del convenio. Los datos de carácter personal no serán cedidos ni comunicados a terceros, salvo cuando se cedan a encargados de tratamiento legitimados o cuando se cedan a otras Administraciones Públicas conforme a lo previsto legalmente.

3. En relación con los datos personales necesarios para el cumplimiento del objeto del presente convenio, actuarán como responsables del tratamiento la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias y el Ayuntamiento. Los datos objeto de tratamiento tendrán por finalidad la ejecución de sanciones penales, al amparo de la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal, introduce en nuestro sistema penal, y se clasificarán en las siguientes categorías: nombre y apellidos del penado, DNI y número de jornadas de condena a la pena de trabajo en beneficio de la comunidad.

4. Las partes firmantes están obligadas a implantar medidas técnicas y organizativas necesarias que garanticen la seguridad e integridad de los datos de carácter personal y eviten su alteración, pérdida, tratamiento o acceso no autorizado.

5. Las partes firmantes del convenio quedan exoneradas de cualquier responsabilidad que se pudiera generar por incumplimiento de las obligaciones anteriores efectuada por cualquiera otra parte. En caso de quebrantamiento de las obligaciones asumidas, la entidad que las hubiera cometido responderá de las infracciones en que hubiera incurrido.

Novena. Financiación del convenio.

El presente convenio no conlleva coste para ninguna de las partes que lo suscriben.

Décima. Comisión de Seguimiento.

1.- Se establece una Comisión de Seguimiento del presente convenio, constituida por dos representantes de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias y por dos representantes del Ayuntamiento que serán nombrados por el Secretario General de Instituciones Penitenciarias y por su Alcalde, respectivamente.

2.- Los miembros de esta comisión podrán ser sustituidos por las personas que éstos designen.

3. La presidencia de la Comisión de Seguimiento corresponderá a la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, así como la designación del secretario, que actuará con voz pero sin voto.

4. La Comisión de Seguimiento resolverá los problemas de interpretación y cumplimiento que se deriven del presente convenio.

5.- El funcionamiento de la Comisión de Seguimiento se adecuará en lo previsto, para los órganos colegiados, en los artículos 15 a 22 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

Undécima. Régimen de modificación del convenio.

El convenio podrá ser modificado por acuerdo unánime de la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias y del Ayuntamiento.

Duodécima. Legislación aplicable.

Este convenio queda sometido al régimen jurídico de los convenios previsto en el Capítulo VI del Título Preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, teniendo naturaleza administrativa.

Las dudas o controversias que surjan entre las partes sobre los efectos, interpretación, modificación o resolución del convenio que no puedan resolverse por conciliación en la Comisión de Seguimiento serán sometidas a los tribunales competentes de la jurisdicción contencioso-administrativa, de acuerdo con lo previsto en la Ley 29 /1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Decimotercera. Vigencia y entrada en vigor.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, el presente convenio resultará eficaz una vez sea inscrito en el Registro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de cooperación del Sector Público Estatal y tras su publicación en el Boletín Oficial del Estado.

La vigencia de este convenio será de cuatro años. Antes de la finalización de la vigencia del convenio, la Secretaría General de Instituciones Penitenciarias y el Ayuntamiento podrán acordar, expresamente y por escrito, su prórroga por otros cuatro años adicionales.

Decimocuarta. Causas de extinción.

Son causas de extinción del presente convenio las establecidas en el artículo 51 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre.

Las partes garantizarán la continuidad, hasta su conclusión, de aquellas actuaciones que se encuentren en ejecución en el momento de la resolución del convenio, estableciendo un plazo improrrogable para su finalización.

Y en prueba de conformidad de cuanto antecede, firman el presente convenio en dos ejemplares originales, igualmente válidos, en lugar y fecha arriba indicados

EL MINISTRO DEL INTERIOR

Por Delegación (apartado 9.2.3. de la Orden INT/985/2005, de 7 de abril)

EL SECRETARIO GENERAL DE INSTITUCIONES PENITENCIARIAS

Fdo.:

EL ALCALDE
DE TEO

Fdo.:

ANEXO I DATOS DEL AYUNTAMIENTO DE XXXXX

PERSONA DE CONTACTO					
CARGO					
TELÉFONO		**MÓVIL**		**FAX**	
E-MAIL					
DIRECCIÓN DE LA ENTIDAD					
PROVINCIA					
LOCALIDAD			**C.POSTAL**		

ANEXO II OFERTA DE PLAZAS

ANEXO DE PLAZAS							
DATOS DE LA PLAZA							
TIPO DE ACTIVIDAD							
NÚMERO DE PLAZAS							
CARACTERÍSTICAS							
JORNADA DE			**PERIODICIDAD**		**HORARIO**		
*** (1)**	**Mañana**		**De lunes a viernes**				
	Tarde		**Fines de semana**				
	Noche		**Toda la semana**				
ESTUDIOS							
*** (2)**	**Ninguno**				**Diplomado Universitario o equivalente**		
	Estudios Primarios				**Licenciado Universitario o equivalente**		
	Educación Secundaria o equivalente				**Idiomas**		
OBSERVACIONES Y DATOS COMPLEMENTARIOS							
DATOS DE CONTACTO DE LA PLAZA							
NOMBRE / CARGO DEL RESPONSABLE							
TELÉFONO		**MÓVIL**		**FAX**			
E-MAIL							
DATOS DE UBICACIÓN							
PROVINCIA		**LOCALIDAD**					
C. POSTAL							

(1) Una jornada, una plaza. Jornada de mañana y tarde dará lugar a dos anexos distintos.

(2) Marcar el nivel mínimo requerido o "Ninguno" si no se requiere especial cualificación

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de

novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O concelleiro/a do BNG, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández sinala que a estrada que vai do Sisto a Augas Mansas xa parece case unha estrada do Sarajebo dos anos 90, polo que sería preciso que polo menos se bacheara, porque xusto no medio hai varios baches e é perigoso.

2.- Sinala o sr. Fernández que esta semana volveron a un tema, co que levan varios anos, que é o relativo ao colector Espasande-Insúa e a senda peonil, tal e como se está executando. Explica que a raíz dunha chamada dos veciños e dunha visita alí á senda viu claramente o que lle contaban, que era que se soterraba coa senda unha canle de pedra que era a que levaba auga polo menos a un dos muíños. Explica que mirou o PXOM e viu que están mal ubicados e sinala que, tendo en conta que o proxecto inicial tiña un informe de patrimonio, nese momento a dúbida que lles xurdiu foi se ese informe se baseaba no PXOM ou na ubicación dos muíños.

O sr. alcalde sinala que entende que o informe de patrimonio o fai patrimonio polo que terán que ser eles os que digan en base a que o fai, engadindo que no informe se falaba dos muíños porque é unha realidade existente que hai que protexer.

O sr. Fernández sinala que a canle non estaba localizada, como ben tamén a protexer, no sentido de que forma parte do muíño, xa que se necesita ter a canle para poder facer unha recuperación parecida á orixinal. Ao ver tal e como está executa a obra, están os muíños, ademais son privados, porén a canle non está, está tapada.

O sr. alcalde sinala que está igual que estaba.

Entende o sr. Fernández que está tapada e que está protexida tal e como está tapada, porén se mañá se quere recuperar a canle pregunta qué se fai, se se levanta a senda.

O sr. alcalde sinala que a canle estaba tapada de toda a vida. Lembra que ese proxecto sufriu unha modificación porque o que se plantexaba, por un proxecto defectuoso, se chegou alí e se encontrou a parede de pedra que vai paralela a toda canle do muíño dos Cornidos, que é ese, esa foi a causa casa de modificación do proxecto, porque para seguir o colector por ese lado había que destrozar a canle e incluso deixar tocada a parede de pedra toda na que se sustenta. A partir de aí fíxose a modificación e esta consiste en cruzar o colector para o outro lado, onde non hai ningún elemento patrimonial, polo tanto o modificado do proxecto tampouco ten moita valoración posible, patrimonialmente, porque o que se fai é escapar dos elementos patrimoniais en si.

Recoñece o sr. alcalde que o proxecto tiña certas deficiencias iniciais porque se na senda, como sería o lóxico, se descubre totalmente esa canle, que sería moi bonito, quedan escasamente 50 ou 60 centímetros para poder pasar cara diante, por iso non se descubriu. Ademais é un punto onde a senda tería que levar un barandilla, porque ten unha certa altura cara abaixo, e a única forma de facer iso e poder dotar a senda deses dous elementos básicos, como son a barandilla e descubrir a canle para darlle o seu valor patrimonial, e facer unha estrutura autoportante, abaixo, de madeira, cun ancho suficiente para poder deixar o espazo da canle libre.

Salienta o sr. alcalde que non renuncian a facer iso, porque hai que facelo, e debería ser unha cousa que se non son capaces de facela este ano o vindeiro ano debería facerse si ou si, engadindo que tal e como estaba plantexado e licitado, non tiña cabida no proxecto inicial.

Sinala o sr. alcalde que a canle está aí, é destapable, e se debería facer o antes posible e remata a súa intervención sinalando que o problema é a estrutura portante para poder continuar a senda.

O sr. Fernández sinala que a canle non estaba identificada inicialmente, no proxecto inicial, e pregunta se patrimonio xa informa tendo en conta a canle, engadindo que xa sabe que este proxecto non estaba feito polos técnicos do concello.

O sr. alcalde sinala que hai unha cuestión de fondo que é que os bens patrimoniais, tipo muíños, están moi pouco traballados. No PXOM xa se ve a desfeita na catalogación xa que se pasou dos muíños amplamente, como aconteceu en moitos outros sitios. A catalogación do propio muíño leva inherente a catalogación de todos os elementos que son necesarios para que funcione.

Explica o sr. alcalde que o primeiro muíño que hai, que é o muíño das muiñeiras, ten unha canle de pedra que vai a longo de todo a senda, polo que é o mesmo caso, e non hai unha actuación directa nin sobre o muíño ou sobre a canle, o certo que o muíño pasa por enriba da canle, pero non se alterou nada para pasar por enriba da canle, senón que era o sitio normal. Se se destapa a canle, nese punto, haberá que poñer no sitio do cruce, unha superficie de vidro ancho para que tamén chegado o caso se poida facilitar o seu uso, porque aínda que a recuperación está moi ben como observación, porén tamén como posible recuperación de uso, ademais este ten unha entrada de auga moi importante.

Sinala o sr. alcalde que tal e como estaba inicialmente era imposible saber que alí había unha canle ata que se cortou toda a vexetación.

Considera que é algo que se debe facer como concello, facer unha ficha concreta de todos os muíños de todos os lavadoiros, para ver cales teñen un mínimo valor ou a cales se lles pode sacar o tellado feito.

O sr. Fernández sinala que sería unha boa iniciativa e un bo proxecto de cara ao futuro, aínda que haberá que ir pouco a pouco, porque ten o seu traballo. Sinala que en ocasións máis que os lavadoiros son as fontes, como se ten falado no Pleno.

O sr. Fernández remata a súa intervención sinalando que queda máis tranquilo sabendo que a intención é destapar a canle e facer unha estrutura, porque se trata dun

atractivo para que a xente o poida visitar, porque se trata de patrimonio e se debe tentar recuperar o máximo posible.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Explica o sr. Guerra que se fala de muíños e de fontes e que catalogalos está ben, pero rehabilitalos tamén.

2.- Sinala o sr. Guerra que en Casal do Miro e Augas Mansas existe un cable de alumeado atado a una sinal que é perigoso.

3.- O sr. Guerra sinala que en Insúa, no número 32, está invadido de auga, e hai uns charcos impresionantes.

4.- O sr. Guerra sinala que os veciños piden a restauración da estrada de Insúa.

5.- O sr. Guerra sinala que en Campos había un espello que o roubaron os amigos do alleo e os veciños piden que se volva a colocar.

6.- Sinala o sr. Guerra, tratándose das vallas publicitarias que hai subindo Montouto, que habería de mirar que cando saquen os papeis e poñan outros que teñan a ben levalos ao contedor.

7.- O sr. Guerra refírese ao retellado do teleclub de Bamonde e a necesidade de arranxalo, engadindo que se trata simplemente de sete tellas, que é importante porque lles chove no sotano.

8.- O sr. Guerra di que os veciños de Nespereira lle preguntan cando se lles reparará a estrada que ven da zoa norte, que entra para a aldea, porque está nun estado lamentable.

9.- Sinala o sr. Guerra que en Cachóns, por culpa do temporal, caeron uns algarrobos, e hai uns cables de telefónica que chegan practicamente ao chan, e aínda que os de Protección Civil colgáronlle alí uns plásticos indicando o obstáculo, unha furgoneta non pode pasar. Solicita o sr. Guerra que se medie con Telefónica.

10.- Sinala o sr. Guerra que a xente pide que se limpe a fonte do Piro.

O sr. alcalde sinala que os veciños están intentando cedela e meterlle auga da traída.

11.- O sr. Guerra sinala que a estrada de Sebe á Pedra está nun estado deplorable.

12.- O sr. Guerra sinala que hai unha furgoneta en Casalonga que leva meses e haberá que pasar a recollela ou darlle unha solución porque aquilo da moi mal aspecto.

13.- Sinala o sr. Guerra que a estrada de Santa Marta ten uns socabóns, peores aos que dixo o sr. Fernández, e non hai por onde pasar.

A sra. Lemus sinala eu está no último POS.

14.- O sr. Guerra refírese á estrada de Oza, respecto da que fai un ano se aprobou unha moción, e pregunta se houbo algunha resposta da Deputación, engadindo que é unha estrada que está igual que hai douscentos anos, está obsoleta e é estreita.

O sr. alcalde di que todos son conscientes diso porén a Deputación establece as súas prioridades de investimentos, estando pendentes de execución a obra de Cacheiras, que se vai a volver a licitar polo problema xurdido en maio, están redactando o proxecto de ampliación dende Aido a Luou, e entenden que despois irá esa.

O sr. Guerra pide que polo menos se asfalte.

O sr. alcalde sinala que cos cartos que gastan en asfaltar xa poderían ter feito cinco proxectos.

15.- A sra. Vázquez, dirixíndose ao sr. Elías, sinala que ao igual que o problema que xurdiu en Xermeade e que se solventou, se podería facer o mesmo na estrada que vai para Padrón, Pazos, e ao interior de Reis, por onde desbordou o río nesta ultima enchenta.

A sra. Lemus di que é verdade que está moi mal porén hai moi mal inverno e habería que esperar un pouco.

A sra. Vázquez di que, entendendo o da espera, quizais podería ir algún operario a quitar a grava porque son unhas pedras bastante grandes.

16.- A sra. Vázquez sinala que os pais do colexio da Ramallosa lle mandaron unha foto do patio, que se inundou por dentro, onde están os nenos, e supoñen que debe existir algo atascado na taxea porque nunca o viron así.

17.- Sinala a sra. Vázquez que os profesores da Ramallosa piden se se pode poñer iluminación dentro no patio porque non hai ningún tipo de foco entre un edificio e outro e realmente polas tardes non se ve.

18.- Sinala a sra. Vázquez que as profesoras tamén estaban pendentes de que se puxeran dous bancos no patio, que xa o pediron na lexislatura anterior e que naquel momento se lles dixera que nese momento non se podía.

19.- Sinala que tamén lle comentaron un par de cousas que queren facer a longo prazo e que as pasara por escrito, porque non é para xa pero si que vai ligado a un proxecto que eles queren investir no colexio e queren a colaboración do Concello.

O sr. alcalde sinala que debería establecerse un criterio de actuación con respecto ás demandas dos colexios, porque o lóxico é que quen faga a petición sexa o colexio,

establecéndose unha canle sistemática de forma que polo menos a dirección teña coñecemento.

A sra. Vázquez sinala que o di porque se lle nomeou representante da Corporación nese colexio.

O sr. alcalde pide desculpas sinalando que agora o entende.

A sra. Vázquez sinala que ela quedou en comunicalo e que logo xa se vería como xestionar o tema.

Aclara que, tratándose das asistencias, xa se quedou con Secretaría que xa ela comunicaría por rexistro as asistencias aos Consellos Escolares.

O sr. Fernández sinala que el tamén forma parte do Consello Escolar do CRA, en representación da Corporación municipal, e quedou a propia directora en comunicar as asistencias.

20.- A sra. Nariño, dirixíndose ao sr. alcalde, dille que xa conseguiu saber cal era a empresa da que falaron a consecuencia das obras que estaban a facer. Sinala que se trata de Elecnor, una empresa de electricidade, e supón que será porque se está habilitando algunha vivenda na zoa e non sabe se agora se podería aproveitar. Pregunta ao sr. alcalde se tivo algunha resposta.

Dirixíndose á sra. Lemus, o sr. alcalde dille que se trata do tubo da ponte que comentaran.

A sra. Nariño sinala que agora están pola zoa da Riveira, entendendo que é o do investimento de Antega, que se supón que so chega ata Raxó.

A sra. Lemus di que efectivamente se trata do tema de Antega, engadindo que para a semana teñen unha reunión con eles aínda que son bastante reticentes para este tipo

de melloras, e así non fixeron caso a ningunha das propostas, aínda que ela as pasa, porén con pouco éxito.

A sra. Nariño di que é unha pena non senso de que os propios electricistas dicían que era unha aberración.

A sra. Lemus sinala que onte colocaron os postes no medio da senda, na Ribeira, cando estaban retranqueados, e era porque eles pensan que estaban mellor alí, no medio da senda. Sinala a sra. Lemus que a veces non se valora a normalidade que tería este tipo de obras e o que fan este tipo de empresas que lles interesa colocar postes canto antes. As ordes dende arriba suelen ser bastante confusas ou como mínimo un pouco equivocadas.

21.- Refírese a sra. Nariño ao parque de Penelas e di que quere incidir no tema, porque todo segue igual.

O sr. Elias di que o outro día foron a comprobar se lle pasaba o camión ao campo da festa e, como parece ser que non hai problema, agora se vai a poñer a malla e as porterías, que serán novas, porque as outras non se sabe onde van. Sinala que, despois de falar con el e unha vez arranxado o problema da asociación, van a meter un escrito estes días e cree que tamén van a pedir unha fonte.

22.- A sra. Castro sinala que dende os concesionario de Toyota e Seat, en Reborido, lle preguntan sobre a posibilidade de colocar dous espellos de visibilidade porque como os coches aparcan á marxe dos concesionarios teñen que sacar case todo o coche ao carril, porque non teñen visibilidade ningunha.

A sra. Lemus di que é da nacional, polo que se terán que facer as xestións oportunas.

23.- A sra. Castro solicita o a arranxo duns baches na rúa da fonte, en Balcaide, que ten as pedras todas soltas por alí.

24.- A sra. Calvo sinala que os veciños da urbanización Montouto din que a rúa Rosalía está chea de silvas, engadindo que ela cree que é de Santiago. Sinala que hai que limpalo porque cando saen dos vehículos enganchan na silva e poderá ademais traer problemas de salubridade. Sinala que se non é de Teo haberá que instar ao Concello de Santiago.

O sr. Elías sinala que se trata dun problema de sempre, do límite con Santiago, e aínda por enriba se colocou unha alambrada que impide meter o brazo do tractor, que permitiría nun momento dado apañar un pouco.

Sinala que en setembro falou co concelleiro de Santiago e agora están intentando localizar aos propietarios, para ver si conseguen que a limpen. Explica que está Javier Fernández co tema, porque cree que non entra na franxa de seguridade, e está buscando os herdeiros para ver se o limpan, porque se se manda a Medio Ambiente se vai a tardar moito en darlle unha solución, por iso se lle está dando voltas a ver se se consigue limpalo.

Sinala o sr. Elías que a solución non é sinxela, máxime se se ten en conta que parece ser que é propiedade dunha persoa maior que parece que está tutelada, porén estase co tema.

Considera a sra. Calvo que o benestar dos veciños é o importante.

O sr. Elías di estar totalmente de acordo.

25.- A sra. Calvo refírese á reubicación da parada de taxis e sinala que a sra. Otero no último Pleno se comprometeu a facer as xestións oportunas. Sinala que a fin de semana saíu nos medios de comunicación unha reportaxe onde se falaba da perigosidade do tema. Quere saber a sra. Calvo que xestións se fixeron ata o de agora.

A sra. Otero sinala que primeiro intentouse valorar cales eran as alternativa que había enfronte e a única posibilidade, sen quitar terreo privado, sería diante da marquesina

do bus, e requiriu á Policía local un informe sobre seguridade viaria, estando á espera do mesmo.

A sra. Calvo di que entón está en marcha.

A sra. Otero sinala que se pediu un estudo de seguridade do outro lado, e en función do que diga o mesmo se verá se é factible cambiala ou non.

A sra. Calvo sinala que, dada a perigosidade que existe, haberá que buscar unha reubicación.

A sra. Otero sinala que a perigosidade do lado no que está, non está xustificada.

O sr. alcalde pregunta porque consideran que é perigoso.

A sra. Calvo sinala que houbo accidentes.

O sr. alcalde di que ten serias dúbidas de que a maioría da poboación que vive do lado de alá teña que cruzar ao outro lado para coller un taxi.

A sra. Calvo sinala que hai paso de peóns e un semáforo e os taxistas non teñen visibilidade e os coches por alí pasan moi rápido, e ademais o que se dixo noutro Pleno é que os noventa por cento das viaxes son cara a Santiago e así os usuarios están pagando un euro máis, simplemente porque está ubicada aí.

O sr. alcalde sinala que habería que imaxinarse que, se chove, teñen que cruzar o outro lado.

A sra. Otero sinala que está esperando iso, que lle digan que pasa se todo ese fluxo de xente pasa polo paso de peóns cara á parada de taxi e, tendo en conta que aí hai tamén hai unha parada de autobús, saber se é compatible que estean os taxis, a entrada e saída do supermercado e ou autobús na mesma marxe. Considera que

haberá que valoralo, engadindo que ela ve que onde está a parada ten bastantes menos inconvenientes que onde a queren poñer eles.

A sra. Calvo sinala que iso lle parece correctísimo, engadindo que o que debe primar é a seguridade.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.02.20 19:27:20 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.02.20 19:04:02 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 2/2020

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 26 DE FEBREIRO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a vinte e seis de febreiro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asisten, previa escusa:

D.ª María Josefa Argibay da Silva e D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 29.01.2020

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 55/2020 á 182/2020)

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 4º TRIMESTRE 2019.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA GRELA-LAMPAI

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO 8 DE MARZO

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONdeTEO E PSeG-PSOE SOBRE O APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS EN TORNO AO 8 DE MARZO

7.- MOCIÓNS

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto. O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PSdeG-PSOE, D.ª María Josefa Argibay da Silva , e da concelleira do BNG, D.ª Carmen Diéguez González, aclarando que non puideron asistir ao Pleno por diferentes razóns, pasándose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 29.01.2020.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres./as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xaneiro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 55/2020 á 182/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 24 de xaneiro ata o 20 de febreiro de 2020, que comprenden os números 55 ao 182, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 4º TRIMESTRE 2019.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesouraría e Intervención, de 3 de febreiro de 2020, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do 4º trimestre de 2019, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA GRELA-LAMPAI.

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de febreiro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 20 de febreiro de 2020.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Tramitado o expediente de desafectación de camiño público na Grela-Lampai, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"***Primeiro***.- *Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 62 da concentración*

parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 62 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m^2, segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimonial.



***Segundo*.-** *Recepcionar o camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmoble desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.*

***Terceiro*.-** *Iniciar os trámites previos ao expediente de permuta do camiño desafectado polo ben inmoble propiedade de D. Julio Rodríguez Bustelo, que será tramitado polo órgano competente.*

***Cuarto*.-** *Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.*

Quinto*.-Facultar ao alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a execución do acordado".*

Á vista de que na tramitación posterior do expediente se detectou un erro material, consistente na numeración da finca que é atravesada polo camiño que se pretende desafectar, sendo a parcela a número 162 da concentración parcelaria de Lampai, e non a número 62 como se menciona no expediente.

En virtude do exposto e segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material detectado no expediente de desafectación dun camiño público na Grela-Lampai, quedando o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 26 de xaneiro de 2020, redactado segundo se detalla a continuación:

"Primeiro.-*Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 162 da concentración parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 162 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m^2, segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimonial.*

Segundo.- *Recepcionar o camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmoble desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.*



***Terceiro*.-** *Iniciar os trámites previos ao expediente de permuta do camiño desafectado polo ben inmoble propiedade de D. Julio Rodríguez Bustelo, que será tramitado polo órgano competente.*

***Cuarto*.-** *Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.*

Quinto*.-Facultar ao alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a execución do acordado".*

SEGUNDO.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes".

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as dos diferentes grupos non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

<u>PRIMEIRO</u>.- Corrixir o erro material detectado no expediente de desafectación dun camiño público na Grela-Lampai, quedando o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 26 de xaneiro de 2020, redactado segundo se detalla a continuación:

"<u>Primeiro</u>.-*Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 162 da concentración parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 162 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m^2, segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimonial.*

***<u>Segundo</u>.-** Recepcionar o camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmoble desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.*



***<u>Terceiro</u>.-** Iniciar os trámites previos ao expediente de permuta do camiño desafectado polo ben inmoble propiedade de D. Julio Rodríguez Bustelo, que será tramitado polo órgano competente.*

Cuarto.- *Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.*

Quinto.- *Facultar ao alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a execución do acordado".*

SEGUNDO.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO 8 DE MARZO.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 14 de febreiro de 2020 (rex. entrada nº 988, de 14/02/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 20 de febreiro de 2020.

"**O GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno, relativa ao 8 de marzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica.

Baixo o lema "Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado" están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo.

Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en

moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros. Así mesmo, sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.

Así mesmo, as galegas sufriron o deterioro dos servizos públicos básicos durante a recesión económica e as medidas tomadas polo Partido Popular. Tamén hai que ter en conta as repercusións para Galiza dun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta de Galiza como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, teñen derivado no infrafinanciamento de moitos servizos públicos. Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das persoas que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada que lle regala a vixencia do sistema patriarcal. Cómpre lembrar, por exemplo, que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e

social a contribución do traballo invisible dos coida-dos como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Por estes motivos, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coida-dos e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Produción Doméstica.

2.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3. Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a

Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras".

Sinala o sr. Fernández que no contexto desta moción tamén procede mencionar ás traballadores das escolas infantís do Concello, e ás queixas destas en relación co que elas pensan que é discriminatorio, porque non se lles permite conciliar.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

O portavoz do PP, sr. Guerra, quen non fai uso da súa quenda de intervención.

A portavoz de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apoio do seu grupo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1.- Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coida-dos e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Produción

Doméstica.

2.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONdeTEO E PSeG-PSOE SOBRE O APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS EN TORNO AO 8 DE MARZO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, D.ª Iria Otero Romero.

A sra. Otero da conta da moción conxunta de Son de Teo e PSdeG-PSOE, de 14 de febreiro de 2020 (rex. entrada nº 9009, de 14/02/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 20 de febreiro de 2020.

"MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONdeTEO e PSdG-PSOE SOBRE O APOIO AS MOBILIZACIÓNS EN TORNO AO 8 DE MARZO

Exposición de motivos

O 8 de marzo, ten a súa orixe na reinvindicación dos dereitos laborais femininos no ano 1908, que rematou co asasinato de 146 traballadoras do téxtil por pedir salarios dignos. Esa data convertiuse no Día Internacional das Mulleres para denunciar a situación de desigualdade das mulleres na sociedade e instar á sociedade e traballar por acadar a igualdade real.

As desigualdades no funcionamento do sistema social, económico, laboral e político que padecemos as mulleres son a causa das violencias que sufrimos.

Lonxe deste obxectivo, de querer acadar a igualdade real e erradicación das violencias contra as mulleres, está a supresión de políticas garantistas para as mulleres en aras da eficiencia económica ou o cuestionamento dos dereitos reprodutivos das mulleres.

Os intentos de dar pasos atrás collen dimensión real co intento de peche do paridoiro de Verín, non so se trata dun intento de desmantelamento do sistema sanitario público, tamén é un atentado contra os dereitos das mulleres.

Este retroceso político na defensa do territorio gañado para a igualdade non se pode concibir en pleno ano 2020.

Ante isto, preséntase un escenario de resistencia para non perder o ganado e continuar para acabar coa discriminación entre mulleres e homes. A necesidade de mobilizarse polo 8 M é real.

O ano pasado a folga feminista tivo unha repercusión e un seguimento masivo na sociedade galega e de todo o Estado. Sen embargo, este ano, ao decidirse como eixo principal de reivindicación os coidados, a maioría dos países decidiron convocar mobilizacións e non empregar a ferramenta de folga porque esta pode dificultar a visibilización da importancia dos coidados.

Por todo elo propoñemos ao Pleno os seguintes ACORDOS:

1.- Apoiar as mobilizacións e accións que convoca o movemento feminista para este 8 de marzo.

2.- O Concello comprométese a visibilizar esta data cun acto institucional e facilitando os medios de difusión dispoñibles para dar a coñecer os principais actos da xornada en torno ao 8 de marzo.

3.- Colocar a bandeira feminista na casa do concello de Teo, e unha pancarta no balcón do Concello, como apoio as demandas das organización de mulleres".

Preguntado polo sr. alcalde os/as concelleiros/as dos diferente grupos non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:
1.- Apoiar as mobilizacións e accións que convoca o movemento feminista para este 8 de marzo.

2.- O Concello comprométese a visibilizar esta data cun acto institucional e facilitando os medios de difusión dispoñibles para dar a coñecer os principais actos da xornada en torno ao 8 de marzo.

3.- Colocar a bandeira feminista na casa do concello de Teo, e unha pancarta no balcón do Concello, como apoio as demandas das organización de mulleres.

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia.

Intervén a concelleira do PP, sra. Nariño, e sinala que o seu grupo ten dúas mocións.

As mocións, do 26 de febreiro, refírense ao 8 de marzo e á defensa das reclamacións veciñais respecto da adopción urxente de medidas de seguridade cidadá no Concello de Teo.

O sr. alcalde sinala que, tratándose da moción de seguridade veciñal, case é mellor que a secretaria explique cal é a situación porque é reincidente respecto doutra situación que se produciu.

Interveño eu, secretaria da Corporación, para sinalar que, tal e como xa se puxo de manifesto noutras ocasións, é importante que cando se propón un acordo, sexa o que sexa, os/as concelleiros/as saiban cal é o contido do acordo que se propón. Neste caso o acordo proposto refírese a "*apoiar as demandas en materia de seguridade da veciñanza teense das zonas afectadas polos roubos en vivendas…*" sen que se concrete cales son esas medidas.

A concelleira do PP, sra. Nariño, sinala que lle darán unha volta e plantexaran a moción para o vindeiro Pleno.

A continuación procédese a tratar a moción relativa ao 8 de marzo.

Sinala o sr. alcalde que, dando por feito que neste caso a urxencia está relacionada coa data do 8 de marzo, vaise proceder a votar a urxencia da moción.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do PP con motivo do 8 de marzo.

Intervén a sra. Vázquez, e sinala que neste tema sería bo que en anos sucesivos se sentaron todos os grupos porque é un tema no que quizais se pode sacar algún tipo de moción conxunta.

A sra. Vázquez da conta da moción do seu grupo de 27 de febreiro de 2020 que se recolle a continuación.

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR
CON MOTIVO DO 8 DE MARZO

O Grupo Municipal Popular no concello de Teo con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de ***MOCIÓN:***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable impulsa o compromiso da comunidade internacional a través do Obxectivo 5 para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todalas mulleres e nenas.

A igualdade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable.

A nosa sociedade segue tendo que facer fronte a retos fundamentais para alcanzar a igualdade real e efectiva. No noso país, a pesar da igualdade recoñecida na Constitución e no noso ordenamento xurídico, e dos significativos progresos feitos nos últimos anos, a desigualdade entre mulleres e homes persiste.

Dúas das metas que se recollen no Obxectivo 5 da Axenda 2030 son:

. POLITICAS E LEIS PARA A IGUALDADE E O EMPODERAMENTO:

Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de tódalas mulleres e as nenas a todos os niveis.

. USO DE TECNOLOXIA E ACCESO A TECNOLOXIAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN: Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento da muller.

Algúns dos datos a nivel estatal.

. O 58% do paro rexistrado en España corresponde ás mulleres;

. A diferenza salarial media entre home e mulleres en España é de 5.941€;

. En España, o 75% das persoas con traballo a tempo parcial son mulleres;

. As mulleres en España destinan máis do dobre do tempo que os homes a tarefas vinculadas co fogar e a familia;

. Tan só un 28% das mulleres españolas realizan unha carreira tecnolóxica e un 7% enxeñerías.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Teo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar ao Goberno do Estado a:

. Aprobar o novo Plan Estratéxico de lgualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.

. Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneraç¡ón por razón de sexo.

. lmpulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

. Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos. impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM

. Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.

2. lnstar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

. Dentro das competencias da Comunidad Autonóma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico,cultural, deportivo, etc...).

. Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.

. Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

3. Instar ao concello de Teo a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo, na ciencia e na tecnoloxía.

En Teo, a 26 de febreiro de 2020"

O sr. alcalde sinala que sería conveniente matizar na proposta de acordo que, ao igual que nos puntos 1 e 2 se fai referencia a instar ao goberno do Estado e da Xunta de Galicia, no punto 3 tamén se debería referir a instar ao goberno do Concello de Teo.

Os/as concelleiros/as amosan a súa conformidade ao efecto.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que, antes de entrar na moción, quería sinalar que non sabe o porque da abstención do PP nas dúas mocións anteriores. Sinala que se lee a moción presentada polo PP, non ten problema pero descoñece as razóns da abstención dese grupo, nomeadamente na do BNG, que foi a que el defendeu.

Sinala o sr. Fernández que non sabe se o PP ten algo en contra do lema "sen coidados non hai vida, mudando o sistema, derrubando o patriarcado" ou se teñen algún problema con que se sitúen os coidados no centro do debate ou se teñen algo en contra da fenda salarial ou se non a recoñecen, de máis de 4000 euros no salarios, e de en torno a 400 euros nas pensións, ou se discrepan con que o traballo doméstico das mulleres representaría case un 51% do PIB galego, ou se teñen algo en contra de recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado neste 2020 en relación cos coidados no fogar.

Sinala o sr. Fernández que non sabe se os/as concelleiros/as do PP teñen algo en contra o algo que dicir con respecto a dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza, ou se teñen algún reparo de

facer un estudo coa universidade do reparto do tempo nos fogares galegos, ou se será tamén por iniciar a elaboración dun plan de dignificación e visibilización dos coidados, é dicir, do traballo da muller no fogar.

Di o sr. Fernández que non sabe se teñen algo que dicir ou algún reparo á demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á dependencia para garantir a súa prestación universal, ou se teñen algo que dicir, que pode ser iso, dos moitos recortes no servizos públicos aplicados polo Partido Popular e que redundan en que sexa a muller a que teña que facerse cargo deses coidados no fogar

Remata o sr. Fernández reiterando que lle gustaría saber antes de nada cales son os reparos do PP en relación cas mocións anteriores e nomeadamente a do BNG.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que o bo de internet é que se pode mirar de onde se sacan estes datos a nivel estatal, e casualmente é da páxina do goberno de España sobre a axenda 2030.

Sinala que é unha pena que nas mocións de urxencia non se poidan facer emendas, porque meten cinco datos e, casualidades, entende que por cousas do corte e pega, esquecen o dato relativo a que dende o 2003, que se computan os asasinatos por violencia de xénero, 973 mulleres foron asasinadas en España polas súa parellas ou exparellas. Opina a sra. Lemus que resulta curioso que se collan todos os datos así, porén os datos da violencia de xénero parece que non deben interesar ao PP.

A sra. Lemus reitera que lle molesta que non meteran ese dato, porque é casualidade que collan todos os demais e ese non, como se non existira un problema ultimamente coa violencia xénero.

Di a sra. Lemus que lle chama a atención esta moción, engadindo que polo parte que lles toca de goberno procurarán para próximos anos intentar chegar a acordos conxuntos. Sinala que se ten falado con outras mocións e con outras proposta, e así

coas proposta que se levan a comisión, incluso con negociación, chegouse a unha moción conxunta, como aconteceu nalgún caso.

Sinala que discrepa co portavoz do BNG e non sinte non ter unha moción conxunta, aínda que si que sinte as formas. Considera que cada un é dono das súas palabra e chama a atención que parece como se fora un demérito de todas as forzas políticas, que cada unha presenta a súa moción, incluso, tendo en conta que o 8 de marzo non é unha data nova, non sendo polo tanto necesario chegar a este punto da urxencia.

Di a sra. Lemus que en todo caso estaría encantada de saber as razóns da abstención do PP nas dúas mocións anteriores, sobre todo porque non lle atopa ningunha discrepancia maior coa proposta do PP.

Considera a sra. Lemus que cando un se abstén ou vota en contra é por algunha circunstancia e deberá existir algún argumentario e agradecería que o PP o amosara agora.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. Otero, quen reitera que se non houbo negociación ou unha achega conxunta é porque sempre se absteñen en determinado tipo de mocións, polo que a valoración é a de presentar unha moción e se non se da o apoio entenden que existe algunha razón para non apoiala.

Salienta que tamén existen matices políticos que tampouco permiten chegar, negociando, a un moción conxunta, e tamén teñen que defender determinadas cuestións que quizais doutro xeito non se podería.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, quen sinala que non votaron en contra da moción do BNG, senón que se abstiveron, e están no seu dereito. Entende que existen determinadas desigualdades de ideoloxías que posiblemente non van a concordar.

Sinala que a moción do seu grupo vai un pouco na liña *light,* sen querer atacar, tocando a todas a Administracións, sexan da cor que sexan.

Salienta a sra. Vázquez que non van a estar nunca en contra de políticas que poidan mellorar a igualdade entre homes e mulleres, engadindo que sinte que o dato que sinala a sra. Lemus non estea, estando esta concelleira no seu dereito de reclamalo.

Sinala que á sra. Lemus quizais non lle gustaron as formas de que se trouxera por urxencia, porén as formas nas que dixo o dato tamén foron a tirar, estando no seu dereito, formando parte do xogo político.

Salienta a sra. Vázquez que queren deixar claro que o PP en todo momento se opón á violencia de xénero e a acusación foi un pouco a deixar caer. Sinala que se os demais grupos non queren apoiar a moción do PP, que non a apoien ou se absteñan, non existindo máis razóns.

Explica a sra. Vázquez que traen a moción porque creen que tocan puntos que poden ser interesantes para todos e para a igualdade de xénero, dado o día que é.

Sinala que posiblemente poderían ter apoiado a moción do equipo de goberno, porén quizás tamén hai algún punto no que non están de acordo, como é o da colocación das bandeiras, ao existir unha liña dubidosa de se se poden colocar ou no, porén en contra tampouco van a ir porque hai cousas que hai que apoiar. Salienta a sra. Vázquez que é un día de reinvindicacións e coa súa moción o que tratan é que dende Teo se poida instar a outras Administracións para seguir avanzando na mellora da igualdade de xénero e na defensa da muller, xa que todos creen que segue existindo unha brecha.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que a do 8 de marzo ou o 10 de marzo, ou outras moitas datas que hai no calendario, se están convertendo en rituais e non debe ser iso senón que debe ser algo máis, e para o BNG o é. Sinala que por iso a moción do BNG colle os argumentos das feministas galegas, e se pon no centro do debate o que elas consideran que este ano debe estar no centro do debate, como son os coidados e o traballo doméstico, porque se trata de algo que hai que recoñecer, e non so o 8 de marzo, senón recoñecelo na

práctica, tomando medidas como as que se recollen no acordo da moción, que son todas elas factibles e se poden levar adiante, tendo incluso algunha delas normativa aprobada, que non é do BNG.

Sinala o sr. Fernández que cando se fala de mocións conxuntas, o que lle parece, polo menos por respecto á xente que lles vota, é que hai que evitar entrar e caer en farsas. Sinala que cando se chega a mocións conxuntas moitas veces o que se fai é poñer un punto ou dous, os típicos, unha cousa simple que a todos lles pareza ben, porén cada un ten que deixar a un lado todo aquilo que defende cando se presenta a unhas eleccións ou cando se fai política en Teo ou en calquera das institucións nas que estean representados e nos gobernos nos que teñan responsabilidade.

Explica que con estas mocións se reflicte unha realidade é que segue existindo unha situación de desigualdade. Sinala que cando se fai referencia ao xogo político, non se trata de que un di que si e outro di que non e, en todo caso, se se lle quere chamar así pode ser que uns poidan dicir que si e outros que non, porén detrás debe existir un argumento, por iso dicía que descoñece o argumento para a abstención da moción do PP. Reitera que el está intentando argumentar, pero non escoitou os argumentos do Partido Popular que lles levan a absterse na moción do BNG.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que aproveita para dicir, en relación ao punto 3, que xa é un traballo que ven de anos atrás, de ter unha exposición dos premios Maria Josefa Wonenburger, que se vai a repetir este ano, durante os meses de marzo e abril, na piscina municipal.

Explica que tamén dentro dos actos do 8 de marzo, o día anterior, o 7 de marzo, vai a ser a presentación dun proxecto que se viu levando a cabo tempo atrás, que foi a recollida de fotografías de mulleres de Teo na súa faceta laboral. Explica que se intentou recoller unha pequena mostra, esperando que ese traballo se poida seguir profundizando.

Sinala a sra. Otero que haberá unha mesa redonda, con algunhas mulleres, e que o exemplo foi collido dos homenaxes que se fixeron ás costureiras e ás leiteiras do Concello, e nesa liña van a ser os actos deste ano.

O sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación a moción do PP, tendo en conta que no punto 3 vai esa referencia a "instar ao goberno do Concello de Teo", en vez de "instar ao Concello de Teo", para aclarar a situación.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

1. Instar ao Goberno do Estado a:

. Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.

. Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneraç¡ón por razón de sexo.

. Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

. Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos. impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM

. Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

. Dentro das competencias da Comunidad Autonóma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico,cultural, deportivo, etc...).

. Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.

. Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

3. Instar ao goberno do Concello de Teo a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo, na ciencia e na tecnoloxía.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O concelleiro do BNG, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Sinala o sr. Fernández que na praza fronte ao supermercado Día, en Montouto, din que non teñen iluminación suficiente, engadindo que cree que hai algunha reclamación veciñal e que parece que hai unha rúa que se estaba negociando para recepcionar o Concello. Pregunta o sr. Fernández se existe algunha reclamación por iluminación insuficiente, e se se fixo algo.

A sra. Lemus explica que a cesión que se está a punto de asinar é a relacionada coa rúa dos Alfereces, que era estrana en canto á titularidade, e foi moi conflitiva, e aí non hai problema porque xa teñen as luminarias dun lado, accedendo ao lado esquerdo. Di que sabe que existe unha reclamación, máis da zoa onde está o parque infantil, porque a zoa pública é moi restrinxida con respecto á zona privada. Explica que na zona privada ademais tiveron un problema porque cando se desconectaron as luminarias non fixeron cadro propio, engadindo que de mirará. Di a sra. Lemus que entende que o sr. Fernández se está referindo á parte de abaixo da praza.

O sr. Fernández di que si.

A sra. Lemus sinala que aí hai unha parte que está dividida entre publica e privada, hai unhas luminarias que son as que están en fronte á farmacia e un pouco máis adiante, como a vinte metros, as que son da propiedade da comunidade. Explica que houbo unha reunión e se lles explicou que era zona privada, e cando se fixo o cambio de luminarias se desconectaron, dándolles un prazo, e eles preferiron non facer un cadro propio. Sinala que coa cesión non se vai a ceder esa parte, polo que falará con eles, xa que se poderá incrementar a iluminaciónna zoa pública porén na privada non se pode colocar luminarias. Remata a sra. Lemus reiterando que falará con eles.

2.- O sr. Fernández sinala que nesa zoa tamén se demanda a posibilidade de facer, en torno a Foltra, prazas para residentes, porque teñen problemas para estacionar, engadindo que descoñece se se fixo algunha reclamación no concello, porén falaron diso.

3.- O sr. Fernández sinala que existe un problema cos carrís de servizo da estrada AC 841 que se están utilizando como carrís de aceleración. Sinala que sabe que é competencia autonómica, porén se podería insistir dende o Concello para que a Xunta tomara algún tipo de medida.

4.- O sr. Fernández refírese á casa común de Solláns e sinala que unha das queixas veciñais é o tema da accesibilidade, porque para a parte de arriba hai que subir polas escaleiras, e a parte de abaixo está ocupada e a xente non saben moi ben que pasa con ela e lles gustaría saber a posición do Concello. Explica que estes días unha persoa maior que non puido subir para realizar un curso ou unha actuación concreta para a que tiña que ir arriba. Di o sr. Fernández que quería deixar constancia desa queixa veciñal

Remata o sr. Fernández sinalando que, tratándose da parte de abaixo, algún día habería que falar do tema, xa que el tampouco non entende tampouco moi ben que pasa.

O sr. Iglesias explica que ese espazo habilitouse fai dous anos como casa común de Solláns, porque o concello non tiña ningún local propio en Solláns. Porén nalgún momento, de fai máis de 12 ou incluso 15 anos, hai unha asociación que a estaba utilizando, e acordouse manter ese uso que tradicionalmente tiñan alí, un pouco pola costume. Explica que a semana pasada se dou o problema de que unha nova usuaria do servizo de memoria non pode subir, engadindo que a idea é reunirse coa asociación para chegar a un acordo e que a clase de estimulación cognitiva sexa abaixo, pese a que abaixo tamén hai un escalón. Explica o sr. Iglesias que se trata de espazos moi antigos, e a esta persoa se lle plantexou poder asistir a outros espazos máis accesibles, como a casa comú de Cacheiras, porén ela é de alí e lle apetece ir alí, polo que o que se vai a intentar e compatibilizar o uso da Asociación Cruceiro do Monte e a actividade de memoria

O sr. Fernández pregunta se é Cruceiro de Monte que ten o uso exclusivo da parte de abaixo.

O sr. Iglesia sinala que si e explica que na parte de arriba había un local de ensaio, que se demoleu, e na parte de abaixo está o local que está ocupado pola Asociación Cruceiro do Monte. Brenza ten unha oficina, pero non é ese o local que se utiliza para actividades, senón que o que se utiliza é o de Cruceiro de Montes, que é a asociación que o ten cedido, engadindo que hai un lateral, que é unha oficina pequena, que ten Brenza.

Explica o sr. Iglesias que na anterior lexislatura se lle pediu a Brenza que aportara a memoria e o proxecto de actividades para as anualidades 17-18 e 18-19, porén agora mesmo tería que mirar porque non sabe como está o tema, aínda que si que existiu un control sobre que a actividade de Brenza continuara.

Explica o sr. Iglesias que a que cesara foi unha asociación que tiña un grupo, Escordicio, se falou con eles, levaban anos sen actuar, recolleron as súa cousas e quedou libre e se reutilizou o espazo. Sinala que queda Brenza, que funciona, e xustificou con memorias que ten funcionamento, que pode ser máis ou menos

interesante segundo a óptica de cada un, pero existe, vindo ese uso dende o ano 2002 ou 2003. Conclúe o sr. Iglesias sinalando que a zoa grande, onde se vai a intentar compatibilizar, é a de Cruceiro de Monte.

O sr. Fernández pregunta se xa existe ese acordo para compatibilizar.

O sr. Iglesias sinala que está prevista a entrevista, porén parece que non haberá problema.

5.- O sr. Fernández sinala que no Parque de Vilar de Francos o acceso é un camiño de formigón que non ten ningunha medida de seguridade, por exemplo un pasamáns, e resulta realmente é perigoso.

O sr. Elías sinala que está pedido un orzamento ao ferreiro de Oza para colocar a baranda en todos os tramos, porque é perigoso, engadindo que xa non debeu quedar así, porén está así e si que é perigoso, porque o problema son as baixadas e subidas que son moi pronunciadas.

6.- O sr. Fernández sinala que na zoa de Bustelo, á altura do número 75, hai unha pista de terra que din que se quedou en adecentar un pouco porque da a catro parcelas e ademais da á casa. Pregunta o sr. Fernández como está o tema.

A sra. Lemus sinala que o alcalde falou con eles o outro día e se comprometeron a facela en primavera, botando seguramente unha capa de zahorra, engadindo que efectivamente levaba solicitado bastante tempo

7.- O sr. Fernández di que hai unha cuestión que lle preocupa dende fai tempo que é o tema do radón. Pregunta se se fixeron probas en todos os locais municipais e pide que, se non se fixeron, que se fagan, especialmente por exemplo na piscina.

O sr. alcalde explica que se estaba valorando a posibilidade de facer un estudo, engadindo que en todo caso onde realmente ten problemas o radón é nas paredes de pedra.

A sra. Lemus sinala que se acaba de asinar un convenio coa Universidade, co laboratorio de radón que teñen en medicina preventiva, entre a Universidade e o CHUS. Explica que lles interesaba facer un estudo piloto cun Concello que tivera incidencia en radón, e se vai a laevar a cabo facendo medicións para os veciños porque é verdade que lles falta información sobre o mapa de radón. Tendo en conta iso, tamén se vai a facer a medición de radón en locais municipais. Estase facendo un listado, porén hai moitos que non cumpren as condicións de que teñen que ser de pedra, ten que ser a planta baixa e o soto, ten que ser con problemas de aireación no soto, é dicir, teñen eles unha serie de indicadores previos. Salienta a sra. Lemus que se aproveitara que se está traballando con eles, que se acaba de asinar o convenio, para facer tamén o estudo dos locais municipais.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra refírese ao parque de Vilar de Calo e lembra que se sometera ao Pleno e arrancárase un compromiso de restablecelo. Pregunta o sr. Guerra que hai diso.

O sr. alcalde sinala que pouco cousa. Explica que é certo que se trouxo a Pleno, se falara de miralo, e se falara de se era mellor poñer uns banquitos e demais. O problema dos parques infantís é que para estar homologados é estar en condicións e demais trátase dun investimento grande. Sinala que todo o mundo quere te un parque á beira, porén despois van en coche ao parque grande, porque os/as nenos/as están cos outros rapaces que están no cole, etc, tratándose dunha cuestión complicada.

Sinala o sr. alcalde que se volverá a dar unha volta, porén trátase dunha cuestión que incita a discutir e falar se realmente se debe poñer un parque en todos os lados.

O sr. Guerra sinala que non se trata dun parque novo, senón que xa existía un parque, se quitou e se plantou unha cerdeira, engadindo que xa se discutira cando estaba o sr. Noriega.

2.- O sr. Guerra di que os veciños de Oza lle preguntan cando se soterran os cables de Telefónica e de Fenosa e cando se lle poñen as farolas dende a casa de Mata ata a estrada de Ribas.

A sra. Lemus explica que as farolas estaban no Concello e caeu un raio nos Tilos, como o vinte e pico de decembro, cando xa estaba pechada a fábrica, e decidiuse utilizar esas farolas e poñelas nos Tilos, porque se estropearon quince. Aproveitáronse unhas cantas, faltan algunhas e lle dixeron que chegaban estes días, e en canto cheguen se colocaran.

Tratándose da canalización de Telefónica, sinala a sra. Lemus que o outro día tiveron unha reunión con eles, e se lle dixo que se podía baixar a canalización, e todo son boas palabras, e dixeron que o mirarían.

3.- O sr. Guerra sinala que a estrada de Rarís, en Casal de Reis, nº 38, baixando cara a Chao dos Río, está destrozada, como todas.

4.- O sr. Guerra di que un veciño de Pontevea, en Reis, lle comentou que detrás da caseta de Telefónica hai unha maleza grande.

5.- Sinala o sr. Guerra que lle dixo un veciño de Luou que no Cacharrón nº 61, ao terreo que cedeu para facer o peche, nunca máis se lle pasou a desbrozadora a ese espazo, de cen metros lineais aproximadamente, que é municipal.

6.- Refírese o sr. Guerra á pista de Cabo Vila a Reborido e sinala que está nun estado lamentable.

A sra. Lemus sinala que esa se ía aglomerar e de repente se advertiu polo arquitecto técnico que había unha solicitude de Fenosa para facer o soterrado, polo que se vai a esperar a que soterren e despois se fará o aglomerado.

7.- Sinala o sr. Guerra que os veciños de Cacheiras din que hai unha tapa de alcantarillado de ferro á que hai que poñerlle unha goma ou algo.

8.- O sr. Guerra di que despois da Pontenova de Pontevea, antes e despois da ponte, hai uns baches enormes.

9.- Di o sr. Guerra que hai unha piscina en Bamonde, na aldea das Quintas, a ver se se mira por el.

10.- Sinala o sr. Guerra que entre Feros e a Ribeira, 200 ou 300 metros lineais, están pedindo que se lle poña dúas ou tres farolas.

11.- Di o sr. Guerra que é a terceira vez que trae a Pleno o teleclub de Bamonde, no que hai que repoñer 7 ou 8 tellas.

12.- O concelleiro do PP, sr. Sánchez, pregunta se se pode dar oficialmente rematada a obra do Colector Espasande.

O sr. alcalde sinala que se fixo a entrega, porén esa obra cando se fixo o modificado, porque houbo que cambiar a condución para o outro lado, se fixo a coste cero, e iso determinou unha guerra prolongada cos construtores para chegar ese coste. Fora da obra se vai a pasar a retirar algún escombro, pequenos detalles de baixada aos muíños e algunhas cuestións que quedaran pendentes, poñéndose tamén unha indicación, ca idea de que a finais do mes que ven ou mediados de abril, se anuncie, aínda que a xente o está usando, debéndose tamén desbrozar un pouco.

12.- O sr. Sánchez pregunta se se lle podía dar unha cifra aproximada de custo do mural que se fixo no interior da ponte da autopista que pasa por Luou.

A sra. Otero di que non é un mural, é un festival que tivo lugar entre os Concellos de Ames, Compostela e Teo. Explica que houbo intervención de mural en Ames, en Teo e nalgún punto de Compostela e ademais houbo obradoiros e faladoiros durante a fin de semana. Explica que as rapazas que fixeron o traballo reuníronse primeiro coas asociacións da contorna e logo realizaron o traballo. Sinala que, aínda que non está segura, cree que a aportacion que se fixo dende as dúas concelleiras foi de en torno a 2.500 €.

Pregunta o sr. Sanchez cal foi a razón obxectiva que levou a facelo alí.

A sra. Otero sinala que razón está entre as características técnicas que necesitaban as artistas e un pouco tamén a temática que tiña o festival, que tiña que ver co traballo das mulleres, querían vinculalo moito co territorio e alí estaban cerca unha asociación cultural de Luou e unha asociación de Solláns. Salienta que sobre todo cuestións técnicas, como o largo e alto da parede, e gracias a que estiveron alí dentro puideron traballar na época que estiveron.

O sr. Sánchez di que haberá que pensar algo para facelo ver, porque non se ve durante o día, e pola noite menos.

O sr. Iglesias di que estaba pendente de cambiarse toda a luminaria.

A sra. Otero di que xa se cambiaron.

O sr. Sánchez di que el segue sen vela.

13.- A concelleira do PP, sra. Nariño, sinala que como a moción non se levou a cabo, por defecto de forma, quería facer unha pregunta ao goberno con respecto a se tiñan

información, neste último mes e medio, da gran cantidade de roubos na parroquia de Cacheiras, en concreto en certos lugares.

O sr. alcalde sinala que el non diría unha gran cantidade, xa que o índice de roubos por número de habitantes en Teo é bastante reducido. Salienta que a Garda Civil sempre valora que é un concello con pouca actividade delictiva, aínda que puntualmente se producen un gran número de roubos, resultando en todo caso evidente que aos que lles rouban pouco lles preocupa os que haxa ou deixe de haber. Sinala que a preocupación a teñen e moita, porén volveu a existir un repunte agora, supoñendo que co cambio de hora deixara de habelo, como acontece todos os anos, polo tanto é difícil de calibrar.

A sra. Lemus sinala que a pesar de todo dende o día 10 ou 11 de febreiro hai un reforzo en coordinación ca Garda Civil. Salienta que peor foi en Ames que houbo seis roubos nun día, e sinala que lle explicaron que era frecuente que fagan como o "remate de tempada", collen unha zoa e a machacan ata que cambia a hora e marchan.

Remata a sra. Lemus sinalando que a policía lle da unha importancia relativa, tendo en conta que son sempre as mesmas datas, aínda que están no tema.

14.- A sra. Nariño sinala que recibiron queixas de veciños en relación cos novos horarios das bibliotecas municipais, sobre todo a mediateca dos Grilo, xa que dende Navidade o horario de apertura é exclusivamente, de luns a venres, en horario de mañá, co cal as familias que queiran ir polas tardes non poden, e os nenos pola mañá están no colexio. Había ademais un día extraordinario, o Sábado pola maña, e agora tampouco hai servizo de biblioteca. Sinala que viu no facebook que tamén hai problemas de persoal e parece ser que xoves e venres tampouco se vai a abrir a mediateca do Grilo

O sr. alcalde explica que o que aconteceu é que o auxiliar de biblioteca sacou a praza de bibliotecario, engadindo que se esa praza a quita unha persoa de fora non habería

ese problema, polo que houbo que cubrir con urxencia a praza de auxiliar de biblioteca, proceso que cree que está rematando.

O sr. Iglesias explica que se reúne o tribunal a semana que ven. Rematou o prazo de presentación de instancias, saíu a lista provisional, abriuse o prazo de reclamación e sairá proximamente a lista definitiva. Os prazos son lentos e calcúlase que sobre abril e maio haberá novo/a auxiliar.

A sra. Nariño sinala que é un proceso de tempo bastante prolongado e merma moito a o servizo.

15.- A concelleira do PP, sra. Calvo, di que a asociación de veciños dos Tilos dirixiuse ao grupo municipal do PP para manifestar as súas queixas e peticións que, entre outras, son:
.- Solicitan regular a velocidade de toda a urbanización, máis en concreto nas rúas Castiñeira e Carballo, mediante medidas como poden ser bandas ou presencia policial. Habería que estudalo porque ao parecer pouca xente, entre elas o bus, respecta os límites de velocidade.
- Tamén piden reforzar o alumeado, xa que dende que se cambiaron as novas luminarias é moi deficiente, e o fai máis susceptible da problemática dos roubos. Solicitan algunha solución.
- Manifestan que o estado do firme da rúa e dos bordillos é bastante lamentable, porén fanse obras que ninguén pide nin consulta nin coa asociación nin cos veciños, como a que se está facendo ao lado da piscina

Sinala a sra. Calvo que os veciños dos Tilos piden sobre todo comunicación por parte do Concello, e coordinación, que considera que é fundamental.

A sra. Lemus di que se mirará o do firme e dos bordillos, engadindo que se fixo algún rebacheado. Sinala que sobre a velocidade hai previsto a mellora da accesibilidade, unha licitación que está rematando, que prevé pasos de peóns sobreelevados, entre outros sitios, nos Tilos.

Sinala que, tratándose do alumeado, hai varias puntos, sobre todo na zoa dos chalets, na parte de abaixo, cando acaba a rúa Carballo, onde hai unha parcela que ao non estar edificada non tiña punto de luz, e se nota moito máis, e tamén se vai a colocar outro punto de luz nas escaleiras que baixan á marquesina de abaixo de todo e se vai a intentar iluminar un pouco mellor na zona que vai entre a Igrexa dos Tilos ata o pabellón, sobre todo para os nenos da asociación, que parece ser que aí falta algo de luz. Sinala que lembra que eses son os temas que lle dixeron os veciños.

A sra. Calvo interésase sobre estimación de tempo.

A sra. Lemus responde que están pedidas, que non sabe.

A sra. Calvo pregunta polas bandas.

A sra. Lemus dille que cree que xa están licitadas, e que deben estar a punto de asinar contrato, aínda que mañá llo confirma.

Pregunta a sra. Calvo polo firme.

A sra. Lemus di que o mirará, porque aínda que hai baches, non se da conta de que exista un problema ao efecto. Lembra que o problema principal era a rúa Castiñeiro, que se levantou o ano pasado e se fresou.

A sra. Calvo di que hai baches en case todos os Tilos, bastando con dar unha volta.

O sr. Moñino que habería que comparalo co resto do concello.

A sra. Lemus di que se revisará e se lle dará unha volta aos bordillos.

A sra. Calvo di que non se trata de comparar, engadindo que sobre todo o que piden é coordinación cos veciños para ver as necesidade reais.

16.- A concelleira do PP, sra. Rosende, di que se puxeron en contacto con eles veciños do lugar Feros para transmitirlle algunhas peticións.

Sinala que teñen un problema gravísimo co intensivo tráfico de camións e vehículos pesados que pasan por medio da aldea en dirección a instalación dunha empresa sita no fondo da aldea. Esta empresa ten tres acceso posibles a súa nave, pero utilizan os tres con frecuencia. O acceso pasa polo medio da aldea e é moi perigoso, por estreito e por non estar acondicionada para ese tipo de vehículos. Os veciño, cando están camiñando, teñen que facer piruetas para esquivalos, e así houbo algún atropelo de mascosta, concretamente un can que faleceu, unha señora que caeu un par de veces á cuneta e incluso un coche accidentado que estaba para entrar no garaxe e viu o camión e o levou por diante.

Os veciños reclaman unha sinal na entrada e na saída da aldea que prohiba o tránsito dos vehículos pesados, e o asfaltado dos accesos. Amosa a sra. Rosende unhas fotos sinalando que é lamentable.

O sr. Moñino di que a aldea está impecable.

A sra. Rosende di que o que segue da aldea, e hai unhas casas alí arriba que teñen un trozo de pista e piden que se asfalta ata baixo.

O sr. Moñino di que non é para falar de toda a aldea.

A sra. Rosende explica que piden tamén uns puntos de luz, saíndo desa aldea, cara a nave, porque está escuro e é un camiño moi transitado, e un espello na entrada, non na da residencia, senón na outra, para poder ver os coches, porque teñen unha visibilidade nula.

17.- A sra. Rosende di que veciños de Procelas e Noenlles tamén se puxeron en contacto con eles para mostrarlle o seu descontento. Tiñan unha pista que comunicaba

as dúas aldeas, onde se fixo a rede de abastecemento de auga, botóuselle terra por enriba e así segue. O camiño aquel está que non se da pasado cun coche.

A sra. Rosende sinala que tanto a sra. Lemus como o sr. Moñino falaron con eles e lles dixeron que ían a arranxar o problema.

A sra. Lemus e o sr. Moñino sinalan que non se dan conta da ubicación.

Aclara a sra. Rosende que é a estrada que vai a dar a Noenlles, engadindo que aquilo está tapado con terra e non se rematou.

O sr. Moñino di que iso é de augas.

A sra. Rosende sinala que en todo caso o xestiona o Concello e xa leva máis dun ano.

O sr. alcalde sinala que entón bastante aguante tiveron, engadindo que a el non lle chegou.

A sra. Rosende di que eles lles chaman para poñer de manifesto o seu descontento, porque as queixas xa as deron.

O sr. alcalde di que mirarán que pasou.

A sra. Rosende sinala que tamén queren saber cando se van a mover as farolas que quedaron moi metidas dentro da beiravía, co conseguinte risco de peóns e vehículos. Sinala que alí xa foron a amañar un poste, que un coche bateu con el, ademais que dificulta o paso de cadeiras de rodas e carritos de nenos se queren ir por alí paseando.

18.- A sra. Rosende refírese aos veciños do Sisto e ao problema que hai na estrada do Gadis. Sinala que un dos veciños veu ao Concello a falar diso e se lle diso que se iría a mirar. Salienta que viñeron varias veces e iso segue igual. Explica a sra. Rosende que o señor da parte de arriba vai con seis veces que lle tiran o muro e o da parte de abaixo

cinco. Salienta que o problema é que existe unha curva moi perigosa e non se repectan os límites de velocidade.

O sr. alcalde sinala que por esa estrada poden queixarse de que hai baches, porén se alguén se empotra contra algún sitio, que vaia máis a modo, xa que se a xente se queixa dos baches pode ser asumible, porén se se empotra ten que respectar o límite de velocidade.

A sra. Rosende di que sabe que é responsabilidade da xente porén haberá que tomar medidas porque lle vai aos bolsillos do veciños/as.

Considera a sra. Rosende que haberá que poñer un límite de velocidade, unha bandas sonoras, ou o que sexa, correspondéndolle ao goberno buscar solucións.

19.- A sra. Rosende refírese ao arranxo do lavadoiro do Sisto, sinalando que quedou sen a barandilla que tiña e hai moita altura.

O sr. Elías sinala que está pedida.

20.- Pregunta a sra. Rosende que pasou co parque do cemiterio, porque non se sabe porque se quitou e se se vai a repoñer.
O sr. Elías di que se quitou porque non cumpría e unha vez preguntado parece que no cemiterio hai unha petición dun tanatorio polo que non era posible facelo de momento, e o que había non valía, porque non cumpría ningún dos elementos. De momento alí ata que se saiba en urbanismo o que se vai a facer a zona non está previsto facer nada.

A sra. Rosende sinala que as veces hai que molestarse un pouco en informar aos veciños.

O sr. Elías di que era perigoso, engadindo que era mellor quitalo.

21.- A sra. Rosende sinala que unha veciña lle chamou para ver se no lugar do Sebe, onde o Centro médico, se podía cambiar a luminaria, porque está fundida.

22.- O sr. Guerra sinala que dende o centro médico están pedindo reiteradamente que se lle repoñan as cortinillas, un toldo e a fiestra da médica que mete auga para dentro.

23.- O sr. Sánchez sinala que onde a casa común de Lampai un camión tirou un poste, hai dous meses, e lle pregúntanse hai arranxo.

A sra. Lemus di que é un poste de Fenosa, que tiña unha luminaria. Esta quitouse aos tres días, e tratándose do poste se lle reiterou varias veces a Fenosa, a última onte mesmo, que o tiñan que retirar,

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.06.25 19:09:55 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.06.25 18:41:24 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

A C T A 3/2020

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 9 DE MARZO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a nove de marzo de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asiste, previa escusa:

D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 05.04.2020

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1.- ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 05.04.2020

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, e procedo a dar conta dos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (en adiante, LOREG).

Así, de conformidade co primeiro dos artigos citados infórmase que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais, e dáse lectura ao artigo 26 do citado texto legal nos termos seguintes:

"1.- A formación das Mesas compete aos Concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zoa.

2.- O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bachiller ou de Formación Profesional de segundo Grado, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

3.- Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

4.- Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria".

Explícase que noutros sorteos públicos de Mesas electorais o Pleno acordaba que, no caso de que non se puidera efectuar a notificación dalgún dos membros das mesas que resulten do sorteo, se acudiría á listaxe de suplentes que, a maiores dos que esixe a lei, xera o programa utilizado para o sorteo público en cada unha das Mesas correspondentes. Proponse a estes efectos utilizar esta listaxe para os casos de imposibilidade de notificación.

Os/as concelleiros/as presentes aceptan unanimemente a proposta.

Seguidamente, de acordo do previsto no artigo 26 da LOREG procédese a efectuar o sorteo público dos membros das Mesas electorais para as eleccións autonómicas do 5 de abril de 2020, obténdose o seguinte resultado:

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 001 MESA: A

Presidenta: D.ª Arantxa Brea Sánchez
1º vogal: D. Carlos Francisco Becerra do Ejo
2º vogal: D.ª Mª Ángeles Leis Barcia
1º suplente de presidenta: D.ª Mª Mercedes Casal Otero
2º suplente de presidenta: D. José Ramón López Santiso
1º suplente de 1º vogal: D.ª Paula Mª Fernández Fernández
2º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Carmen González Jiménez
1º suplente de 2º vogal: D. Antonio Álvarez Rodríguez
2º suplente de 2º vogal: D. Juan Bautista Lestón Romani

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 001 MESA: B

Presidenta: D.ª Elena Mercedes Pintos Martínez
1º vogal: D.ª Lidia Prieto Lourido
2º vogal: D.ª Josefa Montserrat Seoane Vieites
1º suplente de presidenta: D.ª Mª del Pilar Modroño Rosa

2º suplente de presidenta: D.ª Elena Moreira Agra

1º suplente de 1º vogal: D.ª Yolanda Ponte Domínguez

2º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Isabel Pazos Ferreiro

1º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Jesús Riveira Castelo

2º suplente de 2º vogal: D. Manuel Ángel Sanjurjo Mosquera

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidente: D. Jesús Antonio Longarela López

1º vogal: D.ª Mª del Carmen Botana Iglesias

2º vogal: Dª Mª Elena Amenedo Losada

1º suplente de presidente: D.ª Nieves González Fernández

2º suplente de presidente: D.ª Ionela Nicoleta Ciobotaru Ciobotaru

1º suplente de 1º vogal: D.ª Sara Fuentes Pérez

2º suplente de 1º vogal: D. Jesús Arturo Castro Souto

1º suplente de 2º vogal: D.ª Olalla Cambeiro Sande

2º suplente de 2º vogal: D.ª Iria Castro Real

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Mª Celia Sánchez Raices

1º vogal: D. Antonio Rodríguez Buela

2º vogal: D.ª Josefina Regueiro Calviño

1º suplente de presidenta: D. Manuel Sánchez Pampín

2º suplente de presidenta: D.Víctor Martínez Fernández

1º suplente de 1º vogal: D. Antonio Rouco Puente

2º suplente de 1º vogal: D. Antonio Ocampo Carracelas

1º suplente de 2º vogal: D. Luis Ramos Torreira

2º suplente de 2º vogal: D.ª Cristina Rodríguez Buela

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 003 MESA: U

Presidenta: D.ª Elena Concepción Borrás Carneiro

1º vogal: D. Manuel Calo Rama

2º vogal: D. Laura Vilariño García

1º suplente de presidenta: D.ª Cristina González Mirás

2º suplente de presidenta: D. Jesús Pérez Castiñeiras

1º suplente de 1º vogal: D.ª Mª José Fernández Parajó

2º suplente de 1º vogal: D. Gerardo Crespo Rodríguez

1º suplente de 2º vogal: D.ª Ubaldina Buela Abeijón

2º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Isabel Jorge Méndez

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 004 MESA: A

Presidente: D. Juan Carlos Loureda Suárez

1º vogal: D.ª Mª Cristina García Ares

2º vogal: D.Agustín Ezequiel Banzas Baro

1º suplente de presidente: D. Marcos Antonio González Míguez

2º suplente de presidente: D. Ricardo Ventura Lustres Sampedro

1º suplente de 1º vogal: D. Jesús Mª Brocos Brea

2º suplente de 1º vogal: D.ª Matilde García Fraga

1º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Dolores Caamaño Pais

2º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Lourdes Rosa Janeiro Caramés

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 004 MESA: B

Presidenta: Dª Daviana Guillermina Sousa Pérez

1º vogal: D. Elias Javier Olivas Murillo

2º vogal: D.ª Laura Novo Santiago

1º suplente de presidenta: D.ª Noemí Rodríguez Crende

2º suplente de presidenta: D. Francisco Javier Pérez Mosquera

1º suplente de 1º vogal: D. Xosé Luis Otero Cepeda

2º suplente de 1º vogal: D.ª Aida Segade Nogareda

1º suplente de 2º vogal: D. Martín Mosquera López

2º suplente de 2º vogal: D. Anxo Silva Mirás

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 005 MESA: A

Presidente: D. Xoán Cerneira Caamaño

1º vogal: D. José Barrera López

2º vogal: D.Javier Darío Baños Intriago

1º suplente de presidente: D. Jorge Juan Agulló García

2º suplente de presidente: D.ª Isabel Castiñeiras Bouzas

1º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Sol Boga Cores

2º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Dolores Brea Míguez

1º suplente de 2º vogal: D.ª Cristina Cortizo López

2º suplente de 2º vogal: D.ª Adán Fariña Fernández

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 005 MESA: B

Presidente: D. Ramón Vieites Castiñeiras

1º vogal: D.ª Mª Julia Riveiro Patrón

2º vogal: D.ª Ana Mª Piñeiro Mirás

1º suplente de presidente: D.ª Begoña del Río Martínez

2º suplente de presidente: D.ª Mª de los Ángeles Martínez de Cestafe Ochoa de Erive

1º suplente de 1º vogal: D. Borja Parajó Fernández

2º suplente de 1º vogal: D.Xosé Manuel Liste Reimúndez

1º suplente de 2º vogal: Dª. Mª Hilda Vidal Martínez

2º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Teresa Vicente Zamarreño

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 006 MESA: A

Presidenta: D.ª Susana Fátima Fernández Fiuza

1º vogal: D. Alexis Cantalejo Estraviz

2º vogal: D.ª Sheila Cifuentes Barreiro

1º suplente de presidenta: D. José Luis Hospido Rodríguez

2º suplente de presidenta: D. José Formoso Sobrado

1º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Ángeles Botas Piñón

2º suplente de 1º vogal: D. David Barja Estévez

1º suplente de 2º vogal: D. Javier Crespán Hidalgo

2º suplente de 2º vogal: D.ª Mª del Carmen López Seoane

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 006 MESA: B

Presidente: D. Luis Ángel Rafael Prol Germade

1º vogal: D. Iván Quiñones Padín

2º vogal: D. Agustín Prevettoni Gestoso

1º suplente de presidente: D.ª Mª Dolores Rey Suárez

2º suplente de presidente: D.ª Mª José Nogueira Sánchez

1º suplente de 1º vogal: D. Santiago Regueiro Vidal

2º suplente de 1º vogal: D.ª Mª del Carmen Pérez Castro

1º suplente de 2º vogal: D. José Luis Pazos Castro

2º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Isabel Piñeiro Iglesias

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 007 MESA: U

Presidente: D. Jesús Manuel Miguel Toja

1º vogal: D. Pedro Mª Márquez Montero

2º vogal: D. Francisco Balado Freire

1º suplente de presidente: D. Ricardo Luis Pita Fernández

2º suplente de presidente: D. Francisco de Anta Rodríguez

1º suplente de 1º vogal: D. Arkaitz Fernández Barreiro

2º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Cristina Pérez Castuera

1º suplente de 2º vogal: D.José Mª Nuñez Montero

2º suplente de 2º vogal: D. Andrés Gil Fernández

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 008 MESA: U

Presidenta: D.ª Begoña Fernández Bello

1º vogal: D. Juan Miguel González Moure

2º vogal: D.ª Noelia Cotón Rubio

1º suplente de presidenta: D.ª Mª de las Flores Rocafort Morales

2º suplente de presidenta: D.ª Susana Viqueira Cobas

1º suplente de 1º vogal: D.ª Yolanda Munín Villar

2º suplente de 1º vogal: D.ª Pilar Moldes Oreiro

1º suplente de 2º vogal: D.ª Melvi Dorys Córdova García

2ª suplente de 2º vogal: D. Manuel Sánchez Souto

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 009 MESA: A

Presidente: D. Miguel Ángel Gómez Iglesias

1º vogal: D. Luis Brea Botana

2º vogal: D. Luis Brey Sánchez

1º suplente de presidente: D.ª Inmaculada Concepción Gómez Míguez

2º suplente de presidente: D. Jesús Lobato Buján

1º suplente de 1º vogal: D.ª Yolanda Fariñas Vázuez

2º suplente de 1º vogal: D.ª María Gil Carbajal

1º suplente de 2º vogal: D. Xosé Ramón Loura Insua

2º suplente de 2º vogal: Dª Zoulikha Bouhou Mourabet

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 009 MESA: B

Presidenta: D.ª Rocío Rivas Valladares

1º vogal: D.ª Sara Mª Rodríguez Álvarez

2º vogal: D. Juan José Noguerol Varela

1º suplente de presidenta: D.ª Paula Mª Pérez Abal

2º suplente de presidenta: D. José Ángel Sánchez Rodríguez

1º suplente de 1º vogal: D. Maricela Vilariño Varela

2º suplente de 1º vogal: D. Carlos Manuel Martínez Rodríguez

1º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Macarena Martín García

2º suplente de 2º vogal: D. Ricardo Rey Otero

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: A

Presidenta: D.ª Mª Julia Rodríguez Blanco

1º vogal: D.Aitor Barreiro Chico

2º vogal: Dª Mª Jesús Castelao Botana

1º suplente de presidenta: D.ª Isabel Tasende Vigo

2º suplente de presidenta: D.ª Beatriz Pérez Agrasar

1º suplente de 1º vogal: D. Francisco Vaamonde Botana

2º suplente de 1º vogal: D. Lorenzo Buela Tasende

1º suplente de 2º vogal: D. Maximino Liñares Illodo

2º suplente de 2º vogal: D. Daniel Gómez Romero

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: B

Presidenta: D.ª Mª Isabel Casal Reyes

1º vogal: D.ª Xoana Beatriz Pintos Castro

2º vogal: D. José Anntonio Ansemil Otero

1º suplente de presidenta: D. Áxel Pardal Ferreira

2º suplente de presidenta: D. Gerardo José Regueiro Pereiro

1º suplente de 1º vogal: D. José Luis Peón Alonso

2º suplente de 1º vogal: D. Álvaro González López

1º suplente de 2º vogal: D.ª Iris Pardal Ferreira

2º suplente de 2º vogal: D.ª Mª del Pilar López Toimil

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidente: D. Raúl Gómez Varo

1º vogal: D. Alberto Castro Pedrouzo

2º vogal: D. Adrián Lamas Varela

1º suplente de presidente: D.ª Diana Pereiro Gómez

2º suplente de presidente: D.ª Vanessa Gómez Buela

1º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Aurora Vesteiro de Orbe

2º suplente de 1º vogal: D. Miguel Ángel Fernández Ares

1º suplente de 2º vogal: D. José Ángel Lata Vaamonde

2º suplente de 2º vogal: D.ª Sonia Teijeiro Blanco

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Mª Teresa Filloy Chao

1º vogal: D.ª Cristina Fuentes Rilo

2º vogal: D.ª Janira López López

1º suplente de presidenta: D.ª Mª Jesús Penas Ferreiro

2º suplente de presidenta: D.ª Miriam Murillo Gómez

1º suplente de 1º vogal: D. Brais Sánchez Magariños

2º suplente de 1º vogal: D. David Barros Riveira

1º suplente de 2º vogal: D.ª Alcira Rosalía Paz Salgado

2º suplente de 2º vogal: D.ª Mª Trinidad Padín Fontán

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 001 MESA: U

Presidente: D. José Antonio Taibo de la Torre

1º vogal: D.ª Alba Midón Cebeiro

2ª vogal: D. Juan José Núnez Calviño

1º suplente de presidente: D. Juan Carlos Amado Neira

2º suplente de presidente: D.ª Sandra de Manuel Iglesias

1º suplente de 1º vogal: D.ª Estefanía Conde Conde

2º suplente de 1º vogal: D.ª Lourdes Castro Martínez

1º suplente de 2ª vogal: D.ª Mª Dolores Abraldes Picón

2º suplente de 2º vogal: D. Francisco Javier Temes Rodríguez

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidente: D. José Pablo Galego Feal

1º vogal: D.ª Inés Quintáns Martínez

2º vogal: D.ª Mª Flora López Dosío

1º suplente de presidente: D.ª Rosalía Pérez Pérez

2º suplente de presidente: D.ª Mª Ángeles Cacheda Camino

1º suplente de 1º vogal: D.ª Mª José Pérez Sánchez

2º suplente de 1º vogal: D. Eugenio Fuentes Rodríguez

1º suplente de 2º vogal: D.ª Dolores Sánchez Picón

2º suplente de 2º vogal: D. Juan Carlos Burgo González

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Eva Pereira Cutrín

1º vogal: D. Osvaldo Leonardo Gómez Raíces

2º vogal: D. Juan Blanco Fernández

1º suplente de presidenta: D. David Calvo Caramés

2º suplente de presidenta: Dª Ana Mª Lago Cacheda

1º suplente de 1º vogal: D.ª Ana Belén Rial Rey

2º suplente de 1º vogal: D.ª Mª Isabel Duarte Porto

1º suplente de 2º vogal: D.ª Verónica Luque Indiano

2º suplente de 2º vogal: D. Ramón José Álvarez Lens

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.06.26 11:27:12 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.06.26 10:53:48 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 4/2020

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 3 DE XUÑO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a tres de xuño de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 183/2020 Á 439/2020)

2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL

3.- RATIFICACIÓN DECRETOS DA ALCALDÍA (NÚM. 322/2020 DO 08/04/2020, NÚMS. 338/2020, 341/2020, 342/2020, 343/2020, 344/2020 DO 20/04/2020, NÚM. 407/2020 DO 18/05/2020, NÚM. 412/2020 DO 19/05/2020 E NÚM. 438/2020 DO 28/05/2020)

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO

5.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE PSdeG-PSOE, SONDETEO, PP DE TEO E BNG, DE APOIO Á PETICIÓN DA ANPA DO IES CACHEIRAS DE SOLVENTAR OS PROBLEMAS QUE SOFRE UNHA PARTE DO ALUMNADO DE DITO CENTRO DERIVADO DO SISTEMA ACTUAL DE TRANSPORTE DO ALUMNADO OS MARTES POLA TARDE

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DERROGACIÓN DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIZACIÓN ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCIEIRA, COÑECIDA COMO "LEI MONTORO"

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A LINGUA GALEGA

9.- MOCIÓNS

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde explica que, en virtude do acordado pola Xunta de Portavoces, pese a data de celebración deste Pleno, se corresponde co ordinario de maio.

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 183/2020 Á 439/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de febreiro ata o 28 de maio de 2020, que comprenden os números 183 ao 439, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

"DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 29 de maio de 2020

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira"

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- RATIFICACIÓN DECRETOS DA ALCALDÍA (NÚM. 322/2020 DO 08/04/2020, NÚMS. 338/2020, 341/2020, 342/2020, 343/2020, 344/2020 DO 20/04/2020, NÚM. 407/2020 DO 18/05/2020, NÚM. 412/2020 DO 19/05/2020 E NÚM. 438/2020 DO 28/05/2020).

O sr. alcalde explica que neste punto da orde do día trátase de ratificar distintos Decretos da Alcaldía que, como consecuencia da situación vivida, foi preciso ditar, sen prexuízo de que precisan a correspondente ratificación plenaria.

Da conta e explica o sr. alcalde os Decretos que procede ratificar, que se incorporan a continuación.

1.- <u>DECRETO DA ALCALDÍA DO 8 DE ABRIL DE 2020 (Nº 322/2020). ASUNTO: IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN TEMPORAL DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO</u>.

<u>RESOLUCIÓN DA ALCALDIA</u>

ASUNTO: IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN TEMPORAL DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO
EXPEDIENTE: 2020/G003/000331

A Organización Mundial da saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional.
A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esa conxuntura.

Para dar resposta a esta grave crise, o Goberno de España, mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 67, de 14/03/2020), durante quince días naturais, estado de alarma que foi prorrogado polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo (BOE nº 86, de 28/03/2020), ata as 00:00 horas do 12 de abril de 2020.

Considerando que o citado RD 463/2020, de 14 de marzo, foi modificado polo RD465/2020. De 17 de marzo (BOE nº 73, de 18/03/2020).

Neste contexto e tendo en conta as medidas de contención extraordinarias adoptadas polos goberno estatal e autonómico, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, polo que interesa aos efectos do presente, proceder ao peche de todas as instalacións deportivas municipais dende a data citada.

O Goberno de España, mediante o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, adopta novas medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE nº 73, 18/03/2020, corrección de erros BOE nº 82, do

25/03/2020), posteriormente modificado polo Real Decreto-lei 9/2020, de 27 de marzo (BOE nº 86, do 28/03/2020) e polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo (BOE nº 91, de 01/04/2020), con efectos, neste último caso, dende a entrada en vigor do RD-lei 8/2020.

Entre as medidas adoptadas atópanse as que están encamiñadas a evitar os efectos negativos sobre o emprego e a viabilidade empresarial derivados da suspensión de contratos públicos, impedindo a resolución dos mesmos por parte de todas as entidades que integran o sector público, e a evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas ao efecto teñan un impacto estrutural negativo sobre esta parte do tecido produtivo.

Así, para evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as CCAA ou a Administración local para combatelo poidan dar lugar á resolución de contratos do sector público recóllese no Real Decreto-lei 8/2020 citado un réxime específico de suspensión dos mesmos.

De acordo co exposto, o artigo 34 do Real Decreto-lei 8/200 regula as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Tratándose dos contratos de concesión de servizos, o apartado 4 do artigo citado establece que nos citados contratos, "*vixentes á entrada en vigor do citado real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo do 15% ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Dito reequilibrio en todo caso compensará aos concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custes soportados, entre os que se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente houbesen aboado, respecto aos*

previstos na execución ordinaria do contrato de concesión do servizo durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19. So se procederá a dita compensación previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista de ditos gastos.

A aplicación do disposto neste apartado so procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo".

Considerando que D. Victor Manuel Reyero Rodríguez, en representación de AQUAFIT GESTIÓN S.L., co CIF 94017225, concesionaria da xestión do servizo de "Piscinas municipais do Concello de Teo, mediante escrito de 23 de marzo de 2020 solicita que "*se recoñeza expresamente polo órgano de contratación: A imposibilidade de executar temporalmente o contrato dende o 14 de marzo de 2020 como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración Local para combatelo, aos efectos do previsto no artigo 34.4 do RD ley 8/2020 de 17 de marzo (BOE de 18 de marzo de 2020)"* (rex. entrada nº 275, do 23/03/3030).

Considerando o disposto na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, referido á suspensión de prazos administrativos, en concreto no seu apartado 1, segundo o cal se suspenden termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, prazos que se reanudarán no momento no que perda vixencia o citado real decreto, ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo, e no seu apartado 4 (modificado polo RD 465/2020), segundo o cal, "*sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, dende a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos".*

Considerando que tratándose do contrato de xestión do servizo de "Piscinas municipais do Concello de Teo", ao que se refire o presente, o órgano de contratación é o Pleno municipal.

Considerando que, segundo o Decreto da Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), quedaron suspendidas as convocatorias e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles o Pleno da Corporación.

Por todo o exposto, considerando o excepcional da situación creada polo COVID-19, esta Alcaldía no uso das súas atribucións contidas na lexislación de réxime local, en especial o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

Primeiro.- Estimar o solicitado por D. Víctor Manuel Reyero Rodríguez, en representación de AQUAFIT GESTIÓN S.L., co CIF B94017225, concesionaria da xestión do servizo de "Piscinas municipais do Concello de Teo" mediante escrito de 23 de marzo de 2020 (rex. Entrada 999, nº 275 do 23/05/2020) e apreciar a imposibilidade de executar temporalmente o contrato dende o 14 de marzo de 2020, como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo para combatelo, aos efectos do previsto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Segundo.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, facéndolle constar que contra o a mesma, que pon fin a vía administrativa, poderanse interpor os recursos previstos no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo, advertíndolle que, en todo caso, de acordo co disposto nas disposicións adicionais 2ª e

3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo, quedan en suspenso os prazos para a interposición, no seu caso, do recurso contencioso administrativo.

Cuarto.- Facer público o presente nos termos esixidos pola normativa aplicable.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 8 de abril de 2020 (nº 322/2020).

2.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 338/2020). ASUNTO: POS+2020. CONTINUACIÓN EXPEDIENTE PO+2020 E CORRECCIÓN NOME DA OBRA EN PARQUE MONTOUTO NO ACORDO PLENARIO DE 16 DE DECEMBRO DE 2019.

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: POS+2020. CONTINUACIÓN EXPEDIENTE POS+ 2020 E CORRECCIÓN NOME DA OBRA EN PARQUE MONTOUTO NO ACORDO PLENARIO DE 16 DE DECEMBRO DE 2019

EXPEDIENTE: 2020/G003/000346

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se que se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de “Reurbanización da rúa Rosalía de Castro, Parque de Montouto

parroquia de Cacheiras", obra que, erroneamente, no acordo plenario do 16 de decembro de 2019 se recolleu como "Reurbanización de Parque Montouto".

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, recibido o 17 de abril de 2020, no que se pon de manifesto que a denominación da obra que figura no Plan complementario como "Reurbanización do parque de Montouto" non se axusta á denominación do proxecto que figura aprobado polo Concello, xa que a denominación correcta que figura no proxecto é a de "Reurbanización da rúa Rosalía de Castro, Parque de Montouto parroquia de Cacheiras".

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Páxina 1 de 5 Considerando que, segundo o último dos artigos citados, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando que, no suposto ao que se refire o presente, trátase de eliminar un erro no acordo plenario do 19 de decembro de 2019, concretamente na denominación da obra sinalada, que debe ser a que como tal aparece recollida no proxecto, sen que con esta corrección se altere o contido do acto administrativo, limitándose a eliminar un erro evidente e palmario detectado no citado acordo plenario, que resulta alleo a calquera valoración, opinión ou criterio de aplicación, ao tratarse dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte, concretamente neste caso verificando o nome da obra segundo o proxecto da mesma incorporado ao expediente.

Considerando que o Goberno de España, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto) e as prórrogas sucesivas. Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto citado, suspéndense os termos e interrómpense os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, reanudándose

o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o estado de alarma declarado no Real Decreto 463/2020 ou as prórrogas do mesmo.

Considerando que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril (BOE nº 101, do 11 de abril), o estado de alarma atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020. Considerando que, pese á citada regra xeral de suspensión contida nos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto, hai que ter en conta as excepcións á mesma recollidas nos apartados 3 e 4 da mesma.

Considerando que, a instancia da Deputación Provincial, o requirimento de corrección ao que se refire o presente, así como outros que foron debidamente notificados ao Concello, deben ser atendidos á maior brevidade posible. Considerando os prexuízos que para o Concello de Teo se derivarían no caso de que non se atenderán debidamente os requirimentos citados, retrasándose a tramitación do expediente do POS+2020, co conseguinte retraso na contratación das obras en cuestión, co prexuízo que iso suporía para o interese público, máxime se temos en conta a situación de parálise da actividade económica ocasionada polo COVID-19, que esixe adoptar as medidas necesarias para que, cando as circunstancias o permitan, se poida proceder á contratación das obras que teña previsto executar o Concello, contribuíndo así a reactivación da economía. Considerando que, de acordo con todo o exposto, o Concello de Teo está conforme con que, segundo se desprende do requirimento da Deputación, non se suspenda a tramitación do expediente referido ao POS+2020.

Considerando que a competencia para proceder á corrección do erro advertido corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que adoptou o acordo que debe ser debidamente corrixido. Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección debe realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación,

na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión, de acordo coa disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.

Segundo.- Corrixir o erro material detectado no acordo plenario do 16 de decembro de 2019, cambiando a denominación da obra de "Reurbanización de Parque Montouto" pola que aparece no proxecto "Reurbanización da rúa Rosalía de Castro, Parque de Montouto parroquia de Cacheiras", quedando o citado acordo, no seu apartado segundo, redactado conforme se recolle a continuación: "Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento**
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES	38.014,96
PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
SANEAMENTO EN CASALONGA	198.262,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL	40.838,26

EN FORNELOS	
URBANIZACION DO NÚCLEO DE CASTRO	230.384,00
REURBANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, PARQUE DE MONTOUTO PARROQUIA DE CACHEIRAS	380.133,60
TOTAIS	1.143.876,55

Terceiro.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Cuarto.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 338/2020).

3.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 341/2020). ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO. POS COMPLEMENTARIO 2020.

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO. POS COMPLEMENTARIO 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000349

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no

citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se que se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de “Reforma e ampliación da casa común de Oza”.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 14 de abril de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o “PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACION DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO”, redactado polo arquitecto municipal, de 14 de abril de 2020.

Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección. Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo

COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o "PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO", redactado polo arquitecto municipal, de 14 de abril de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 341/2020).

4.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 342/2020). ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO MODIFICADO DE "AFIRMADO E

ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS. CONCELLO DE TEO", POS +2020.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO MODIFICADO DE "AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS. CONCELLO DE TEO", POS +2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000350

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se que se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no POS +2020, atópase o de "Afirmado e acondicionamento en Vilar e Augas Mansas". Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 6 de febreiro de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o proxecto de "AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS. CONCELLO DE TEO", redactado polo arquitecto municipal, do 14 de abril de 2020.

Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección.

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto "AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS. CONCELLO DE TEO", redactado polo arquitecto municipal, do 14 de abril de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 342/2020).

5.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 343/2020). ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO "ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA". POS COMPLEMENTARIO 2020.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO "ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA". POS COMPLEMENTARIO 2020 **EXPEDIENTE:** 2020/G003/000351

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se que se detallan así mesmo nas táboas referidas,

aprobando así mesmo os proxectos en cuestión. Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de “Saneamento en Casalonga”.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 14 de abril de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o proxecto de “ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA”, redactado polo arquitecto municipal, de marzo de 2020, asinado o 20 de abril de 2020. Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección.

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de "ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA", redactado polo arquitecto municipal, de marzo de 2020, asinado o 20 de abril de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 343/2020).

6.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 344/2020). ASUNTO: APROBACION DO "PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO". POS COMPLEMENTARIO 2020.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DO "PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO". POS COMPLEMENTARIO 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000352

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se que se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de Urbanización do núcleo de Castro. Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 14 de abril de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o "PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO", redactado polo arquitecto técnico municipal, do 31 de marzo de 2020.

Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección. Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse,

entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o “PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO”, redactado polo arquitecto técnico municipal, do 31 de marzo de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 344/2020).

7.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 18 DE MAIO DE 2020 (Nº 407/2020). ASUNTO: PARTICIPACIÓN NO POS ADICIONAL 2/2020. REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA.

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: PARTICIPACIÓN NO POS ADICIONAL 2/2020. REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA

EXPEDIENTE: 2020/G003/000435

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, e así mesmo acordou aprobar o Plan Complementario do ano 2020, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos.
Considerando que, atendendo o requirido pola Deputación Provincial, o citado acordo plenario do 16 de decembro de 2019 foi debidamente corrixido mediante Resolución da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (res. 338/2020).

Considerando que en virtude do exposto, as obras incluídas no POS +2020 son as que se detallan a continuación:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento**
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCÍ	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
SANEAMENTO EN CASALONGA	198.262,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26
URBANIZACION DO NÚCLEO DE CASTRO	230.384,00
A sra. Lemus sinala que se mirará.

15.- A sra. Nariño pregunta se se están a facer as tarefas de desinfección dos parques infantís aos que si se pode ter acceso, porque logo de que houbera esa controversia, que parecía que se podía acceder aos parques, que estaban valados inicialmente, a xente accedeu o luns, e logo non se podía, e volvéronse a valar, pero os que si están abertos quere crer que foron desinfectados. Pregunta que tarefas de desinfección se fan polo tema do COVID.

O sr. alcalde di que se fai media hora diaria de desinfección.

A sra. Nariño pregunta en que horario, se ó final do día ou cando.

O sr. alcalde di que depende, que é un tema un pouco complicada. Explica que prefiren facelo ao mediodía porque consideran que é adecuado. É certo que se xoga un pouco coa dispoñibilidade da xente, pero tamén aconteceu nalgúns sitios en que se acabou de desinfectar e entraron nenos a xogar, entón tamén é un problema porque ou se deixa unha protección para que durante 5 ou 10 minutos non se use o parque, ou é un jaleo. O sr. alcalde salienta que o dos parques é moi complicado porque no fondo é un paripé, porque ou se desinfecta despois de que pase cada rapaz ou non vale de nada, pero dentro desa normativa que está en vigor e demais estase facendo iso. Explica o sr. alcalde que na maioría se está facendo a partir da última hora da tarde ou a primeira da mañá, para precisamente evitar iso que comentaba, que andiveran os nenos por riba da lixivia. Sinala que a parte do que se lle estaba facendo ademais agora tamén se vai cun aspresor porque os tobogáns altos, coma o de aquí da Ramallosa, para a xente da limpeza é máis complicado.

A sra. Nariño pregunta se se fai de Luns a Venres.

O sr. alcalde resposta que agora si, engadindo que despois de agosto manterase toda a fin de semana porque agora neste momento non hai servizo de fin de semana.

O concelleiro de Son de Teo, sr. Iglesias, sinala que de todos xeitos lle gustaría facer un comentario. Explica que neste momento hai unhas áreas deportivas abertas, tres ou catro, e hai outras que están pechadas, que se lle puxeron carteis indicando esa circunstancia de que esas áreas están pechadas e a xente fai caso omiso ós mesmos.

Sinala que, por exemplo, no que está enriba da autopista o outro día pasou el pola autopista e viu xente arriba, e esa área está pechada. Salienta o sr. Iglesias que é imposible controlar todas as áreas deportivas a un tempo, engadindo que se poñen carteis, péchanse, pero logo a xente fai caso omiso das advertencias, e aí si que xa non hai moito que facer.

16.- A concelleira do PP, sra. Rosende, sinala que se puxo en contacto con eles un veciño da Travesía de Cacheiras, o da ferretería o Cravo, que presentou por rexistro un escrito, fai maña un mes, solicitando unhas melloras para alí, porque non ten onde aparcar para os seus clientes e quéixase porque di que pagou a licenza coma os demais, e fai unhas propostas, que supón que xa as verían.

O sr. alcalde di que si, que o viron.

A sra. Rosende pregunta se se pode tomar algunha medida.

o sr. alcalde di que o problema é que esa é unha estrada da Xunta.

A sra. Rosende sinala que, tal e di o veciño, as xestións coa Xunta terá que facelas o Concello.

O sr. alcalde di que o que pasa é que, se se lembran fora obra do enxeñeiro, que precisamente vive nos Tilos, que puxera as prazas esas de aparcar marcha atrás que ninguén entendía ao principio. O sr. alcalde di que teñen claro que non lle van permitir unha praza de aparcamento, engadindo que a proposta que fai dende o punto de vista de seguridade é absolutamente inviable, polo que non se lle vai a pedir á Xunta algo que desde un punto de vista de seguridade non se pode.

A sr. Rosende di que pide por exemplo cambiar os contedores de sitio, para xerar dúas prazas de aparcamento.

O sr. alcalde di que o do cambio dos contedores non é un problema.

A sra. Rosende di que xa sería un avance.

O sr. alcalde di que fala no escrito dunha propiedade que ten o do supermercado, que non deixa aparcar coches, e que o dono da ferretería pensa que é pública.

A sra. Rosende di que esa franxa é de dominio público.

A sra. Lemus sinala que a franxa de diante do supermercado é privada, non está sinalizada de aparcamento pola Xunta. Falouse co enxeñeiro o ano pasado, e dende a Xunta consideraban que é unha zona non de aparcamento, non se pode aparcar pegado a un paso de peóns, senón que é unha zona de paso para unha zona privada, porque iso non está cedido, nin está expropiado. É terreo privado, do propio supermercado.

A sra. Rosende di que no escrito pon que non é privado, que se informou no servizo técnico de urbanismo.

A sra. Lemus explica que ela falou con el varias veces e xa lle dixo que era privado, o problema que ten el é que quere que se lle poñan unhas prazas de aparcamento despois do paso de peóns cara a estrada da Xunta.

A sra. Rosende di que ese paso de peóns que está enfronte ao restaurante que hai alí tamén é moi perigoso.

A sra. Lemus di que o señor pide varias cousas e algunhas xa se levaron á Xunta o ano pasado, outra vez que se foi á reunión co enxeñeiro. Salienta que a última reunión que houbo coa Xunta, pola estrada esta, foi porque ao lado da pulpería de María vai haber un negocio de venda de coches, se lle permitiu unha entrada, un acceso de 25 metros, con vado, por parte da Xunta. Explica que houbo que falar con eles para dicirlles que iso era imposible, é dicir, se se meten vinte e cinco metros sácanse todas as prazas de aparcamento.

Explica a sra. Lemus que a idea da Xunta sempre é que nesa estrada teñen que desaparecer todas as prazas de aparcamento, que non van a permitir máis prazas, e así cada vez que fan algún pintado intentan mellorar a seguridade, e iso si que é verdade, e unha das cousas que piden sempre é que o carril central de incorporación dende o cemiterio que se reduza.

A sra. Rosende di que se elimine.

A sra. Lemus sinala que nese xiro non é preocupante para eles e que o permiten.

Sinala que non coñece o escrito, pero que non pasa nada, que se lle pasa outra vez á Xunta. Entende todas as súas necesidades como comercio, pero que hai que mirar un pouco máis alá pola seguridade vial. Pode entender a sra. Lemus que, por exemplo, cando foi o da actividade de compravenda de coches fora o de Portugalicia o que comentara que pensaba que estaban facendo unha obra e polo que lle din ten permiso para un vado de 25 metros, e entón entende que aí si que hai marxe, pero hai certas cousas nas que non hai marxe na Xunta porque non opinan, e teñen as súas normas, para ben, ou para mal. Aclara a sra. Lemus que é verdade que entende a preocupación polo aparcamento pero alí moito máis non se lle pode facer.

A sra. Rosende di que alí o tema é que non é saír cunha bolsa de pan na man, saen con sacos, etc, cargados, entón faille perder clientes, porque ao mellor teñen que aparcar alí arriba, e xa pasan de ir, e buscaba unha solución. A sra. Rosende di que o señor di que non vai ir á Xunta, que terán que xestionarllo dende o Concello,

A sra. Lemus di que xa se xestionou varias veces, quen non é que de repente aparecera isto agora, senón que leva como mínimo tres anos pedindo, e algunha cousa, todas non, se levaron á Xunta.

Explica a sra. Lemus que cando apareceu a idea de reducir os carrís houbo un momento no que a Xunta quería cargarse todos os xiros á esquerda, que se se facía dende o lado este da estrada, o Concello estaba en contra e eles argumentaban que os xiros que se podían facer por exemplo dende o cemiterio de Cacheiras non era preocupantes.

A sra. Rosende di que si que é preocupante, porque se ves do cemiterio e hai coches aparcados, non se ven os coches que veñen de abaixo.

A sra. Lemus di que si, pero que para a Xunta non é preocupante. Explica que hai un inspector, un vixiante de estradas, que ten en conta os criterios que ten que ter en conta a Xunta, e que o Concello non pode valorar, aínda que pode non estar de acordo, os criterios, porque son os titulares da estrada.

A sra. Lemus opina que o señor ten un problema, que ten difícil solución, engadindo que non é a primeira vez, senón que leva tres anos co mesmo asunto e mandáronse

varios escritos á Xunta, que sempre foron denegados e nunca se lle fixo caso. Así coma noutras veces si que accederon dende a Xunta, neste caso sempre se lles dixo que non, que eles eran partidarios nesa travesía de quitar os vehículos nesa zona sobre todo de aparcamento.

A sra. Rosende di quen entón hai un malentendido cando el pon que preguntou no Concello polo tema do aparcamento e que lle dixeron que era público.

A sra. Lemus di que entendería mal, pero esa parte é privada. Explica que el recoñece que chamou moitas veces á policía, e a policía vai alí e claramente é privado, non hai nin unha soa denuncia porque é a súa propiedade privada e el determina quen aparca.

O sr. alcalde di que en todo caso que intente facer peticións doutra forma, porque alí hai unha praza moi estreita e pide que se reduza a aceira, e ir con ese papel en concreto a ningún sitio pedindo que se reduza a aceira non lle parece axeitado.

A sra. Rosende di que pide retirar as bandas oblicuas pintadas no chan en todo o trazado que limitan as prazas de aparcamento.

A sra. Lemus di que en todo caso si que é verdade que hai que comentalo, porque non está aquí presente e ademais foi unha persoa que loitou moito, e hai que agradecerllo, foi o sr. Francos, que foi a moitas reunións e moitas en Coruña por ese tema, e ao mellor todo isto que di tanto a xente de “si, si, si”, pode ser que si, pode ser unha pésima dirixente, pero Xurxo intentouno de todas as formas posibles.

17.- A sra. Rosende di que quere volver ó tema do carteliño da auga. Diríxese ao sr. Elías e pregunta se se lles pasou, porque fai un mes, e se trata dunha auga que non é potable, e a xente bebe alí.

O sr. Elías di que non foi a buscar aínda o análise de Pontevea.

18.- A sra. Rosende sinala que a estrada de Vilar de Calo, de enfronte a frutas Barreiro, está nun estado lamentable.

A sra. Lemus sinala que está orzamentada.

Co permiso da presidencia, a concelleira do BNG, sra. Diéguez comenta que o cruceiro

de Rarís, o que está alí onde a Igrexa, ten unha greta, engadindo que so quería comentalo porque sería conveniente facer un estudo de se corre perigo e tomar medidas antes de que sexa tarde.

O sr. alcalde di que aproveitando a circunstancia informa de que por fin chegou o permiso de Patrimonio do cruceiro de Oza.

19.- O concelleiro do PP, sr. Sánchez, di que as tres ou catro cuestións que trae son a colación do consello escolar que tivo lugar onte no Instituto de Cacheiras. Salienta que en primeiro lugar quería trasladar a protección civil un agradecemento por parte do IES. Explica que lle fixeron saber que estaban agradecidos pola labor que fixeron durante a época de confinamento e el comprometeuse a explicalo hoxe no Pleno para que quedase constancia, trasladarllo ao goberno local e tamén para que quede constancia na acta do plenaria.

Explica o sr. Sánchez que durante o consello escolar comentáronse como non pode ser doutra forma, varias cuestións, e entre outras falouse tanto por parte do profesorado como por parte dos pais, da época de confinamento e cadaquén expresou situacións que non foran doadas. O concelleiro do PP pide perdón, por se se tomou unha excesiva licenza, engadindo que se permitiu a licenza de felicitar e agradecer o traballo dos docentes e da paciencia dos pais en nome de toda a Corporación.

O sr. Sánchez sinala que, dito isto, quere plantexar dúas cuestións. A primeira falando das previsións que teñen de cara a limpeza, pensando xa no vindeiro curso, falouse das previsións económicas, e xusto nese momento preguntaron se por parte do Concello había algunha previsión para, de cara ó vindeiro curso, labores de cara o COVID, en xeral, non soamente de limpeza.

Explica o sr. Sánchez que lles dixo que o descoñecía pero que imaxinaba que no que afectaba especialmente á limpeza considerando que é competencia do Concello que non habería ningún problema por apoiar todo o que fose.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, sinala que o Concello non é competente.

O sr. Sánchez sinala que o mantemento é competencia do Concello.

O sr. alcalde di que a limpeza do cole está asumida pola Xunta, nos centros de primaria é do Concello, e no IES é da Xunta, en todo caso que fagan unha proposta máis concreta porque terían en todo caso que ser complementaria.

O sr. Sánchez di que lles dixo que imaxinaba que tratándose desta cuestión non habería problema sempre e cando a aportación fose asumible por parte do Concello.

O sr. Sánchez sinala que onte no Concello escolar a dirección do centro quería actualizar o baremo para o transporte, é dicir, quería levar ao proxecto educativo o baremo que ven establecido polas últimas instrucións da Xunta. Basicamente o que querían era facer cumprir a normativa do baremo que consta no proxecto educativo. Como non podía ser doutra maneira saíu o tema do transporte, que xa se ten traído a este Pleno e cuxa moción precisamente se aprobou no Pleno do mes pasado. Sinala o sr. Sánchez que explicaron que de cara ao vindeiro curso o problema a priori non é grande, que realmente aínda está por saber cantos alumnos necesitarían de transporte en bacharelato, porque os prazos neste curso están retrasados para todo e aínda non se sabe con precisión cantos van ser os alumnos que cursen bacharelato.

Explica o sr. Sánchez que dicían, en primeiro lugar, que podería darse a circunstancia de que nin sequera fose necesario aplicar o baremo, é dicir, que houbese máis oferta de prazas de transporte que demanda, pero que no caso de haber máis demanda que prazas, que a demanda case sempre é cativa. É dicir, estaban falando de moi poucos alumnos.

Entón como sempre, pregan que en certa medida se puidera dar certa seguridade para que eses poucos alumnos que no hipotético caso de que puideran quedar sen prazas de transporte, pois que o Concello puidese colaborar dalgunha forma.

O sr. Sánchez sinala que el lles dixo que entendía que tratándose neses termos, considerando que o montante económico non fose excesivamente elevado, pois que confiaba, aínda que loxicamente non puido dicir nada máis, que confiaba que por parte do goberno local se tivese a sensibilidade para procurar argallar unha solución, e eles ademais pedían que, na medida do posible, a medida que se tomara tivese certa continuidade no tempo.

Aclara o sr. Sánchez que simplemente quería trasladalo para facer o que corresponda.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.09.25 11:04:27 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.09.25 11:02:41 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 7/2020

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 29 DE XULLO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a vinte e nove de xullo de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria acctal:
D.ª Mª Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:
1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 576/2020 Á 655/2020)
2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO AO RLTGX CO OBXECTO DE REDUCIR A DÉBEDA
3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DESCRITIVA NO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO (FEDER-POCS 2014-2020)- FASE II
4.- MOCIÓNS
5.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 576/2020 Á 655/2020)

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 18 de xuño de 2020 ata o 23 de xullo de 2020, que comprenden os números 576 ao 655, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO AO RLTGX CO OBXECTO DE REDUCIR A DÉBEDA.

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de xullo de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos do 23 de xullo de 2020.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Suplemento de crédito con cargo ao RLTGX co
obxecto de reducir a débeda

A liquidación do orzamento do exercicio 2019 do concello de Teo aprobada por resolución da Alcaldía do 2 de xuño de 2020 contempla, no Informe de Intervención asinado o 25 de maio, un Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais (RLTGX) de 2.044.820,78€.

Tomando en consideración o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, no seu artigo 32 e na disposición adicional sexta, complementado coas aclaracións do Ministerio de Facenda e Función pública na "Aplicación de la normativa de estabilidad presupostaria de las entidades locales" (marzo, 2018), o concello debe atender, en primeiro lugar, as obrigas pendentes de aplicar a orzamento (xa realizado no pleno de xaneiro) e, posteriormente, a reducir o nivel de endebedamento.

Tomando en consideración esta exposición de motivos, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de créditos núm. 14/2020, baixo a modalidade de suplemento de crédito, consistente en incorporar na partida 011/91100 un importe de 284.680,95€ con cargo ao Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais (RLTGX), co obxectivo de devolver todos os créditos contratados con entidades bancarias privadas.

Segundo.- Expoñer o citado expediente ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e

entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, o expediente entenderase aprobado definitivamente, e será inxerido no Boletín Oficial da Provincia".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que xa no Pleno de maio o seu grupo falaba deste tema en dúas mocións: unha para derrogar a Lei Montoro e outra sobre o Plan de reactivación económica, vinculada a esa derrogación. O Concello vese obrigado con cargo ao seu aforro a atender en primeiro lugar ás obrigas pendentes de aplicar e posteriormente para pagar débedas aos bancos, que parece a prioridade neste momento tal e como denunciaban, nesta complicada situación que nos deixou a COVID-19. Nesa mocións dicíase que os concellos deberían ter autonomía para utilizar estes remanentes para o beneficio das persoas e para o que consideren necesario, e non para os bancos, e que se puidese utilizar os remanentes orzamentarios aínda que se incumprise a estabilidade orzamentaria e a regra de gasto para rescatar persoas e non bancos. Hoxe máis que nunca é necesario derrogar a Lei Orgánica 2/2012, para que os concellos e deputacións poidan adoptar medidas de reactivación económica.

A sra. Lemus, concelleira do PSdeG-PSOE apoia a proposta da Alcaldía.

A sra. Calvo de la Uz, concelleira do PP, indica que o seu grupo non está en contra da proposta, senón todo o contrario, e o informe de intervención é favorable. Partindo de que o goberno central tarde ou cedo requisará para as súas arcas o remanente dos municipios, parécelles ben liquidar para atender á débeda. Non obstante, vanse a abster porque no mes de abril o grupo do PP presentou unha proposta neste senso pero dirixida ás pymes, ao pequeno comercio local, ás persoas..., porque consideran que hai que priorizar antes ás persoas e logo as entidades bancarias, o cal non quere dicir que non se cumpran as débedas. Vanse abster para non obstaculizar os pagos e as débedas.

O sr. alcalde coincide plenamente ca intervención do sr. Fernández e en canto á intervención do grupo do PP aclara que son cousas que poden ir en paralelo, que non son contraditorias, porque o remanente non se podería destinar a eso polas restricións legais.

Finalizado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e nove abstencións (7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de créditos núm. 14/2020, baixo a modalidade de suplemento de crédito, consistente en incorporar na partida 011/91100 un importe de 284.680,95€ con cargo ao Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais (RLTGX), co obxectivo de devolver todos os créditos contratados con entidades bancarias privadas.

Segundo.- Expoñer o citado expediente ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, o expediente entenderase aprobado definitivamente, e será inxerido no Boletín Oficial da Provincia.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DESCRITIVA NO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO (FEDER-POCS 2014-2020)- FASE II

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, Dna. Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta de 16 de xullo de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos do 23 de xullo de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: modificación da memoria descritiva, á que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017, no programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono (FEDER-POCS 2014-2020)- FASE II

Visto o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de xuño de 2017).

Tendo en conta que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria urxente celebrada o 17 de xullo de 2017, aprobou a participación do Concello de Teo no programa das subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, no que poderiamos denominar a fase I, con dúas actuacións, acordo no que se incluía a aprobación das memorias descritivas das mesmas:

OBXECTIVO ESPECIFICO	MEDIDA	ACTUACIÓN	IMPORTE	AXUDA SOLICITADA
OE431	7	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE TEO	546.974,49	437.579,59
OE432	15	INCORPORACIÓN DE SISTEMAS FOTOVOLTAICOS DE PRODUCIÓN DE ELECTRICIDADE EN EDIFICIOS MUNICIPAIS	55.074,00	44.059,20
TOTAIS			**602.048,49**	**481.638,79**

Por Resolución de data 21 de xaneiro de 2019, estimouse favorablemente a solicitude de axuda ao Concello de Teo, formulada no contexto do RD 616/2017, de 16 de xuño, para o proxecto “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE TEO”, cun coste elexible solicitado de 546.974,50 euros , e unha axuda solicitada e concedida de 437.580,00 euros.

Dito proxecto foi licitado e adxudicado, dividido en 4 lotes, dos que 3 van ser obxecto de modificación.

LOTE 1: EDAR CALO adxudicado a Demain Obras y Servicios, S. L. con CIF B36627180 , por un importe de 160.248,71 euros (IVE excluido), con contrato formalizado en data 7 de xaneiro de 2020.

LOTE 2: EDAR OS TILOS, adxudicado a Esqueiro, SL, con CIF B15590581, por un importe de 113.862,68 euros (IVE excluido), con contrato formalizado en data 7 de xaneiro de 2020.

LOTE 3: EDAR PONTEVEA, adxudicado a Espina Obras Hidráulicas, S. A. con CIF A15168156, por un importe de 91.700,00 (IVE excluido), con contrato formalizado en data 3 de xaneiro de 2020.

Tras a actualización dos datos de funcionamento das EDAR nos últimos meses, necesarios para establecer as necesidades reais a cubrir polo sistema de aireación, constatouse pola dirección de obra, a enxeñeira industrial Fátima Pombo, a necesidade de modificar os equipos inicialmente propostos incrementado a súa capacidade de subministro, aproveitando a aparición no mercado de equipos que podan mellorar o comportamento das estaciones de depuración, axustándose de forma óptima ás demandas das mesmas e optimizando o seu consumo enerxético e os seus custes operativos.

De conformidade co artigo 205 da Lei 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público para as modificaciones non previstas no prego de clausulas administrativas particulares, o modificado a realizar sobre a memoria valorada deriva da necesidade de axustar o deseño proposto ás necesidades reais observadas nas plantas no último período de medición; non altera a natureza global do contrato, posto que se limita á substitución da solución proposta por outra equivalente, pero máis axustada á demanda real observada, e non suporá en ningún caso un incremento sobre o prezo do contrato.

Ademais da modificación dos pregos, esta modificación inclúese dentro do previsto do artigo 8.1 do RD 616/2017 anteriormente citado, sobre obrigas esenciais dos beneficiarios, ao ser unha modificación que supón a alteración de calquera dato

incluído na memoria descritiva aportada inicialmente, debendo ser aprobada esta nova memoria descritiva polo mesmo órgano competente que a orixinal.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva modificada ás que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017:

- *"Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de depuración de augas residuais do Concello de Teo" , de xullo de 2020, redactada pola enxeñeira industrial Fátima Pombo.*

Segundo.- Facultar expresamente o alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que o seu grupo está de acordo.

A sra. Calvo de la Uz, concelleira do PP, indica que van a apoiar a proposta, pedindo que se lles dea conta dos trámites e xestións que se leven ao efecto.

Finalizado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva modificada ás que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017:

- "Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de depuración de augas residuais do Concello de Teo" , de xullo de 2020, redactada pola enxeñeira industrial Fátima Pombo.

Segundo.- Facultar expresamente o alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

4.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, xa que non lle consta presentada ningunha polos grupos municipais.

O sr. Sánchez, concelleiro do PP, indica que o seu grupo presenta unha, da que reparte copias a cada grupo municipal e á secretaria acctal.

O sr. alcalde indícalle que pase a expoñela para a votación de urxencia. O sr. Sánchez da lectura á mesma:

"*O voceiro do Partido Popular, José Manuel Guerra, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte* ***MOCIÓN PARA A PETICIÓN DE CELEBRACIÓN DE PLENO EXTRAORDINARIO.***

Exposición de motivos:

O pasado 24 de xullo dábase a coñecer, en tempo pasado, a celebración dunha reunión entre persoal municipal e os representantes de Toca Salgado SL (Toysal). Nela estiveron presentes, "ademais do Alcalde Rafael Sisto e Víctor Manuel Toca, a Secretaria Xeral, o Arquitecto municipal, a concelleira de Urbanismo, Uxía Lemus, así como o asesor legal da empresa".

Dende aquel momento ata a data de redacción deste documento, a veciñanza teense non coñece cales foron os temas abordados na xuntanza non o alcance dos mesmos, cuestión que consideramos obrigada tendo en consideración a magnitude da problemática, a sensibilidade veciñal ao respecto e a trascendencia para o futuro de Teo. Asemade, o equipo de goberno non se puxo en contacto en ningún momento con este grupo municipal para facilitar a devandita información.

Por tal motivo, ao abeiro do establecido no Regulamento orgánico do Concello de Teo, no seu capítulo II relativo ao Funcionamento do Pleno, artigo 19.3, propoño a aprobación do seguinte ACORDO:

1. Realizar un pleno extraordinario coa máxima brevidade posible ao obxecto de aclarar todos os pormenores relativos á xuntanza citada no que se contemplen os seguintes puntos na orde do día:

a. Comparecencia do Sr. Alcalde, Rafael Sisto Edreira.

b. Comparecencia da Sra. Concelleira de Urbanismo, Seguridade Cidadá, Enerxía e Sostibilidade, Uxía Lemus de la Iglesia."

Á vista do exposto o sr. alcalde pregunta á secretaria acctal sobre o procedemento para solicitar un pleno extraordinario, a cal resposta que a solicitude de celebración de pleno extraordinario pola cuarta parte de membros da Corporación no se fai a través dunha moción, senón a través da presentación da solicitude no rexistro do concello. O sr. alcalde entende que non ten sentido votar a proposta porque si se alcanza un número de concelleiros a convocatoria do pleno é automática. Por parte do sr. Sánchez indícase que se presenta así unha vez feita a consulta pola mañá á secretaria xeral, pero que non ten problema en presentala po rexistro.

A sra. Calvo de la Uz dille ao sr. alcalde que cumpren co número, e que estaba aceptando a moción.

O sr. alcalde insiste en que o pleno extraordinario está regulado para que si un número determinado de concelleiros o solicita hai que concedelo, non se pode votar en contra de algo establecido legalmente.

O sr Sánchez explica en que desde o momento en que se solicita a comparecencia é habitual facer previamente unha votación.

A sra. Lemus di que son mecanismos diferentes, presentada a solicitude por rexistro o pleno extraordinario se convoca automaticamente.

O sr Sánchez argumenta que é para axilizar, porque outra vez viñeron ao pleno a votar a comparecencia estiveron 3 minutos e volveron para a casa ata o seguinte pleno da comparecencia, non querían repetir dúas veces o pleno.

O sr. alcalde di que farán o pleno extraordinario a semana que ven, ao que o sr. Sánchez pregunta si para que comparezan ou para que. Fai constar que este mesmo procedemento se fixo noutra ocasión e non foi así, que nun pleno votaron a comparencia e noutro pleno compareceron. O sr. alcalde da opcións para axilizar os trámites.

Explica xa que a reunión en cuestión pediuse a Alcaldía como a pode pedir calquera veciño, e como viña acompañado de avogado pediulle á secretaria xeral, á sra. Lemus e ao arquitecto que estivesen presentes. Indica asemade que a sra. Lemus non estará no concello para a semana. Por outra banda expón que esa reunión foi intranscendente, e que si houbese algo urxente que expor así llo trasladaría aos grupos e que hoxe mesmo enviou un correo para explicarlles ás 19.30h de que ía a reunión, xa que pola mañá tratou o tema ca plataforma, pero xa ve que non o viron.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O portavoz do BNG, sr. Fernández Baz, indica que o luns o seu grupo presentou unha instancia na que se pedía a celebración dun pleno extraordinario urxente, conscientes de que o seu grupo non ten quorum, xa que consideran que deben pedirse explicación e debe darse conta destas cousas, e que o xoves que houbo comisións informativas ben se puido avisar de que venres había unha reunión con Toysal. Tiñan que saber que había o venres esa reunión, porque Toysal non é calquera empresa.
Dí que desde a primeira reunión en Francos deberían reflexionar. O luns presentou a instancia para solicitar o pleno extraordinario, e como non era coñecedor da reunión do venres con Toysal recibiu moitas preguntas e a inquedanza da veciñanza.
Continúa dicindo que xa que se vai celebrar ese pleno, que non vai dicir máis nada, só que é bo dar conta deste tipo de reunións, sobre todo á plataforma, porque están nerviosos. O seu grupo está preocupado polo proxecto e por como se vai xestionar, xa que consideran que a Xunta de Galicia está envalentonada. Preocúpalle non xa a explotación da canteira (que consideran que Toysal non vai facer, non se dedica a explotar canteiras), senón a restauración da mesma. Sinala que a normativa de restauración segue vixente.

A concelleira do BNG, Dª. Carmen Diéguez, formula os seguintes rogos e preguntas:
- Quere insistir no pino que está caendo pouco a pouco na estrada que vai a Verxeis, agora toca a farola e a farola case non se ve.

- A encargada do bar Casa Javier en Francos que di que os terreos de RENFE que están enfrente dificultan a visibilidade e polo tanto a seguridade viaria. Di que é consciente que son de RENFE, pero alguén terá que dicirlles que o limpen, e polo San Martiño sí que o limpa o Concello.

- Que pasa coas fincas que hai en núcleo, fincas con casas deshabitadas e sen limpar, cheas de silvas e maleza, é unha queixa dunha sra. que vive en Os Vilares nº 85 sobre a casa de enfronte. En Ribas pasa o mesmo con varias casas.
O sr. alcalde di que se non entra pola lei de incendios, noutro tipo de actuacións é máis complicado actuar por ter que limpar en propiedades privadas.

O sr. Fernández Baz pregunta por que o parque de Vilar de Francos está pechado.
O sr. alcalde indica que non sabe concretamente si hai outra circunstancia nese parque, pero todos os parques do concello están pechados agás cinco, xa que o concello non ten capacidade para desinfectar máis, tendo en conta que aínda que desinfecten ás tres da tarde si se usan ás cinco xa podería ser necesaria unha desinfección outra vez.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

O concelleiro do PP, sr. Guerra, formula os seguintes:
- A pista que sube das Laxes está en estado lamentable.
- Queixa de que no campo de baile de Teo hai unhas ramas dun carballo na parte que sube e un banco abaixo, e pódelle caer enriba a alguén.
- A masa común que hai nos Agreiros en Cornide, ten moita herba seca, piden que se desbroce.
- Estrada de Oza, presentaron unha moción e quere saber si contestaron algo. O sr. alcalde di que non, e que dubida que digan algo.

O concelleiro do PP, sr. Sánchez, formula os seguintes rogos e preguntas:

- A Asociación cultural A Mámoa presentou un escrito que reflicte que o asfaltado sobre asfaltado na praza xunto diante da asociación, foi subindo o nivel do asfaltado e preocúpalles tamén a velocidade dos vehículos. Solicita que se teña en conta.

- A veciñanza de Luou amosa a súa confusión pola situación en que está a obra da Horta do Cura. Todos saben que hai dúas fases, pero exactamente en que situación se amosa a obra?

O sr. alcalde indica que se está a rematar a fase II, e non se iniciou a fase I que é a de interior. Ao facerse primeiro a fase II viuse o problema de falta de aparcamento e se están a buscar solucións ao aparcamento, porque son conscientes de que o aparcamento interior é moi limitado, e por iso a Igrexa cedeu terreos. Unha vez feito o aparcamento vaise completar o que falta da fase II. A fase I, está pendente de aprobación.

A sra. Lemus di que a fase I está pendente de aprobación dun modificado pola Deputación Provincial, engadindo o alcalde que esperan que estará para a primavera que ven.

- ¿Cal é a mutua do Concello de Teo? O sr. alcalde resposta que o concello ten Seguridade Social para calquera accidente e demais, agás os recoñecementos médicos que se mantén a mutua anterior.

Ao fío de falar da mutua, o sr. Guerra pregunta que como foi o accidente do rapaz que caeu desbrozando na escola de Ameneiro. O sr. Elías resposta que foi un esguince, meteu un pé nun pequeno desnivel.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cuarenta e sete minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.11.16 15:04:52 +01'00'

A secretaria accidental

Mª Elena Sueiro Fernández

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2020.11.16 14:10:55 +01'00'

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 8/2020

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 5 DE AGOSTO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a cinco de agosto de de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.ª Carmen Diéguez González

No asisten, previa escusa:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

Secretaria acctal:
D.ª Mª Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1. COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN COA XUNTANZA MANTIDA CON REPRESENTANTES DA EMPRESA TOYSAL

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e un minuto, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN COA XUNTANZA MANTIDA CON REPRESENTANTES DA EMPRESA TOYSAL

O sr. alcalde da a benvida á sesión extraordinaria do Pleno da Corporación que ten un único punto na orde do día que é a Comparecencia do alcalde en relación coa xuntanza mantida con representantes da empresa Toysal.

Antes de nada, desculpa a ausencia de Uxía Lemus, concelleira de Urbanismo, que en principio tamén ía a comparecer sen que se solicitara, pero tiña programadas as vacacións cunha viaxe e non pode estar presente. Indica que, en calquera caso, se algunha cousa quedara pendente e dependera da súa presenza non habería problema na convocatoria doutro pleno para que explique o que considere.

Expón que fixo un pequeno guión para intentar non esquecerse de nada, pero que o guión é pequeno porque tampouco deu moito máis de si a cousa.

Primeiro explica por que se celebrou esa reunión. Celébrouse porque Víctor Toca, que é o representante do propietario de Toysal solicitou telefonicamente esa reunión. Indica que Alcaldía dende sempre ten por principio básico de recibir a todo o mundo que o solicita, que se lle poderán cuestionar moitas cousas por ser incapaz ou ser pouco hábil para solucionalas, pero o que si cree e que non se lle poderá achacar nunca a

responsabilidade por non ter falado con quen llo pediu e intentar en todo caso buscar solucións.

Ademais, cree que a labor da Corporación e do goberno en particular ten que caracterizarse por un tratamento igual, con todos os cidadáns e empresarios, e independentemente das funcións ou do traballo que desenvolvan, e nese sentido igual que a calquera outro que tivera pedido unha entrevista se lle concedeu. Continua relatando que é certo que intentou, en concreto a persoa que leva a súa Secretaría, concretar cal ía ser o tema da reunión pero non foi capaz, máis alá do tema xeral como propietario da canteira existente.

Expón que en principio, coma en todas as entrevistas que se solicitan a Alcaldía, a asistencia ía a ser persoal do alcalde, unicamente, porque foi así como se solicitou, aínda que indica que é certo que teñen a precaución de sempre de se quen solicita a entrevista acude acompañado de algún tipo de asesoramento ou persoa de apoio, manobrar no sentido de sentirse respaldados en igualdade de condicións. Así que cando se concretou que na reunión ía estar presente o avogado de Toysal, pediulle á secretaria xeral do concello, ao arquitecto municipal e á concelleira de Urbanismo que o acompañaran nesa reunión. Sinala que foron esas 6 persoas, 4 pola nosa parte e 2 por parte de Toysal, as que se reuniron.

A reunión, que durou entre 15-20 minutos máis ou menos, empezou cunha intervención de Víctor Toca (propietario da canteira), que era o que solicitaba a entrevista, presentándose como propietario da canteira, dicindo que pretende explotar esa canteira, como é a súa obriga, e que busca normalizar a relación co Concello.

O sr alcalde refire que lle preguntou directamente, que consideraba el “normalizar”, porque realmente el fixo moitas solicitudes ao longo destes anos, con distintos proxectos, e por parte do Concello, como administración, sempre tivo unha resposta dende o punto de vista técnico, dende o punto de vista xurídico, defendendo os intereses da colectividade, que é o que ten que facer a Administración. O sr. Toca contestou que consideraba que a actuación do Concello non fora leal dende o momento da primeira reunión que se tivera, pois se saíra criticando o proxecto. O sr. alcalde contestou que iso non era certo, porque, por sorte, nesa primeira reunión estaba tamén o arquitecto municipal. Eles presentaran o proxecto en xaneiro e esa

reunión foi a finais de ano, novembro ou decembro. E nesa reunión o sr. alcalde aclarou que se alguén actuaba con ocultación e con mala praxe fora o sr. Toca, porque nesa reunión el se presentaba dicindo que levaba moitos anos traballando na recuperación de canteiras, e que iso era o que pretendía facer aquí, que ía a quedar moi ben recuperada dende o punto de vista ambiental, que ía explotar forestalmente o espazo da canteira unha vez feita a restauración e que tal fora así que o arquitecto municipal e o sr. alcalde dixeron á par: "onde está o negocio?". O sr. alcalde di que esa foi a pregunta que se fixeron, tal era a evidencia de que o sr. Toca en ningún momento plantexara ningún tipo de actuación na canteira. Esa foi a contestación que se lle deu por parte de Alcaldía en canto á acusación de deslealdade por parte do Concello.

Sinala o sr. alcalde que pode dicirse case que aí acabou o que foi unha reunión "razoable" xa que ata aí houbo discrepancias, pero nada máis, pero a partir de aí se "desmadrou", por parte, fundamentalmente, do avogado del; aínda que hai que recoñecer que algúns representantes municipais tampouco contribuíron a que a reunión fose moi sosegada, pero tamén é certo que se dixeron cousas serias e que incluso os funcionarios saltaron con contundencia. Non foi unha reunión ordenada, non foi un intercambio de ideas ordenado senón que foi un cruce continuado de reproches. Toysal acusaba ao Concello de connivencia coa Plataforma, dicían que todos sabiamos como se movían os movementos sociais, que isto estaba totalmente amparado polo Concello, que se lle estaba facendo moi mal á empresa co nome posto por aí continuamente, e que o Concello estaba detrás diso. O sr. alcalde expón que intentaron explicarlles que estaban alí nesa reunión como goberno municipal, como representantes dunha administración, e que como Concello, como goberno municipal, a actuación fora impecable dende o punto de vista administrativo, xurídico e técnico, e que non podía facer ese tipo de acusacións, porque non eran certas.

Continúa expoñendo o sr. alcalde que o seguinte punto onde máis se chocou e se produciu o enfrontamento foi polo asfaltado da pista que atravesa a canteira, xa que o avogado de Toysal acusounos de prevaricación. O concello sempre sostuvo que esa é unha pista municipal, e eles cuestionaron, sobre todo o avogado, de forma radical a propiedade da estrada, manifestando que era súa, e que tiñan moitos documentos que así o atestiguaban. O sr. alcalde refire que intentou reconducir a conversa que xa estaba absolutamente "desmadrada". Indicoulles que se alguén consideraba que era

propietario dese terreo da estrada, primeiro que remitisen a documentación xustificativa, porque ata ese momento non aportaron nunca ningunha argumentación ou xustificación desa propiedade, e que o Concello valoraría se eses documentos realmente certificaban esa propiedade ou se os argumentos do Concello sobre a propiedade da estrada son máis sólidos. Díxolles que se seguían considerando que era da súa propiedade, fosen ao xulgado para que este determínase a propiedade e acabaran co problema, porque non se pode acusar de prevaricación cando non é certo, e máis cando a administración ten o deber de protexer e defender, incluso en caso de dúbida, se a cuestión non está clara, a titularidade dun ben que é público e é de todos.

Indícase polo sr. alcalde que toda a reunión foi nun clima de tensión crecente, onde por dúas ou tres veces houbo conato de abandono da reunión por unha e por outra parte, xa que no punto no que se estaba non os levaba a ningún lado, pero dito iso volvíase a enganchar por outra "tontería".

Á marxe de todo isto expón o sr. alcalde que houbo unha cuestión que lle chamou a atención, e foi que deron a entender que non necesitaban un novo Plan de restauración, e que o deixaron caer dunha forma que tanto o arquitecto municipal coma a concelleira de Urbanismo Uxía Lemus e o propio alcalde dixeron loxicamente que por parte do concello si se consideraba que facía falta un novo Plan de restauración, e que é máis, que tiñan o convencemento de que Minas llo solicitara, e que ademais o que tiñan, non o consideraban proxectable, e por iso se recorreu.

Continúa indicando que a estas alturas segue sen entender moi ben cal era o obxectivo da reunión, porque iso de "normalizar" a relación co Concello non casa ca actitude ca que acudiron, e que comentaron o tema entre os asistentes á reunión varias veces, intentando buscar cal podería ser o obxectivo desa reunión, sendo que a única cuestión que lles pareceu medianamente razoable foi que se realmente teñen que presentar un novo Plan de restauración, e iso ten que contar cun informe do Concello, aínda que non sexa vinculante, e que buscaban que o Concello non fose moi duro nese informe municipal. Claro que, se ese era o obxectivo, a táctica coa que viñeron á reunión foi moi mal deseñada, porque el cree que se ti vas a buscar que alguén non sexa moi crítico con algo que propós intentas discutir ou vender o que vas a facer, pero nin sequera falaron de presentar un novo plan de restauración nin nada. Foi das cuestións que máis lle chamaron a atención ao sr. alcalde.

Sinala que dende o punto de vista municipal foi unha reunión intranscendente, porque non houbo ningún dato novo, ningunha proposta nova, e tampouco dende o punto de vista municipal, loxicamente, se dixo nin se aportou nada distinto. É dicir, que estamos na situación que estabamos. O máis claro foi a manifestación da vontade de explotar a canteira, ao que se lles respondeu que non vían desde o Concello que a explotación da Canteira fose rendible economicamente, pero que el era o empresario e tiña o dereito a exercer o dereito polo que pagou.

Para rematar o sr. alcalde quere dicir que o Plan de restauración vixente agora, porque Minas o permite, é o plan antigo de Carballal, e por unha parte preocúpalle que estea vixente ou que se estea traballando a canteira cun Plan de restauración que non é aplicable, porque entre outras cousas poñía o do Polígono industrial e iso non é viable dende o punto de vista urbanístico. Si lle da a tranquilidade que ese Plan de restauración non permite a entrada de material de fóra. O obxectivo do Goberno municipal será conseguir que se se chega a aprobar un novo Plan de restauración ese Plan non teña entrada de materiais de fóra, polo que xa se comentou moitas veces da dificultade de controlar que tipo de materiais entran, e porque ademais existen experiencias en concellos limítrofes.

Remata o sr. alcalde declarando a súa dispoñibilidade ás preguntas que consideren facerlle.

O sr. Fernández Baz, portavoz do BNG, da as boas tardeS a todas e a todos, e indica que antes de nada quere agradecer ó señor alcalde que decidira convocar un pleno para dar conta da reunión que mantiveron con Toysal o pasado 24 de xullo no Concello; e agradécello malia que para que se dignase a informar houbera que reclamar a través dun escrito que presentou o seu grupo o 28 de xullo no Rexistro do Concello, despois de que se tivera celebrada a reunión o venres anterior, sen ter coñecemento desa reunión nin os veciños e veciñas nin tampouco os portavoces municipais, malia que o día anterior, o xoves 23 coincidiran no Concello nas Comisións informativas onde o sr. alcalde tivo oportunidade tamén de informar de que ía a ter unha reunión con Toysal.

Sinala que o seu grupo pedía que dera contas a tenente de alcalde, a Concelleira de Urbanismo, por varias razóns, unha delas, a máis importante, porque na nota que se

colga na páxina web do Concello, que é por onde se coñece que se celebrou a reunión, dicíase que se trataran cuestións urbanísticas e medioambientais. É polo tanto polas cuestións urbanísticas e medioambientais, ademais de porque tamén estivo nesta reunión, e porque é membro do Goberno municipal e está sometida á obriga democrática de dar contas, é polo que se solicitaba a súa comparecencia. Engade que solicitouse o 28 de xullo, e xusto o pleno ordinario ía a ser o día 30 de xullo. Solicitouse con tempo suficiente para que o sr. alcalde, se así o decidira, puidera convocar un pleno extraordinario urxente para informar canto antes e con todos os membros desta Corporación presentes. Continua sinalando que o sr. alcalde preferiu agardar ao Pleno ordinario e estaba "cantado" que o PP ía a solicitar un pleno extraordinario xa que é a única formación política nesta Corporación municipal que pode pedir que se convoque o Pleno, e tense que convocar, si o solicita, porque pode convocalo o alcalde ou un grupo político que represente polo menos un cuarto dos membros da Corporación. Polo tanto di que era previsible, pero que cadaquén actúa como considera, e que o sr. alcalde poido telo convocado e informar xusto inmediatamente despois desa reunión.

Tamén quere comentar o sr. Fernández a cuestión que ten que ver coas reaccións ao que debera ser o normal nunha Corporación municipal democrática. Considera que un grupo político da oposición fiscalice a labor do goberno municipal ou de cada un dos seus membros, non é que sexa normal, senón que é unha obriga diante dos veciño/as e ese compromiso deben de cumprilo e nese compromiso está a fiscalización da acción do goberno municipal. Polo tanto, onde algúns ven ameazas o sr. Fernández ve o exercicio do dereito e deber a esixir contas a un goberno democraticamente elixido. Onde algúns ven insinuacións, el ve afirmacións ben claras e sen malentendidos e onde algúns pensan que colaborar é aplaudir, e que discrepar é levar a contraria, el ve o contrario. Di que onde algúns ven maldades el ve o dereito a estar informados e o dereito a discrepar, e que no exercicio dese compromiso o seu grupo solicitou que se dera conta da reunión que hoxe os trae aquí. Expón que foron moitos e moitas veciños e veciñas de Calo e concretamente da Casalonga, os que o 24 de xullo se puxeron en contacto co sr. Fernández para solicitar "explicacións dese encontro". Algúns veciños mandáronlle un enlace do Concello, do cal non sabía nada, e foi cando o veu claro. Algún veciño díxolle: "bueno, pero é que non estades unidos no Concello?". E o sr. Fernández di que el non sabía nada e os veciños pensaban que polo menos el sabería

que se celebrara esa reunión. E engade que máis aínda tendo en conta que os veciños e veciñas da Casalonga están organizados nunha Plataforma, a Plataforma Casalonga limpa de residuos, e cando menos, e por deferencia, habería que ter informado de que ía a haber unha reunión con Toysal.

Chegados a este punto tamén quere facer referencia a algunhas observacións á petición da celebración dun pleno extraordinario para dar conta desta reunión. Unha delas por exemplo foi a acusación de electoralismo. Sinala que as eleccións municipais foron hai 1 anos e cada 3 meses, polo tanto as eleccións municipais non volven ser ata dentro 3 anos e case 9 meses. As eleccións autonómicas foron case hai un mes, as xerais, que el saiba, non están á vista, e as europeas ata o 2024 non van ser. Así pois indica que ninguén confunda o exercicio das funcións do representante municipal con electoralismo, porque realmente quen el cree que fai electoralismo é quen se oculta e reacciona da peor maneira diante do que debe de ser o comportamento normal e normalizado para quen ten claro ese problema, para quen ten cultura democrática.

Dille ao sr. alcalde, que en en eferencia ao fondo do asunto, o 24 de xullo preséntanse Toysal e o seu avogado á reunión co alcalde, e como vía que viña o avogado chamou á secretaria xeral, ó arquitecto e á concelleira de Urbanismo. Di o sr. Fernández que con esta concorrencia entende que se demostra que a reunión parece que ía a ter "enxundia".

O sr. Fernández continúa sinalando que indo ao problema que xerou tanta preocupación e indignación veciñal, Toysal veu dicir, primeiro que vai a explotar a canteira, e en segundo lugar que vai a restaurar a explotación e aínda que non o dixera ten que ter un novo Plan de restauración, sexa o anterior corrixido ou sexa novo, porque así o determina a legalidade vixente, se explotas restauras. Sinala que a concesión está vixente e non hai ningún tipo de caducidade. Isto é importante, porque a finais do ano pasado dicíase aquelo de que a Xunta abría un expediente de caducidade á concesión da Casalonga, mais polo que ve nesta reunión Toysal veu dicir que vai explotar a canteira, polo tanto non está caducada.

E por outra banda, o sr. Fernández di que a empresa vai ter que restaurar, e pregúntase se unha empresa que se dedica á xestión de residuos e non á explotación de canteiras, vai a restaurar.

O sr. Fernández pregúntase se dende o Concello fixeron algo respecto da caducidade, porque hai un ano e pico cando estaban para as eleccións municipais, e a Plataforma organizou un debate no Concello xusto na campaña electoral, no Auditorio Constante Liste, o sr. Fernández xa dicía que había que ir a un contencioso contra Minas. Sobran os argumentos para solicitar a caducidade da explotación. Unha, porque o espazo non é o mesmo agora que cando foi abandonado, hai unha rexeneración e unha restauración natural dese espazo, co cal xa non é o mesmo que cando o abandona Carballal, non se está a falar do mesmo lugar. E despois, coa lei de minas na man, e coa normativa que a desenvolve hai supostos para aplicar neste caso e xustificar a caducidade. Por iso pregunta se o Concello foi a algún contencioso. Sinala que sabe que estamos nun contencioso no tema do eucalipto que o seu grupo comparte e apoia, pero tamén poderiamos estar nun contencioso contra Minas polo tema da caducidade da explotación. Cree que sobran os argumentos e así o dixeron publicamente. Insiste que, que se saiba, non se fixo nada nesa dirección. Non sabe se ao final ao que se está é a agardar, coma sempre, a que chegue o período de alegacións tamén para falar da explotación ou da caducidade da mesma (coma cando no ano 2018 naquela reunión de Francos se dicía, ao respecto dunha planta da reciclaxe na Casalonga, unha planta industrial con tratamento de residuos, con bioxestores, etc..., aquelo de que o Concello non podía facer nada, que agardaría ó período de alegacións).

Continúa o sr. Fernández expoñendo que a empresa que explota ten que restaurar. Sinala que a legalidade así o di, é unha concesión, o subsolo non podemos utilizalo como queremos e temos que restauralo, deixalo da maneira máis similar á súa forma orixinal. Iso é un pouco a filosofía que inspira á lexislación de Minas, a normativa que regulamenta os Plans de restauración e o RD 975/2009. E di que si se le o artigo 13 saberemos por que Toysal no seu plan de restauración se refire constantemente a esa normativa, en base á que pode introducir residuos de fóra e en base á que todos dicimos aquelo de que nos van colar un vertedoiro. E esa normativa hai que poñela en relación co RD 105/2008, sobre residuos da construción. É a normativa vixente en base á cal se ten que elaborar o plan de restauración, e o autor desta normativa que pretende colar vertedoiros é o PSOE. Recorda que en abril do 2019 unha representación da Plataforma Casalonga limpa de residuos, mais a concelleira de Urbanismo, foron a unha reunión co Secretario de Estado de Medio Ambiente, e alí

nesa reunión houbo un compromiso para modificar esta normativa, mais 16 meses pasaron e nin unha coma modificaron.

E di sr. Fernández que dende o BNG, sendo conscientes de que non había vontade de modificar, porque o vían aquí, no Parlamento galego e nas institucións nas que están e nas que se debateu esa cuestión, decidiron afondar na liña de avanzar nas alegacións que presentaron ao plan de restauración inicial da empresa. E de aí veñen esas alegacións do ano 2018 do BNG, sustentadas no único elemento que permitiría condicionar o tipo de restauración: as masas de auga. Manifesta que ten presente que moita xente pensou daquela que era pouco sustentar as alegacións na lagoa, pero eran conscientes de que é un espazo mineiro e hai unha normativa que di que hai que restauralo, e o único valor que hai nese espazo mineiro son as lagoas, e hoxe está claro que son a clave onde agarrarse. E sinala que a empresa sabíao, tíñao moi claro, e aí se explican as detonacións de finais do ano pasado, e foi grazas a unha chamada dun membro da directiva da Plataforma que o BNG actuou rapidamente, chamando a ADEGA, a cal presentou unha denuncia no SEPRONA e estes persoáronse. Na propia denuncia presentada no SEPRONA, fálase da propia importancia das lagoas para o espazo, dicíase "está pasando isto, é para isto". Sinala que, por tanto, agarrarse ás masas de auga era a única maneira de condicionar o tipo de restauración tendo en conta o disposto no RD 975/2009. Con iso conseguiuse que a restauración xa non puidera ser unha restauración normal dunha canteira, é dicir, enchéndoa traendo residuos de fóra.

Continúa dicindo que a partir de aí o BNG empeza a traballar na liña do disposto no Inventario de Humedais de Galicia, e pregúntase se tamén dende o Concello se fixo algunha solicitude ante a Xunta para que se consideraran ou se incluíran as masas de auga da canteira no Inventario de humedais, xa que o RD 975/2009 do Ministerio di que se hai masas de auga e están recoñecidas téñense que protexer.

Di o sr. Fernández que tamén o 7 de xuño saíu publicado o Decreto 646/2020 de eliminación de residuos en vertedoiros. Di que o BNG presentou alegacións a ese Decreto en setembro de 2019, en nome de Xosé Luis Rivas Cruz e Xosé Luis Bará Torres, deputados do BNG no Parlamento de Galego, (engade que nisto o sr. Fernández tivo algo que ver na redacción das mesmas). E preguntase, se algún partido desta Corporación presentou alegacións contra ese proxecto de Decreto naquel

momento. Ao PSOE xa nin llo pregunta porque é o autor dese RD. Relata que ese RD regulamenta algo que é o almacenamento temporal de residuos, e cree que avanza un pouco máis na dirección contraria de onde se quere ir, onde el entende que queren ir as 17 concelleiras e concelleiros da Corporación municipal. Entende que todas e todos os que están aquí non queren un macrovertedoiro na Casalonga, nin unha restauración finxida ou nada que afecte negativamente ós veciños e veciñas da Casalonga.

E dí todo isto porque hai a quen "se lle quenta moito a boca" dicindo aquelo de "dende o Bloque non fan nada". Indica que no Bloque serán poucos, pero traballan. Pregúntalle ao sr. alcalde, por falar da tan manida unidade da Corporación municipal, a cantas reunións lles convocaron para informar de actuacións a respecto da ameaza ou da problemática que supón que se poña o proxecto e Toysal na Casalonga. El mesmo indica que a unha Xunta de Portavoces despois do 15 de maio na primeira reunión de Francos, unha reunión na que lles dixeron que non se podía facer nada, senón se prevaricaba, e onde o BNG dixo que o informe de incompatibilidade urbanística podíase facer.

Sinala que se nos remontamos ó Pleno do 27 de xuño do 2018, cualificóuselle de "iluminado", e dicía o sr. alcalde, aquelo de que "non tiña perdón de Deus".

O sr. alcalde di que se quere facer mención a unha acta que a lea completa no seu contexto.

O sr. Fernández procede a ler expresións recollidas na acta da sesión plenaria do 27 de xuño de 2018. Di, por exemplo que sobre a cuestión de "iluminados", en este caso era a señora Lemus a que dicía que "as aportacións e as iluminacións", cando se falaba do informe urbanístico. E o sr. alcalde dixo "que non sabe se pode ser tan comedido como a señora Lemus, xa que está un pouco ata o gorro", que "lle parece unha deslealdade colectiva", e que "non vai a favor dun obxectivo común", que é conseguir que non se faga unha instalación en Teo, e dirixíndose ó señor Fdez dille que "o que dixo non ten perdón de Deus".

O sr. alcalde pídelle ao sr. Fernández que lea a acta, pero que non a lea por partes dando unha imaxe do que non pasou. O sr. Fernández di que está na acta e que está aí, ao que responde o señor alcalde que entón que a lea completa, pero o que non pode facer é sacar fragmentos descontextualizados, acusando de algo que non dixo. O sr. alcalde indica que cree que se veu a este pleno a dar contas dunha reunión, e

sinala que o di con todos os respectos, indicándolle ao sr. Fernández que ten todo o tempo que queira en canto ao tema da reunión. Dille que a intervención que está tendo a podía ter e a tivo antes das eleccións e que non está aportando nada novo relacionado coa reunión, e que entón podería comparecer aquí 50 veces para explicar unha cousa cando o sr. Fernández está falando de algo que todos sabemos que expuxo nos programas electorais, que expuxo nas reunións, e repite que o único que lle pide é que se cita intervencións do alcalde que as lea, pero que non faga acotacións. O sr. alcalde di que lle molesta que diga cousas que el non dixo.

O sr. Fernández di que para el este tema ten bastante trasfondo. Cre que é a principal ameaza que temos agora mesmo en Teo. Continúa dando lectura a diferentes fragmentos da acta do Pleno do 27 de xuño de 2018.

O sr. Moniño, concelleiro do PSdG-PSOE diríxelle ao sr. Fernández e dille que non está dicindo nada do que aquí viñan a falar.

O sr. Fernández indica que se refire a todas esas intervención no Pleno do 27 de xuño de 2018 porque cando o BNG ven con propostas recibe a cambio esas respostas, e logo falan de colaboración. Di que a reunión do pasado 24 de xullo puxo de manifesto que estamos igual ou peor que no 2018. porque agora incluso ven Toysal aquí a ameazar, a discutir co alcalde, cousa que non facía no 2018, agora ven aquí porque a situación cambiou para eles, reforzáronse, e quen ten tamén a última palabra nestas cuestións, que neste caso é o PP, tamén se reforzou nas eleccións, e sentiríanse todos con máis fortaleza para vir aquí a dicir o que queiran.

O sr. Fernández, para rematar a súa intervención sinala que dar contas é san, igual que ter informados ós veciños, ás veciñas e tamén ós portavoces municipais.

O sr. alcalde dálle a palabra ao sr. Elías, do grupo do PSdG-PSOE.

O sr. Elías, concelleiro do PSdG-PSOE, expón que o seu grupo lamenta que se convocara este pleno na semana que non está a sra. Lemus, porque se realmente hai alguén que pode falar da canteira, da lagoa, de Toysal, do PSOE de Madrid, da reunión co director xeral, e do resto das xestións realizadas, loxicamente é ela. Lamenta que non está ata o día 10, e xa se sabía que non estaba, pois estaba de vacacións. De todas formas afirma que o que dixo o sr. alcalde antes é verdade, e se reitera que se fai

falta ela viría aquí, que cre que incluso ela mesma podería pedir vir aquí explicar realmente a xestión que está facendo porque se alguén traballa pola Casalonga, pola canteira, porque Toysal non veña, sobre todo é á sra. Lemus.
Di que non vai a entrar no que dixo o BNG porque xa non se acorda. Teno apuntado pero xa se perdeu, e cree que son preguntas e temas para a concelleira de Urbanismo polo que o seu grupo vaise quedar coa explicación que deu o sr. alcalde, que é a que escoitaron tamén cando lla explicou ao goberno municipal, e pode cambiar algunha palabra do que contou a sra. Lemus, pero máis ou menos coincidía en todo.
Sinala que non van entrar agora en "dimes e diretes", porque non ven ao caso, que simplemente hoxe había que explicar o da reunión no pleno extraordinario, cre que esta sesión plenaria non era para todo o que se contou, pero di que ben está, que o BNG explica o que lle parece conveniente. Repite que queda a concelleira a disposición do Pleno e dos veciños e da Plataforma, por se necesitan calquera tipo de explicación.

O sr. alcalde dálle a palabra ao grupo municipal do PP.

O sr. Sánchez da as grazas e indica que vai procurar limitarse estritamente ó motivo deste pleno, que é a reunión que mantivo o equipo de goberno con Toysal. Por tal motivo, na primeira quenda de intervención vaise limitar a formular unha serie de cuestións.
Expón que a primeira grande cuestión que se fixo o seu grupo é, realmente, por que se decide facer esa reunión con Toysal, tendo en conta os precedentes. Toysal solicita unha reunión e comprenden que tería que haber unha razón moi poderosa para que o equipo de goberno aceptase esa reunión. Polo tanto, pregúntase cal foi esa razón poderosa que lle levou ao equipo de goberno a reunirse con Toysal. Quere saber cales eran, polo tanto, as expectativas do sr. alcalde, e se aceptou simplemente unha xuntanza para escoitarlle á empresa que ían continuar co seu proxecto.
O sr. Sánchez quere saber por que estando xuntos todos os grupos políticos presentes o día anterior á reunión nunhas comisións informativas, non se lles comentou, inda que fora de forma informal.

Tamén pregunta porque non saíron publicamente de forma inmediata a contar o que acontecera naquela reunión, abandonando un discurso absolutamente xenérico e limitado a unha liña nun comunicado de prensa. Quere saber porqué non saíron publicamente a dar conta a todos e a todas, a toda a veciñanza en primeiro lugar e por suposto a toda a Corporación, e en calquera caso a calquera persoa que estivera interesada tendo en consideración a enorme transcendencia que tiña esa reunión e as expectativas tan enormes que podería ter habido acerca dunha xuntanza dese tipo.

Segue o sr. Sánchez preguntando por que non deron resposta ós requirimentos de información iniciais do BNG e limitáronse a responder cunha "couce", e porque non respostaron publicamente ás peticións de información do seu grupo, as que fixo o Grupo Popular o martes.

Considera que o seu grupo deulle un tempo prudencial ao equipo de goberno, contando de partida da súa boa fe, e procurando non dar unha imaxe de desunión. Sinala que lle deron un tempo prudencial, ata o martes, dende o venres, para que o equipo de goberno tivese marxe de maniobra e saíra publicamente a dar as súas explicacións. Pero esas explicacións, ao contrario do que si se fixo en redes sociais non se deron, e pregunta por que non se non deron explicacións públicas coa mesma inmediatez que se manifestaron publicamente acerca dos últimos acontecementos do Rei emérito. Insiste en por que non deron resposta inmediata á solicitude de pleno extraordinario que fixo o BNG, e por que tan só se realizou este pleno extraordinario cando se viron forzados pola maioría dese cuarto que se esixe para que un grupo político poida convocar un pleno.

Pregúntalle ao grupo de goberno se foron conscientes da imaxe que se estaba a dar de ruptura entre toda a Corporación, imaxe que nos debilitaba a todos en contra deste proxecto.

O sr. alcalde, en relación ás cuestións do sr. Fernández Baz, concelleiro do BNG, sinala que a reunión non se ocultou. Despois de realizarse publicouse na páxina web. Evidentemente valorouse se era transcendente ou era intranscendente o que pasara nesa reunión e para o grupo de goberno foi absolutamente intranscendente, é dicir, non había ningún dato novo, nada, nin un só dato novo. Cree que informar por informar de nada non ten sentido. Entende que ten a responsabilidade de trasladar á Corporación e

a todo o mundo cuestións que sexan minimamente significativas, e cre que deben actuar non en función das expectativas, senón en función do que realmente pasa. Nunca criticou a petición dun pleno extraordinario, so considerou que non había fondo para celebralo, e cree que un voto de confianza merece, xa que a data de hoxe non hai canteira nin residuos. Pídelle ao sr. Fernández que non se poña a falar de cuestións anteriores. Tamén aclara que o mesmo día do pleno ordinario convocouse á plataforma pola mañá para informala, e que o mesmo se pretendía facer cos membros da Corporación, porque non vían nada transcendente, e por iso se lles enviou un correo electrónico para falar cos portavoces dos grupos sobre o tema antes dese pleno ordinario.

En canto ás cuestión plantexadas polo PP, o sr. alcalde indica que cando alguén pide unha reunión esta se fai, non hai que xustificar que o alcalde se reúna con alguén que teña relación co concello, e non saíron a informar da reunión porque non se pode dicir que houbese información transcendente. Indica que os grupos tamén poden falar ca secretaria xeral e co arquitecto municipal sobre a reunión. Non houbo na reunión nada novo, non é novo que queiran explotar a canteira.

En canto a por que non se respondeu ao PP, o sr. alcalde di que respondéuselles co correo electrónico e, evidentemente, as comparacións son odiosas, pero para o sr. alcalde ten maior relevancia o que pasou co Rei emérito que algo que non pasou na reunión. Igual se pasase unha mínima cousa sería moito máis importante que o do Rei emérito. Non houbo nada transcendente, e polo tanto fíxose a información en función da transcendencia. Sobre por que non se respondeu inmediatamente á solicitude de pleno extraordinario resposta que porque non había novidades, e porque crían que había outra forma de información, que ben podía ser cos portavoces previamente, ou senón no pleno ordinario que se celebraba.

Sobre a imaxe de ruptura que din que se da, o sr. alcalde indica que esa imaxe de ruptura darase se agora aquí sae cadaquén defendendo unha cousa. Pero cree que todos seguen a defender o mesmo. Defende o que dixo o sr. Fernández, ninguén quere nin unha instalación de reciclaxe aí, nin un basureiro. Pero cree que porque o alcalde e o grupo de goberno municipal teña unha reunión con alguén, non ten por que dar unha

imaxe de ruptura, ou non a debería dar, xa que a ruptura viría en función das decisións que se tomasen ao respecto, e, como xa dixo, non houbo decisións.

Nunha segunda quenda de intervencións, o sr. Fernández expón que o sr. alcalde hoxe dixo que como non houbo nada significativo nunca informou aos grupos, polo que interpreta que non se fixo nada significativo neste tempo como para informar aos grupos políticos. Pero di que para o BNG si houbo algo significativo. A última noticia que tiñan da explotación ou da concesión era que Minas abría un expediente para declarar caducada a concesión, por non haber actividade. Cre que o 24 de xullo Toysal deixou claro que non hai caducidade nin está á vista, e para o seu grupo iso é o importante, saber iso, porque Minas infórmache do que che informa, pero cre que Toysal foi claro nesa reunión do 24 de xullo. E insiste que se explotan teñen que restaurar, non hai máis volta. Sinala que o que máis lle preocupa é que neste momento estamos peor que cando se coñeceu aquel primeiro proxecto, porque o que pasou o 24 de xullo demostra que estamos moito peor, o cal é preocupante para todos, e principalmente para os veciños da Casalonga.
Continúa o sr. Fernández sinalando que el díxoo ben claro todo este tempo, dende que pediu que convocara un pleno extraordinario, indicando que o seu grupo polo seu número non podía solicitar que se convocase un pleno, polo que pediu que os informase publicamente, porque o momento de informalos en privado xa pasara. Pediu esa información pública porque os veciños están preocupados, porque así llo fixeron saber.
Pero pasou unha semana e pico, e houbo moitos chascarrillos e comentarios “valentes” no Facebook e nas redes sociais. Sinala o sr. Fernández que el pasa desas cousas, que prefire comentalo aquí, que é onde hai que comentalo e cos veciños diante mellor aínda. Pero di que se lle acusou de electoralismo, e por iso, porque é unha persoa con cultura democrática, quere que consten en acta as actuacións do BNG en todo o tema da canteira.
Indícalle ao sr. alcalde que xa lle dixo en maio de 2018, na xunta de portavoces, que ten toda a disposición a estar co goberno municipal neste problema para todo, pero que os manteña informados. Di que esa é a súa filosofía na política e que se da por informado, engadindo que é verdade que por cuestións laborais non puido ver o correo

electrónico, (indica que ese correo ábreo de vez en cando) e que é verdade que ese mesmo día non viu o correo que lle enviaron ata antes do pleno ordinario, non porque non quixera ir a esa reunión. Engade que, aínda así, estiveron 5 ou 10 minutos falando, e aí o alcalde explicoulle rapidamente o que pasou. Pero considera que era necesario celebrar este pleno e dar contas publicamente desa reunión.

O sr. Elías, concelleiro do PSdG-PSOE expón que o seu grupo non entende por que se fala de ruptura neste caso, pois nun goberno que se reúne coa xente non se pode falar de ruptura. Hai outros temas que son máis ruptura ca esta, pois por exemplo, insinuacións veladas, historias que saen por aí, e moita publicidade que logo non se concreta en nada positivo, ou votacións que se fan en algúns estamentos que van en contra dos intereses comúns e que incluso poden ser división.
Cre que do que pasou na reunión co alcalde como primeiro mandatario non se ocultou nada, porque na prensa se lle deu información, tamén á plataforma, e había unha xunta de portavoces convocada, aínda que o grupos convocados non leran os correos, e o pleno de hoxe é un pleno que con todo o dereito do mundo se fai, pero que cre que xa se contara o outro día basicamente todo.
Segue dicindo que dende o PSOE non se entende que haxa ningunha ruptura. Entende que deben estar todos unidos na mesma historia, que é que non veña o vertedoiro para a Casalonga. De todos modos volve a reiterar, que, se queren tanto os veciños como os grupos da oposición, que a concelleira de urbanismo compareza, explique, detalle e poña un pouco de orde nos papeis, está disposta en canto veña o día 10 a ser convocada e que explicará todo aquelo que teña que explicar, dado que non está en Galicia estes días.

O sr. Sánchez, concelleiro do PP, agradece ao sr. alcalde as respostas, e lle indica que o que acaba de facer hoxe puido facelo inmediatamente ó saír daquela reunión, convocando á veciñanza, ós demais grupos políticos e mesmo ós medios de comunicación. E di que tiveron que pasar practicamente 15 días ata o día de hoxe, cando vén aquí forzado pola oposición. Expón que hai algo que lle quedou claro en toda a argumentación do sr. alcalde, e é que o goberno local non informa de nada mentres non haxa nada significativo que informar. Di que isto explica que o goberno

local leve sen convocar aos demais grupos políticos máis de 2 anos para tratar a temática de Toysal, polo que entende que non fixeron nada significativo para contar.

Expón que a unidade da veciñanza e dos grupos políticos dende o primeiro momento fixo a forza contra o proxecto de Casalonga. No primeiro pleno que se trouxo a problemática de Casalonga, aló polo 2018, o goberno local atopouse con posicionamento do grupo do PP: o PP díxolle ó goberno local que tiñan tendida a man, que tiñan a plena disposición do PP e a plena lealdade para contribuír a que esta problemática non chegase a Teo. Sinala que se algún progreso se fixo foi grazas a que toda a veciñanza xunta pelexou por isto, grazas á unión dos partidos políticos, e tamén, aos "cerrollos" que a Xunta foi poñendo ós diferentes avances que se ían dando, e di que isto sucedeu grazas á unión de todos.

Dille ao sr. alcalde que o goberno municipal, en máis dunha ocasión, escapou a esa unión, e decidiu ir por libre, pero o PP sempre lle recordou que a única forma de conseguir os obxectivos era estando todos unidos.

Indica que, en resposta ás palabras do voceiro do PSOE, queda excusada a ausencia da sra. Lemus por estar de vacacións, pero que ten que dicir que lle sorprende que se sorprenda a señora Lemus de que se pida a súa comparecencia cando, como acaba de facer saber o BNG, a única información que souberon desa reunión foi sobre os temas abordados que eran da súa área de goberno.

Continúa o sr. Sánchez dicindo que o seu grupo non critica que se tivera feito a reunión, que o grupo de goberno pode reunirse con quen queira, se isto é polo ben da veciñanza. Pero sobre o que din de que foi a oposición a que sementou a dúbida acerca do que ocorrera naquela reunión, dille que non, os que sementaron a dúbida acerca do que aconteceu naquela reunión foron os que acudiron a ela cos seus propios feitos, que son os propios de alguén que quere ocultar algunha información. Porque cre que resulta estraño que, tendo os antecedentes que había se aceptara aquela reunión. Pero insiste en que acepta as explicacións do sr. alcalde e mesmo as comparte. Continúa expoñendo que o que non acepta tanto é que o día antes da reunión non se lles dixera nada, independentemente da transcendencia ou intranscendencia que podía ter. Porque aínda que o contido da reunión fora intranscendente, dende logo a reunión era moi transcendente, non só para o resto de grupos da Corporación, senón tamén para toda a veciñanza. Reflicte que non sabe as chamadas que recibiu o BNG, pero

asegúralle que eles recibiron tamén moitas, porque cando a xente se enterou de que houbera unha reunión con Toysal durante esa fin de semana, chamaron estrañados e preguntaban que se abordara naquela reunión e se o noso grupo sabía algo ao respecto.

Resúltalle estraño tamén que, simplemente a aquela reunión se viñera a dicir que continuabamos para diante con todo. Resulta estraño que non se explicara de inmediato o que aconteceu, que non se dera resposta inmediata ás peticións do BNG e do PP. Indica que o sr. alcalde dixo que como foi intranscendente xa o falaríamos no Pleno, pero dille que era máis sinxelo facelo ao principio, saír da reunión, contar o que contou aquí, e todos tranquilos, veciñanza tranquila, Corporación tranquila, e se aceptan as explicacións e todos para diante xuntos.

Expón o sr. Sánchez que lle parece moi triste que se dera este episodio no que alguén de fóra tivo que pedir unión ós partidos políticos, e se alguén, como os veciños, piden unión ós partidos políticos, é porque alguén provocou esa imaxe de desunión e manifesta que, dende logo, non foron os membros da oposición.

Dille ao sr. alcalde o mesmo que lle dixo José M. Guerra, que lle dixo o grupo popular naquel pleno de maio de 2018, que se quere continuar unido aquí está o PP co grupo de goberno e con toda a veciñanza para continuar unidos en contra disto que non quere ninguén. E indica que, cando decidan romper unha vez máis, xa non é a primeira nin a segunda, a unidade, que saiban que van ter en fronte a José M. Guerra e ó PP para dicirlles “por aí non”.

O sr. alcalde, diríxese ao sr. Fernández, para indicarlle que tampouco hai que tomar o que di Toysal como fonte de información fidedigna, porque igual que di que a estrada é súa tamén pode dicir que non hai caducidade, e pode ter a mesma credibilidade. Di que a Corporación ten que defender o que ten que defender, e se debe actuar en consecuencia, e non lle hai que dar esa credibilidade a Toysal mentres non haxa un pronunciamento das administracións.

Por outra banda, pensa que peor que cando se ía a instalar a planta de reciclaxe non se está, que mentres non haxa un plan de restauración que permita a entrada de material non se está peor, e neste momento non hai, nin proxecto de planta nin entrada de materiais de fóra.

Indica que non dubida da disposición do BNG nin da do PP, porque ata pode asumir certas críticas no tema de información, pero pídelles que valoren que cando os reúna será por ter algo significativo.

Continúa expoñendo que para non facer nada cre que somos o único concello, ou un dos poucos, onde logramos que non se instalase unha planta nin un basureiro, e admite todas as críticas, seguramente se podía facer moito mellor, pero insiste en que tan mal tampouco se fixo.

Refírese ao sr. Sánchez cando lle dixo que foi por libre, pero aclara que non sabe cando foron por libre. Non é consciente de que o goberno municipal fora por libre en ningún momento, pódese discrepar de cousas, pero cre que non se transmitiu esa idea, máis alá de que tacticamente se poidan ter vías distintas de actuación, e está plenamente convencido de que todos están de acordo no que queren conseguir e que ademais se vai a conseguir. Pide que antes de falar e de sementar dúbidas se dea un voto de confianza, porque non cree que unha reunión na que se queira ocultar información a alguén se faga ás 12:00h e ás 14:00h estea na web posto que se tivo a reunión. É a iso ao que se refire co do voto de confianza.

Remata o sr. alcalde sinalando que sempre dixeron que estas batallas duran moitísimos anos, e por agora ca unión de todos logrouse parar iso. Propón que se siga así, corrixindo o que se teña que corrixir, e esperando que igual que se poida mellorar a información tamén se dea un plus maior de confianza.

Agradece a todos a asistencia e levanta a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e dous minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.11.19 10:13:17 +01'00'

A secretaria accidental

Mª Elena Sueiro Fernández

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z

Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2020.11.19 08:16:39 +01'00'

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 9/2020

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 30 DE SETEMBRO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a trinta de setembro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D.ª Margarita Rosende Domínguez

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 01.07.2020

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍLA (DA 656/2020 Á 861/2020)

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL

4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS EN D.ª IRIA OTERO ROMERO E D.ª MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ

5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INTANTÍS MUNICIPAIS

6.- RATIFICACION DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 25 DE SETEMBRO DO 2020 APROBANDO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E TEO PARA A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO CON ORIXE OU DESTINO NA URBANIZACIÓN DOS TILOS.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2021

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR

10.- MOCIÓNS

11.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PP, D.ª Margarita Rosende Domínguez, por motivos persoais coñecidos por todos/as, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 01.07.2020.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de xullo de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 656/2020 Á 861/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día dende o día 24 de xullo de 2020 ata o 24 de setembro de 2020, que comprenden os números 656 ao 861, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

“ DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 25 de setembro de 2020

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS EN D.ª IRIA OTERO ROMERO E D.ª MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ.

O sr. alcalde da conta da Resolución da Alcaldía do 9 de setembro de 2020 (res. 803/2020), que se reproduce a continuación:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Modificación da delegación de atribucións en D.ª Iria Otero Romero e María López Álvarez

EXPEDIENTE: 2020/G003/000818

Considerando que, tras a celebración das eleccións locais do 26 de maio de 2019 e constituída o 15 de xuño a nova Corporación, por esta Alcaldía ditáronse, entre outros, para proceder ao establecemento da nova organización municipal, o Decreto do 3 de xullo de 2019 relativo ás delegacións nas/os concelleiras/os (res. 524/19) e o Decreto do 3 de xullo de 2019 relativo á constitución da Xunta de Goberno Local, nomeamento dos seus membros e delegación de competencias na mesma (res. 522/19), modificado por Decreto da mesma data (res. 526/2016).

Considerando que, mediante o citado Decreto do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019), fíxose a delegación de atribucións nas/os concelleiras/os, delegándose en D.ª Iria Otero Romero as atribucións relativas a mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, e en D.ª María López Álvarez as atribucións relativas a lingua e mocidade, ambas sen facultades resolutorias, e coa facultade de dirixir e xestionar os servizos recollidos no Decreto citado.

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 31 de xullo de 2019, acordou aprobar, entre outras, a dedicación exclusiva da concellería de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade.

Tomando en consideración as necesidades de xestión do goberno municipal para o próximo exercicio e a dispoñibilidade persoal das concelleiras e dos concelleiros que conforman o goberno municipal.

Considerando o disposto, en canto ao réxime de delegacións, nos artigos 5.3, 6 e 7 do Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (en adiante, ROM), artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora da bases do réxime local (en adiante, LRBRL), e artigos 114 e 120 do RD 2586/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante, ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, LALGA).

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Revogar a delegación efectuada a D.ª Iria Otero Romero das atribucións de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, dando lugar á perda da dedicación exclusiva con que conta dita concellería, e revogar a delegación efectuada a D.ª María López Álvarez das atribucións de lingua e mocidade.

Segundo.- Delegar en D.ª María López Álvarez as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias, dando lugar á retribución por dedicación exclusiva con que conta dita concellería.

Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Mobilidade

- Transporte
- Teobús
- Camiños escolares
- Sendas peonís e ciclistas (en colaboración coa concelleira de urbanismo)

Comercio e Turismo

- Axencia de desenvolvemento Local

Emprego

- Información e orientación laboral
- Xestión ETC de Solláns
- Obradoiros de emprego

Igualdade

CIM

Prevención da violencia de xénero

Promoción da diversidade

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro.- Delegar en D.ª Iria Otero Romero as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias.

Lingua e Mocidade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Lingua

Aplicación da ordenanza de normalización

Promoción do galego na administración

Promoción social do idioma

Mocidade

Campamentos

Campañas específicas

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Cuarto.- Conservar o réxime de delegacións efectuado mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019) agás o previsto, nos termos do presente, para D.ª Iria Otero Romero e D.ª María López Álvarez.

Quinto.- O presente Decreto surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar ás concelleiras afectadas aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF, que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do/a delegado/a, entendéndose tacitamente aceptada se no termo

de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Sexto.- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno local e ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Sétimo.- Notifíquese o presente aos interesados, dar traslado a todos os departamentos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente Resolución".

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INTANTÍS MUNICIPAIS.

O sr. alcalde explica que ao tratarse dun asunto que non foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa correspondente, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposición da Alcaldía do 25 de setembro de 2020, que se recolle a continuación.

“ PROPOSICIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir prezos públicos, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a introdución dunha bonificación do 100% do prezo establecido para a atención educativa a favor dos segundos fillos e posteriores da unidade familiar, derivado da modificación da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia pola Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas e así mesmo proponse unha modificación no réxime de pagamento e xestión co fin de adaptar a administración e cobro á realidade administrativa da xestión dos cobros**.**

Por todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“1. Atención educativa.

-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais, para os primeiros fillos da unidade familiar. Os segundos e posteriores terán de balde este servizo.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

Entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior. A primeira filla ou fillo, ten que ser menor de 18 anos no momento da matricula ou maior discapacitado.

-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse

as reducións que se especifican no seguinte cadro:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa.
Inferiores ao 30% IPREM	- €	159,75 €	- €
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75 €	266,25 €	- €
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25 €	399,38 €	33,00 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38 €	532,51 €	66,00 €
Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM	532,51 €	665,64 €	85,00 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64 €	798,77 €	105,00 €
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77 €	1.065,02 €	139,00 €
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02 €		160,00 €

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar".

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

"1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Cando o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, ou en xeral os servizos que non se poidan computar e calcular por adiantado, pagaranse xunto coa cota do mes seguinte".

Terceiro.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días.
No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

Cuarto.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que tamén quería facer referencia a un escrito presentado pola sra. Rosende en relación coa petición de información sobre a gratuidade do segundo fillo e seguintes nas escolas infantís, ante a persistencia dos pais e nais que falaron co seu grupo sobre as palabra do sr. Iglesias. Sinala que segundo estes o sr. Iglesias ao ser preguntado pola gratuidade respostou publicamente "*iso é un mentira electoral de Feijóo".* A sra. Calvo pregunta se iso é verdade.

O sr. Iglesias resposta que non.

A sra. Calvo pregunta se minten os pais e nais.

O sr. Iglesias sinala que el o que dixo é que era unha promesa electoral de Feijóo.

A sra. Calvo di que como se esta vendo é unha realidade. Explica que a citada concelleira recibiu como resposta un escrito, con saída do Sábado 14 de setembro de 2020, no que, resumidamente, se dicía que por parte da Xunta non existía concreción. A sra. Calvo sinala que xa non se atreve a afirmar que o sr. Iglesias dixera que era unha mentira de Feijóo, porque agora o nega, aínda que supostamente o dixo. Preguntalle a sra. Calvo ao sr. Iglesias como, supostamente, se atreve a dicir iso.

O sr. Iglesias reitera que el en ningún momento dixo que iso era unha mentira.

A sra. Calvo sinala que, se o sr. Iglesias o dixo, non entende como o puido dicir. Sinala que esa axuda é unha realidade non é unha quimera como pretendía dicir o sr. Iglesias. Explica a sra. Calvo que o Concello de Teo, no plan anual de servizos comunitarios 2020, amosou o seu interese en adherirse á medida, existindo incluso unha nota aclaratoria da Xunta de Galicia.

O sr. Iglesias di que é desta semana.

A sra. Calvo di que, aínda que a nota fora desta semana, so facía falla chamar á Consellaría, ao gabinete ou ao consorcio, xa que se trataba diso, e pregúntalle ao sr. Iglesias se o fixo. Considera a sra. Calvo que non era un tema para facer demagoxia, engadindo que non pasa nada por dicir que as políticas do presidente Feijóo están ben, xa que de feito hoxe están neste Pleno para adaptar a ordenanza e poder acollerse a esa medida.

Pregunta a sra. Calvo como, se era tan impreciso todo, os demais concellos o están aplicando, como Lousame e Bouqueixón, e remata a súa intervención anunciando o apoio do seu grupo, por responsabilidade e porque é o que hai que facer.

O sr. Iglesias di que á hora de responder a sra. Rosende foi bastante comedido porque realmente estaban, non cabreados a nivel político, senón cabreados a nivel técnico. Considera que é unha vergoña que a Xunta de Galicia saque una nota aclaratoria, que chega esta semana a través da FEGAMP, sobre unha norma que saíu publicada en

decembro de 2019. A nota di textualmente *"ante as dúbidas xeradas en algúns concellos, a Xunta de Galicia aclara que…",* e aclara unha serie de cousas, ás que se refire o sr. Iglesias.

Refírese o sr. Iglesias ao contido desa nota aclaratoria e explica que cando se fai a modificación da ordenanza fiscal non so é un tema político, tamén se trata dun tema técnico.

Explica que levaban meses intentando pechar algo disto. En xuño se lle fixeron consultas á Consellaría, cando se tramitou o do plan concertado para servizos sociais, e se lles indica que darán a subvención do deixado de percibir a través da subvención de cofinaciamento dos servizos socias. Sinala que se lles preguntou como se calculaba esa perda, e non se aclarou en absoluto.

Explica o sr. Iglesias que a subvención para as escolas infantís lla comunican ao Concello a 31 de decembro, para o período dese ano que remata, polo tanto non se pode facer un cálculo exacto dos ingresos que se van a ter nunca nun ano. Este ano non se sabe nin que cálculo aplican, nin que datos van a pedir, porque non teñen información. Explica o sr. Iglesias que na ordenanza se di "*que se aplica ao segundo/a filla/a fillos da unidade familiar" e* sinala que habería que preguntarse que é unidade familiar, porque aínda que pode parecer unha pregunta tonta a realidade das familias é variable, e así habería que decidir se se refire os fillo/s da parella actual, se inclúe os fillos de parellas anteriores, se fai referencia aos que teñen a patria potestade, os que teñan a custodia compartida, etc, polo que se optou por poñer "*entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior",* pero esa decisión é de Teo, porén non se aclara se isto é o que van a subvencionar ou non. Explica que tamén se fala de que a primeira filla ou fillo ten que ser menor de 18 anos, engadíndose en Teo "*no momento da matrícula*", porque, aínda que pareza sinxelo, cando se fala de que alguén sexa menor de 18 hai que precisar en que momento, engadíndose ademais aos maiores discapacitados, porque senón poderían reclamalo, pese a que a Xunta non o indica.

Sinala o sr. Iglesias que tamén habería que preguntarse que é atención educativa, porque hai que definilo, engadindo que hai custos que non se sabe se son subvencionables, como o comedor, e non foron capaces de concretalo.

Explica o sr. Iglesias que como todo é bastante indefinido, se fixo un traballo serio polos técnicos, porque querían unha norma seria que non cometera inxustizas, e por iso se parou.

Salienta que o que lle dixo aos pais é que había unha serie de inconcrecións que facían difícil chegar ao cambio, engadindo que se fixo porque é necesario, porque senón non se podería aplicar, porén realmente, dente un punto de vista técnico, quedan moitas cousas no aire por concretar.

Considera o sr. Iglesias que non é serio, engadindo que por exemplo el iría a nivel de renda, porque hai xente que con un segundo fillo pode pagar e hai xente que non pode co primeiro, porén iso é un criterio político, e o señor Feijóo ten todo o dereito do mundo a facer política neoliberais.

Salienta o sr. Iglesias que non existe un estudo técnico e xurídico que resolva as cuestións que xorden, de tipo técnico, e niso non existe posicionamento político. Considera que non se pode sacar un texto xenérico, que non aclara nada, e que di que se "*compensara aos concellos a través dunha subvención"* e a día de hoxe non se sabe cal será o ingreso das escolas infantís, aínda que os gastos si se saben.

Reitera o sr. Iglesias que non é serio, engadindo que a explicación que teñen é que a 31 de decembro lles dirán a subvención que dan ao Concello de Teo, porque ata o 2 de xaneiro non se saberá canto pagaran pola compensación do 2020.

Explica que canda fala como representante institucional, non fala de mentiras, o que si dixo é que se trataba dunha promesa, porén detrás non se se comunicaron cosas tan vitais como as que se expuxeron. Salienta que isto o mandou a FEGAMP o martes,

porque hai concellos que están publicando barbaridades, porque ninguén sabe como tirar.

Explica o sr. Iglesias que se somete a Pleno, porque non se chegou a Comisión Informativa porque se ía ao límite, e despois chegou a nota aclaratoria, que tampouco aclara tanto, porque non aclara os flecos que quedaron abertos.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinalan que non teñen nada que engadir.

A sra. Calvo sinala que tecnicamente non ten nada que que botarlle en cara ao sr. Iglesias, que para iso é o concelleiro encargado e ten que poñerse en contacto con quen sexa.

Sendo as vinte horas e vinte e dous minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal, D.ª Mónica I. Lado Varela.

A sra. Calvo sinala que non acaba de alcanzar a entender como outros concellos o están aplicando. Tratándose das dúbidas sinala a sra. Calvo que é unha medida relativamente nova e é normal. Sinala que se o sr. Iglesias insiste en que os pais e nais minten e que el non dixo iso na reunión, llo trasladara, porque ela non estaba alí.

A sra. Calvo sinala que diferentes pais e nais, e moitos non precisamente do PP, lles chamaron escandalizados coa actitude do sr. Iglesias. Dille ao sr. Iglesias que se poña en contacto con outros concellos para ver como o fixeron. Remata a sra. Calvo a súa intervención anunciando o voto a favor do seu grupo.

O sr. alcalde di que ten que dicir algo para pechar o debate e para defender aos técnicos municipais.

A sra. Calvo sinala que ela dos técnicos non ten nada que dicir, porque o feito de que xurdan dúbidas é o normal e o concelleiro é o sr. Iglesias.

O sr. alcalde di que quen redacta o regulamento e quen define os criterios do mesmo son os técnicos e se a estes non se lle dan as bases necesarias para executar o Regulamento hai un problema.

O sr. alcalde di que vai a poñer un exemplo para que se vexa que é xeral, e sinala que hoxe saíu unha nota de prensa do Ministerio de Facenda que di que o goberno *"suspende a aplicación das regras fiscais para o 2020-2021".*

Explica que non é unha promesa electoral, pero si que é unha declaración á prensa, e con esa declaración non se pode montar ningunha política municipal orzamentaria, senón que hai que esperar a que saia o BOE, e o defina, e a partir de aí os servizos económicos poderán comezar a montar a política orzamentaria municipal. Salienta o sr. alcalde que diso se trata neste caso.

Explica que o que están dicindo é que para trasladar a unha ordenanza fiscal un cambio, que é moi significativo e moi positivo, se precisa unha concreción que vaia máis alá dunha declaración, e iso tardou en facerse, e de feito a comunicación da FEGAMP chegou esta semana. Aclara que se fixeron intentos de preguntas, porén non se atopou interlocutor, porque na propia Xunta como non estaba definido, ninguén se atrevía a dicir "isto vai a ser así" ou "vos vamos a pagar isto".

Remata o sr. alcalde sinalando que se trata dunha medida interesante e pese aos riscos hai que trasladalo á ordenanza.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

"1. <u>Atención educativa</u>.

-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais, para os primeiros

fillos da unidade familiar. Os segundos e posteriores terán de balde este servizo.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

Entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior. A primeira filla ou fillo, ten que ser menor de 18 anos no momento da matricula ou maior discapacitado.

-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa.
Inferiores ao 30% IPREM	- €	159,75 €	- €
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75 €	266,25 €	- €
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25 €	399,38 €	33,00 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38 €	532,51 €	66,00 €
Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM	532,51 €	665,64 €	85,00 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64 €	798,77 €	105,00 €
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77 €	1.065,02 €	139,00 €
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02 €		160,00 €

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade

familiar".

<u>Segundo</u>.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

"1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Cando o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, ou en xeral os servizos que non se poidan computar e calcular por adiantado, pagaranse xunto coa cota do mes seguinte".

<u>Terceiro</u>.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días.
No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

<u>Cuarto</u>.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

6.- RATIFICACION DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 25 DE SETEMBRO DO 2020 APROBANDO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E TEO PARA A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO CON ORIXE OU DESTINO NA URBANIZACIÓN DOS TILOS.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de lingüa e mocidade, D.ª Iria Otero Romero.

A sra. Otero explica que, como consecuencia dos prazos, o Convenio non se puido someter a Pleno para a súa aprobación, e foi preciso aprobalo por Decreto da Alcaldía, para a súa ratificación plenaria posterior.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o sr. portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que como apoian que se manteña o servizo nos Tilos, aprobarán o Convenio.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, amosan a apoios dos seus respectivos grupos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda ratificar o Decreto da Alcaldía do 25 de setembro (res. 864/2020), que se reproduce a continuación.

“DECRETO ALCALDÍA

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión do 31 de xullo de 2014, acordou aprobar a proposta de convenio para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización Os Tilos, remitida pola Dirección Xeral de Mobilidade en escrito asinado o 26 de maio de 2014.

Considerando que, na sesión plenaria celebrada o 30 de outubro de 2014, o Concello de Teo aprobou o novo texto do "Convenio de colaboración sobre o servizo de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos", remitido pola Dirección Xeral de mobilidade (rex. entrada nº 9822, do 28/10/2014), que incorporaba un novo apartado 4 á cláusula cuarta do convenio.

Considerando que, na sesión extraordinaria do pleno da Corporación celebrada o 30 de agosto de 2015, o Concello de Teo aprobou o novo texto do "Convenio de colaboración para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos", remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade, con data de 24 de agosto (rex. entrada nº 6.273).

Considerando que o pasado 27 de agosto recibiuse nesta Alcaldía, por correo electrónico, escrito do Director Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas na que se comunicaba que *"A entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, fai preciso realizar unha renovación do convenio para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos, asinado con data do 14 de setembro de 2015, para adaptalo á nova normativa e dar continuidade á finalidade de interese público que persegue dando satisfacción á demanda de mobilidade da poboación afectada".*

Considerando que, con respecto ao convenio vixente, as modificacións que se recollen son, de forma resumida: a simplificación da exposición de motivos, a duración do convenio (máxima de 4 anos pola Lei 40/2015), a representación da Xunta de Galicia nas comisións técnica e de seguimento, e unha matización sobre as paradas sinalizadas no percorrido dentro da urbanización, e que estas

Considerando, consecuentemente, que as modificacións propostas non entrañan prexuízos de ningún tipo para o Concello de Teo e supón a permanencia dun servizo moi demandado pola cidadanía.

Considerando que se trata dunha competencia plenaria, ao ser este o órgano que aprobou o convenio asinado o 26 de maio de 2014, e posteriores modificacións, e que o vindeiro Pleno terá lugar o 30 de setembro.

Considerando que segundo o Director Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas a sinatura do convenio ten que producirse de forma inmediata, polo que resulta preciso aprobar o Convenio por Decreto da Alcaldía, para a súa posterior ratificación plenaria, circunstancia esta que foi posta en coñecemento dos grupos políticos municipais, que amosaron a súa conformidade ao efecto.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o texto do "Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos de Santiago de Compostela e Teo para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos", remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade e que se xunta como anexo

Segundo.- Dar conta do presente ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre, a efectos da súa ratificación.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACION ENTRA A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E TEO PARA A COORDINACION DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO CON ORIXE OU DESTINO NA URBANIZACION OS TILOS

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos

Santiago de Compostela, __ de _____ 2020

REUNIDOS

Por unha parte, Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o disposto no Decreto 95/2018, do 26 de setembro, e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e co Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG n.º 82, do 30 de abril).

Por outra, D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela, segundo nomeamento acordado no Pleno municipal do día_____, e en uso das

facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por outra, D. Rafael Carlos Sisto Edreira, alcalde de Teo, segundo nomeamento acordado no Pleno municipal do día_____, e en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para formalizar este acordo, e, para tal efecto,

EXPOÑEN

1. A urbanización dos Tilos constitúe un importante asentamento poboacional situado dentro do termo municipal de Teo e nas proximidades de Santiago de Compostela. Aínda que se atopa fóra do concello cabeceira da comarca, está en clara continuidade con este e dentro do seu cinto metropolitano, e alberga na actualidade mais de 2.000 persoas, das cales a maior parte son xente nova que presenta unha demanda de mobilidade recorrente.
As administracións competentes teñen a responsabilidade de atender esa necesidade a través dunha oferta de transporte axeitada. Porén, as peculiares características da zona na que se localiza a urbanización determinan que os tráficos non poidan ser cubertos de maneira totalmente satisfactoria polos servizos de transporte interurbano, que non ofrecen as frecuencias nin a accesibilidade precisas, nin tampouco polo urbano de Santiago de Compostela, que non pode estender os seus servizos máis alá do seu termo municipal.
2. Como instrumento para resolver de maneira eficaz as dificultades descritas, con data do 14 de setembro de 2015 formalizouse un convenio de colaboración dirixido á coordinación das intervencións que lles corresponden ás administracións autonómica e local en virtude das súas respectivas competencias, co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese xeral con base na regulación establecida pola disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do

sector público autonómico, que establece a posibilidade de que as administracións formalicen convenios de colaboración “mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa”.

Con base nesta habilitación legal, mediante a sinatura do devandito convenio de colaboración, estendéronse os servizos do transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela ao ámbito da urbanización dos Tilos. Desta maneira, as características da oferta en canto a calendario, horarios, itinerarios, prezos e penetración urbana víronse substancialmente melloradas e foron adaptadas de maneira máis precisa ás necesidades dun asentamento periurbano como é a dita urbanización.

3. Coa entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é preciso realizar unha renovación do convenio asinado con data do 14 de setembro de 2015 para adaptalo á nova normativa e dar continuidade á finalidade de interese público que se persegue con este instrumento de colaboración que asegura a satisfacción das demandas de mobilidade da poboación afectada.

4. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 14.5 da Constitución española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á a coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos.

Os Concellos de Santiago e de Teo teñen a competencia en materia de transporte público de viaxeiros tal e como se establece no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da

administración local de Galicia.

Adicionalmente, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación recolle no seu artigo 74.5, en relación á prestación de servizos regulares permanentes de transporte de persoas de uso xeral, a posibilidade coa que contan as entidades locais de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público indicándose que, igualmente, as administracións competentes, poderán conveniar a explotación coordinada de determinados tráficos cando esta supoña unha mellora na oferta para as persoas usuarias.

Finalmente, consonte co artigo 25 da Lei 4/2002, do 25 de xuño, pola que se aproba o estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, prevese expresamente o establecemento, por parte da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, de fórmulas de colaboración e cooperación no marco da lei de coordinación de transportes por estrada para asegurar a prestación do transporte público no ámbito da área de Santiago de Compostela.

Consonte co anterior, as administracións asinantes
ACORDAN

Asinar este convenio, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes
CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*
Habilítase o transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela a estender os seus servizos á urbanización dos Tilos, situada fóra do seu termo municipal, de acordo co establecido neste convenio. En virtude de tal habilitación, poderá realizar tráficos interurbanos coa dita urbanización, tanto de entrada como de saída da cidade.

Segunda. *Condicións de prestación do servizo*

1. O servizo de transporte público colectivo á urbanización dos Tilos será prestado pola empresa contratista da xestión do servizo público de transporte urbano do Concello de Santiago de Compostela.

Para tal efecto, e de resultar preciso, o dito concello, como órgano de contratación, impulsará as adaptacións oportunas no contrato de xestión do transporte urbano. Así mesmo, nas futuras licitacións que promova o concello para adxudicar a dita xestión haberá de incluír a prestación dos servizos obxecto deste convenio, nas condicións que nel se prevén.

2. O servizo á urbanización dos Tilos prestarase mediante a extensión das actuais liñas 6 e 12 do transporte urbano, nas condicións que se sinalan para o efecto no anexo deste convenio.

Non obstante, o Concello de Santiago de Compostela poderá, como atribución propia da xestión ordinaria do servizo de transporte urbano, efectuar modificacións puntuais ou non substanciais nas ditas condicións. Estas variacións poderán afectar exclusivamente aos tráficos urbanos, e delas daráselle conta á Comisión Técnica.

Aquelas modificacións que teñan un contido substancial ou que afecten á estrutura básica das liñas deberán ser aprobadas pola Comisión de Seguimento, logo de negociación no seo da Comisión Técnica. Esas novas condicións faranse constar por escrito na correspondente acta da comisión, e a partir da data que se acorde pasarán a ser vinculantes con suxeición ao establecido neste convenio.
Mediante o procedemento indicado no parágrafo anterior poderán, así mesmo, incorporarse novas liñas á prestación do servizo.

3. Para os efectos do previsto no punto anterior, terán carácter de modificación substancial todas aquelas variacións nos horarios dos servizos que supoñan unha redución de expedicións diarias.

4. Non obstante o previsto no punto 2, calquera incorporación ou modificación das

condicións de prestación do servizo conveniado que implique a asunción de custos por calquera das partes deberá vir avalado polo correspondente estudo técnico e económico, e haberá de ser aprobado mediante a sinatura dun novo convenio.

5. Os servizos obxecto deste convenio prestaranse en condicións equivalentes ás do resto do transporte urbano de Santiago de Compostela, especialmente no que se refire a tarifas, descontos, abonos, frecuencias, horarios, características dos vehículos e accesibilidade. Do mesmo xeito, para os efectos do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, os ditos servizos terán a consideración de servizos de transporte urbano, aplicándose en todo caso as condicións que respecto destes establecen os correspondentes convenios reguladores.

Terceira. *Vixencia*

Este convenio terá vixencia por catro anos a contar dende a súa formalización.

En calquera momento antes da finalización do indicado prazo, as administracións participantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais mediante acordo da Comisión de Seguimento, ou a súa extinción.

Non obstante, calquera das partes poderá desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima dun ano.

Cuarta. *Obrigas das partes*

1. En virtude deste convenio e con suxeición ao disposto nel, a Xunta de Galicia obrígase a permitir a extensión do transporte urbano de Santiago de Compostela para que preste servizos de carácter interurbano da súa competencia á urbanización dos Tilos.

2. Nos mesmos termos, o Concello de Santiago de Compostela obrígase a estender as súas liñas de transporte urbano para atender os servizos anteditos.

3. O Concello de Santiago de Compostela comprométese a pór a disposición da

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade datos estatísticos actualizados e información detallada sobre o nivel de utilización dos servizos obxecto do convenio.

4. Sen prexuízo do anterior, o réxime de prestación de servizos obxecto deste convenio non suporá incremento ningún de custos para o Concello de Santiago de Compostela, e, neste senso, o Concello de Santiago de Compostela só asumirá o sistema de bonificacións sociais daqueles usuarios que se encontren empadroados dentro do seu termo municipal, asumindo o Concello de Teo as bonificacións sociais que decida aplicar para os usuarios empadroados no seu termo municipal.

Segundo se desprende dos datos actuais de explotación, a extensión do servizo a que se refire este convenio atópase en situación de equilibrio económico. Porén, a Comisión de Seguimento supervisará a súa evolución económica, para, no caso de que se produzan variacións substanciais que fagan perigar o dito equilibrio, se introduzan as modificacións que resulten precisas neste convenio mediante acordo das partes asinantes, sen que supoña custo ningún para o Concello de Santiago de Compostela.

Quinta. *Control*

A execución deste convenio quedará sometida á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Sexta. *Comisións Técnica e de Seguimento*

1. Este convenio contará cunha Comisión Técnica e cunha Comisión de Seguimento.

2. A Comisión Técnica estará composta por unha persoa en representación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, designada para o efecto pola Dirección Xeral de Mobilidade, que a presidirá, e por unha persoa en representación do Concello de Santiago de Compostela, designada para o efecto pola alcaldía. A persoa xerente da sociedade pública municipal de xestión do transporte de Santiago de Compostela

realizará as funcións de secretaría, con voz pero sen voto; non obstante, poderá ser nomeada para o efecto a mesma persoa que actúe en representación do Concello de Santiago de Compostela, en cuxo caso terá voz e voto.

Tanto a Dirección Xeral de Mobilidade coma a alcaldía poderán designar membros adicionais, procurando manter unha composición paritaria.

Esta Comisión Técnica terá as seguintes funcións:
a) Vixiar o cumprimento do convenio, elevando á Comisión de Seguimento os informes precisos.
b) Coordinar o seu desenvolvemento, de acordo coas instrucións emitidas, no seu caso, pola Comisión de Seguimento.
c) Propoñerlle á Comisión de Seguimento as interpretacións do convenio que resulten máis axeitadas para resolver as dúbidas que se presenten durante a súa execución.
d) Asistir e informar á Comisión de Seguimento para resolver as posibles controversias xurdidas durante o cumprimento do convenio.
e) Informar á Comisión de Seguimento sobre as modificacións das condicións do servizo, nos termos previstos na cláusula segunda.
f) Ser informada das modificacións non substanciais nas condicións de prestación dos servizos, de acordo co establecido na cláusula segunda
g) Auxiliar, con carácter xeral, á Comisión de Seguimento.

3. A Comisión de Seguimento estará composta pola persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que a presidirá, a persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade, que ostentará a presidencia en caso de ausencia da anterior, e outra persoa designada por aquela, en representación da Xunta de Galicia; pola persoa titular da alcaldía de Santiago de Compostela, ou aquela en quen delegue, e outra persoa designada por aquela, en representación do dito concello; e pola persoa titular da alcaldía de Teo, ou persoa en quen delegue. A persoa xerente da sociedade pública municipal de xestión do transporte do Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as funcións de secretaría, con voz pero sen voto.

Ás xuntanzas da comisión poderá asistir o persoal técnico de calquera das partes que consideren oportuno para a mellor resolución dos asuntos.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

a) Ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento do convenio e para asegurar o seu cumprimento.

b) Interpretar o convenio para resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento.

c) Resolver as posibles controversias que xurdan durante a execución.

d) Aprobar as modificacións substanciais nas condicións de prestación do servizo, de acordo co disposto na cláusula segunda.

e) Todas aquelas funcións que se lle atribúan no presente convenio.

4. Os acordos das Comisións Técnica e de Seguimento serán adoptados por unanimidade.

Sétima. ***Consentimento para a publicación de datos e relación coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, os Concellos de Santiago de Compostela e Teo consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

2. A subscrición do convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto daquel e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos ocorridos durante o seu cumprimento.

Oitava. ***Causas de resolución***

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:

a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras. Para estes efectos, calquera das partes poderá denunciar por escrito o convenio, trasladándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a resolución.

b) A desistencia de calquera das partes asinantes, exercida nos termos da cláusula terceira.

c) O mutuo acordo das partes.

Novena. *Competencia xurisdicional*

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias xurdidas na execución deste convenio que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento.

Décima. *Natureza xurídica e normativa aplicable*

1. Este convenio subscríbese ao abeiro da disposición adicional décimo segunda, punto 1, letra a), da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e como tal ten carácter inmediatamente executivo e vinculante para as tres partes.

2. O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalidade e sostibilidade da Administración local), e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público.

3. Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do

ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

4. Este convenio rexerase polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.
E para que conste, en proba de conformidade, os comparecentes asinan este convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	Polo Concello de Santiago de Compostela	Polo Concello de Teo
Ethel María Vázquez Mourelle	Xosé Antonio Sánchez Bugallo	Rafael Carlos Sisto Edreira

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2021.

O sr. alcalde da conta da proposta do 14 de setembro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 24 de setembro 2020.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2021

Visto o disposto nos arts. 37.2 do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2021.

Vista a tradición deste Concello, que ven fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño.

En consecuencia co anteriormente exposto, propoño ó Pleno da Corporación, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2021 os seguintes días:

- 13 de maio (A Ascensión)

- 11 de novembro (San Martiño)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria."

O sr. alcalde explica que, como se ven facendo tradicionalmente, proponse como festivos a Ascensión e o San Martiño, datas que unicamente se cambiaron cando coincidían nun festivo, algo que no acontece na anualidade 2021.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, amosan o apoio dos seus respectivos grupos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2021 os seguintes días:

- 13 de maio (A Ascensión)

- 11 de novembro (San Martiño)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 1360), que se recolle a continuación, modificada e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 24 de setembro de 2020.

"O Grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno sobre a utilización dos fondos municipais por parte do goberno do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de agosto tivo lugar unha xuntanza extraordinaria da FEMP para presentar e aprobar un acordo co Goberno de España para segundo constaba na orde do día "contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura".

Desde o BNG xa denunciamos no seu momento que este acordo agochaba unha operación do Estado para dotarse de liquidez a costa dos remanentes municipais, solicitando novamente a derrogación da Lei Montoro e unha nova Lei de facendas locais que acabe coa discriminación que sofren os municipios do noso país.

Posteriormente, o Goberno de España transforma en Decreto Lei o Acordo da FEMP e publícase no BOE con data de 5 de agosto.

Desde o BNG continuamos a manifestar o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

A realidade é que a día de hoxe ese Decreto é rexeitado por todas as forzas políticas agás o PSOE.

A escusa do Ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada "lei Montoro", e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van

poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou "Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente".

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal de Teo os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a elaboración dun Decreto, con tramitación urxente e extraordinaria, polo que se contemple para os Concellos fondos para afrontar a crise sanitaria, social e económica derivada da Covid, elaborado con criterios obxectivos que teñan en conta a situación de infrafinanciamento dos Concellos galegos.
2. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derrogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

   En tanto non sexa derrogada a Lei instar á non aplicación durante a crise da Covid dos conceptos de regra de gasto, déficit e estabilidade da LOEPSF.
3. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estabeleza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia a abstención do seu grupo, tendo en conta o anuncio de hoxe de suspensión

das regras fiscais e que se segue traballando, engadindo que ao igual que decaeu o primeiro punto poden decaer os demais.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de La Uz.

A sra. Calvo sinala que xa se sabe que ese Decreto Lei foi votado no Congreso dos Deputados e foi un estrepitoso fracaso para as tesís do sr. Sánchez e a Ministra de facenda. A sra. Calvo felicita ao portavoz do BNG pola moción de censura encuberta do BNG ao sr. Caballero, como presidente da FEMP, cómplice necesario do goberno central nese intento de intervir os recurso municipais. Aclara que fala de moción de censura encuberta porque o BNG na moción propón que a interlocución se faga a través da FEGAMP

Sinala a sra. Calvo que é importante contextualizar a aprobación da denominada Lei Montoro porque España nese momento sufría unha gravísima situación económica, herdada do PSOE, e grazas a esta e outras medidas España non foi intervida, e de feito os municipios contan con remanentes.

Lembra que o goberno central do PP, de 2018, pactara coa FEMP a utilización do superavit orzamentario para mellorar a calidade de vida dos veciños porén, como dicía a canción cubana, "*chegou o comandante e mandou parar".*

Sinala a sra. Calvo que o BNG, que son socios do sr. Sánchez e que teñen un deputado no Congreso, poden a través dos cauces regulamentarios, é dicir con luz e taquígrafos, impulsar unha reforma desa Lei que lles molesta tanto, coa opinión loxicamente de todos os concellos galego. Remata a sra. Calvo a súa intervención anunciando a abstención do seu grupo, dada a imposibilidade de votar por puntos a mocións.

Intervén a portavoz de Son de Teo, a sra. Otero, quen di que, agardando que eses anuncio se fagan efectivos, van a apoiar a moción do BNG.

O sr. Fernández, en relación co dito pola sra. Calvo da moción de censura encuberta, di que non sabe se iso é non saber que é unha moción de censura ou non saber nin tan sequera que é encuberto.

Explica que se trata dunha proposta clariña. En Galicia existe unha federación de municipios galegos, na que se reúnen os concellos, sacan relatorios, como o de novembro de 2019 que se citou, no que se acordan temas que van nesta moción.

- Fomentar nos e nas menores participantes á adquisición de hábitos e habilidades sociais que favorezan a solidariedade, o compañeirismo, a igualdade de xénero, o respecto pola diferenza e o traballo en equipa.
- Desenvólvese dende un modelo de intervención socio educativa baseado en temas transversais e contidos diversos que contribúan a un enriquecemento da formación como persoas, adquirindo valores e actitudes que lles permitan intervir en sociedade de xeito positivo e consciente.
- Realizar actividades lúdicas planificadas e estruturadas que sexan apetecibles e divertidas, xa que corresponden a horarios e épocas non lectivas.

Artigo 3. Lugar e usuarios/as.

Estes servizos desenvolveranse nos CEIP de Calo, A Ramallosa e Os Tilos, ou en calquera outra instalación municipal que puidera utilizarse para este fin. Terán

prioridade para a utilización destes servizos as familias empadroadas en Teo. Entendendo por empadroadas en Teo, cando o estean os fillos ou fillas e os proxenitores cos que conviva, ou representantes legais.

Artigo 4. Fontes de financiamento.

Os servizos de conciliación contan con tres fontes de financiamento:

a) Achegas directas do concello.

b) Achegas procedentes de subvencións e/ou convenios con outras Administracións.

c) Prezos Públicos. Os prezos públicos que se terán que pagar serán os establecidos na ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do servizos de conciliación de Teo.

Artigo 5. O emprego de linguas.

A lingua vehicular dos servizos de conciliación de Teo é o galego. En concordancia co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, coa finalidade de promover o uso da lingua galega establecerase un programa regular de actividades de fomento da lingua galega nos servizos de conciliación. Establecerase un proxecto lingüístico que apoie o uso do galego no tempo libre e espazos lúdicos.

Artigo 6. Expediente persoal do alumnado.

O alumnado de cada unha das actividades contará cun expediente persoal no que constarán datos de filiación, enderezo e teléfono para avisos, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada. O arquivo destes datos estará suxeito á normativa de protección de datos.

Para a conformación do expediente as familias deberán entregar no seu centro a documentación que se indique para cada actividade, e que en todo caso comprendera:

- Fotografías tamaño carné.
- Informe do especialista que corresponda en relación a enfermidades específicas ou discapacidades que precisen dunha atención específica, en especial os xustificativos de alerxias e/ou intolerancias.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.

- Ficha de inscrición.
- Ficha de autorización para recoller á/ao nena/o, no caso de que haxa mais persoas autorizadas que os pais, nais ou responsables legais.
- Documentación xurídica suficiente para demostrar a retirada da garda e custodia a algún dos proxenitores.
- Ficha de autorización para tirar fotografías e utilización destas.

Artigo 7. Aspectos sanitarios e hixiene.

a) As/os nenas/os deberán acudir as actividades de conciliación en condicións correctas de saúde e hixiene.
b) Non serán admitidas/os as/os nenas/os que padezan enfermidades infectocontaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada aos responsables das actividades de conciliación que, á súa vez, poñerano de inmediato en coñecemento da concellería responsable destas actividades.
c) No caso de observarse síntomas dun proceso infectocontaxioso nas/nos nenas/os durante o desenvolvemento da actividade avisarase ás/aos nais, pais ou responsables legais, para que os recollan no menor tempo posible co fin de evitar a propagación da enfermidade entre as/os demais nenas/os.
d) No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no servizo, despois das primeiras atencións no centro, o acontecido poñerase en coñecemento da familia da/o nena/o e, se é o caso, garantirase que esta/este reciba a atención médica axeitada.
e) Nos casos nos que se deban administrar medicamentos ás/aos nenas/os, exceptuando os antipiréticos, deberán ir acompañados de informe médico, actualizado á data do tratamento, na que conste o nome da/do menor, o nome do medicamento e a forma, dose e periodicidade na administración. En todo caso, non se administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito da/do nai/pai ou responsables legais.
f) Os nenos ou nenas que necesiten atención especializada ou con coidados especias, deberan facelo constar na súa solicitude de matrícula, aportando a documentación necesaria para que a técnica responsable do servizo poida valorar a situación e xunto co persoal do servizo facer unha planificación de espazos e

recursos que garanta unha correcta atención. Nos casos especialmente complexos, poderase atrasar no tempo imprescindible a incorporación ao servizo dun neno ou nena até que dita planificación sexa operativa.

Artigo 8. Servizos de comedor.

Nas actividades de conciliación, sempre que o número de solicitudes o faga viable, haberá servizo de comedor que incluirá o almorzo e o xantar. Na regulación de cada servizo inclúese o desenvolvemento particular deste servizo. En todo caso teranse en conta as intolerancias alimentarias, debidamente xustificadas de cada neno ou nena, e proporcionaráselle unha alimentación compatible con elas.

A merenda de media maña será aportada polas familias e será organizada polas persoas responsables do servizo. O contido desta merenda debe estar en consonancia coas mínimas normas de nutrición, e en caso de dubidas seguiranse as indicacións dos responsables.

Artigo 9. Educación na igualdade.

Coa fin de garantir a educación en igualdade e o respecto á diferenzas relativas a todos os ámbitos, as actividades de conciliación, dentro da súa dobre vertente de educación non formal e tempo libre, son un espazo privilexiado para establecer os alicerces sobre os que asentar comportamentos futuros relacionados coa igualdade entre as persoas. Esta visión transversal debe estar presente en toda a planificación e programación dos proxectos de intervención nas actividades.

Artigo 10. Diversidade.

Nas abordaxes directas, e tamén nas opinións, preguntas, e valoración de todo tipo de persoas, deberase ter en conta a diversidade de familias, de crenzas e de circunstancias persoais que existen na nosa sociedade, procurando realizar actividades inclusivas e potenciadoras do carácter positivo da diferenza. No caso de detectar circunstancias persoais que sexan causa dunha posible exclusión ou marxinación deberase activar un protocolo específico de abordaxe da situación.

Artigo 11. Entrega e recollida das e dos nenas e nenos.

A entrega e recollida deberán realizarse dentro das marxes da xornada de cada actividade. Os país e nais poden autorizar a calquera persoa maior de idade para recoller aos seus fillos e fillas, tal como se fixo na ficha de inscrición. Deberán dar os datos das persoas sinaladas, e no caso de querer cambiala poden facelo na propia actividade utilizando o impreso existente ao efecto.

Se existirá algunha circunstancia de orde legal especial na relación de algún dos proxenitores co ou coa menor debe avisarse explicitamente. Do contrario calquera deles poderá recoller e autorizar recollidas do neno ou nena.

Para abandonar a actividade de conciliación, os nenos e nenas da etapa de infantil terán que ser recollidos por unha persoa maior de idade autorizada.

Os nenos e nenas de primaria poderán abandonar sos ou soas a actividade sempre e cando o autoricen expresamente os pais ou nais mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do concello. O monitorado comunicarase co Concello naquelas situacións nas que habendo esta autorización, consideren que non é axeitado. Dende a concellería de igualdade falarase coas persoas responsables do neno ou nena.

Excepcionalmente autorizarase a recollida de nenas ou nenos por persoas menores de dezaoito e maiores de dezaseis, debendo solicitarse mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Concello.

Nas actividades previas á entrada na xornada escolar, os nenos e nenas das actividades de conciliación serán trasladados aos espazos comúns onde se reunirán cos compañeiros e compañeiras para incorporarse as actividades educativas formais.

Artigo 12. Saídas.

As/os nenas/os poderán realizar as saídas incluídas na programación dos servizos de conciliación, previa autorización por escrito por parte das/dos nais/pais ou responsables legais.

Estas saídas teñen por obxecto:

a) Favorecer o establecemento de relacións sociais en espazos diversos.

b) Observar e explorar á contorna.

c) Coñecer algunhas manifestacións naturais e culturais do medio.

Artigo 13. Baixas.

As persoas responsables das/os usuarias/os poderán solicitar a baixa no servizo no momento que non necesiten utilizalo, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do concello, no que se inclúan os datos identificativos do neno ou nena, e da persoas que asina a solicitude, así como a relación que os ou as une e data a partir da que o neno ou nena non fará uso do servizo.

A baixa extinguira a obriga de pagamento segundo o recollido na correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 14. Ausencias.

A ausencia esporádica ou continuada dun servizo non exime da obriga de pagamento e non dá dereito á devolución das cotas.

Unha ausencia inxustificadas dun mes no Teo Madruga ou de cinco días hábiles no Diverteo producirá unha baixa automática no servizo.

No caso dunha ausencia xustificada manterase a praza, coa obriga de seguir facendo o pagamento da cota integra que se viña pagando.

Artigo 15. Dereito de admisión e potestade sancionadora.

O concello de Teo reservase para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos nenos e nenas cando:

a) se comporten reiteradamente de xeito incorrecto
b) os pais, nais ou responsables legais dos mesmos/as, non respecten este regulamento ou as normas básicas de convivencia.

O procedemento básico para unha exclusión debe incluír unha audiencia previa ás nais, pais ou responsables legais, e comunicáraselle por escrito do concello onde se concrete o tempo de exclusión e a causa.

Os nenos e nenas que acudan aos servizos deberán ter adquiridos os hábitos de alimentación, manexo de utensilios e hixiene, propio de cada idade. No caso de non ser así as persoas encargadas do servizo traballarán conxuntamente con pais, nais ou

responsables legais para que se produza unha adecuación das habilidades e a idade do neno ou nena.

Artigo 16. Cobro das cotas.

As cotas de copagamento deste servizo serán fixadas e cobradas conforme ao establecido na normativa municipal vixente en cada momento.

Artigo 17. Persoal.

O persoal de atención directa aos nenos e nenas en calquera dos programas ten que ter algunha das seguintes titulacións:

- Monitor de tempo Libre
- Técnico superior en animación sociocultural
- Técnico superior en Educación Infantil
- Licenciado en pedagoxía ou psicopedagoxía.
- Mestre
- Calquera outra que teña correspondencia con estas noutros plans de estudo.

Artigo 18. Dereitos.

a) Dereitos das/os nenas/os:

1. Acceso ás actividades sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Á debida consideración no trato, á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como das/dos demais usuarias/os.

3. Ao sixilo profesional relativo aos datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.

4. A realizar saídas programadas ao exterior, sempre que conten con autorización escrita por parte das nais, pais ou representantes legais.

5. A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas ao respecto deles candos lles afecte a súa educación

7. A recibir unha asistencia individualizada de contido educativo cara a súa integración sociofamiliar de acordo coas súas necesidades específicas, que teña como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.

8. A seren educadas/os para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opción de forma libre e persoal.

b) Dereitos das/dos nais/pais ou responsables legais:

1. A asociárense co obxecto de favorecer a participación na programación e no desenvolvemento de actividades dos servizos de conciliación.

2. A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto das/dos súas/seus fillas/os e a pediren explicacións de canto afecte a súa propia educación.

3. A participaren nas actividades educativas programadas para a convivencia coas familias.

4. E todos aqueles dereitos e obrigas dos pais/nais ou representantes legais que contemple a lexislación educativa vixente.

Artigo 19. Deberes.

Deberes dos usuarios e usuarias e dos e das pais, nais e responsables legais:

a) Pagar as taxas que se determinen na correspondente ordenanza municipal.
b) Cumprir as normas sobre a utilización dos servizos determinadas neste Regulamento.
c) Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, a tolerancia e a colaboración.

CAPÍTULO II: TEOMADRUGA E TEOCOIDA

Artigo 20. Definición de Teomadruga e Teocoida.

Teomadruga é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve dende as 7.30 horas ate comezo das aulas durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo.

Teocoida é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve despois do remate da xornada lectiva durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo. Toda a regulación de Teomadruga é aplicable a Teocoida, coas adaptación lóxicas do horario.

Os usuarios e usuarias do programa deberan estar escolarizados neses centros.

Artigo 21. Servizos.

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. Coidado e atención educativa durante o tempo que se permaneza no servizo antes do comezo das aulas e/ou despois das mesmas.
- Servizos de alimentación para o alumnado interesado. Prestaranse servizos de alimentación durante os programas de conciliación que serán adaptados á hora do día na que se presten. O seu contido estará rexido por unha alimentación san e natural.

  Os nenos e nenas que teñan algún tipo de intolerancia alimentaria debidamente xustificada terán un menú adaptados ás súas necesidades.

Artigo 22. Funcións dos monitores ou monitoras.

As función dos monitores e monitoras do Teo Madruga son as seguintes:

1. Elaborar os almorzos segundo os criterios establecidos desde o Concello.
2. Trasladar o neno/a para o comezo da xornada lectiva a xunto os seus compañeiros e compañeiras, segundo a organización do centro educativo.
3. Desenvolver as actividades lúdicas no tempo de lecer nos espazos cedidos polo centro.
4. Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos para a realización das actividades lúdicas.
5. Atender aos pais, nais ou responsables legais por teléfono ou persoalmente, para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar, en todo momento, a técnica municipal encargada da coordinación do servizo, así como antes de

realizar calquera tipo de xuntanza con calquera familia. Tamén deberán informar ao Concello sobre as inquedanzas e suxestións dos pais, nais e responsables legais.

6. Reunirse periodicamente coa persoa responsable municipal deste servizo.
7. Custodiar a documentación persoal dos usuarios/as do servizos ao abeiro do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
8. Controlar as asistencias ou ausencias dos nenos/as usuarias do servizo, así como os pagos dos usuarios/as ocasionais. Farase un rexistro mensual que se entregara á técnica municipal.
9. Educar mediante técnicas e estratexias propias da educación non formal e lúdica, en temas de saúde, consumo, alimentación, convivencia e socialización, horarios, respecto polas instalación e o material etc.
10. Atender aos nenos/as no caso de accidentes.
11. Informar os pais e nais ou responsables legais e o Concello de calquera incidencia que aconteza.
12. Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

Artigo 23.Tipos de usuarios/as.

Os usuarios e usuarias de Teo Madruga poden ser ocasionais ou fixos/as, segundo se recolle a continuación:

a) Usuario/a fixo/a. Aquel/a usuario/a que se matricule e utilice o servizo de luns a venres, independentemente de que o utilice todos os días ou días concretos. A matricula farase seguindo modelo establecido ao efecto. Pódese dar de alta no prazo da matrícula ou, de haber prazas, con posterioridade. As prazas máximas serán as contempladas segundo do número de monitores ou monitoras existentes a día 1 de novembro. Os/as usuarios/as fixos/as poderán escoller as seguintes frecuencias de utilización do servizo:

- 1 día por semana
- 2 días por semana
- 3 días por semana
- 4 días por semana

• 5 días por semana

En caso dunha utilización do servizo distinta aos 5 días da semana, os días de utilización deberán ser días concretos previamente sinalados.

Os/as usuarios/as fixos/as poderán solicitar unha utilización do servizo distinta das establecidas, sempre que o soliciten por escrito motivado, sendo de aplicación a ordenanza fiscal vixente aos efectos de pagamento. O concello poderá denegar dita solicitude no caso de que a frecuencia solicitada supoña problemas para a organización do servizo. Os usuarios/as fixos/as poderán variar a frecuencia de utilización do servizo sempre que a organización do servizo o permita e o soliciten mediante escrito motivado presentado con antelación de sete días naturais. O concello poderá negarse no caso de que as solicitudes de cambios na utilización do servizo supoñan problemas para a organización do mesmo, ou orixine problemas de compatibilidade no uso do servizo por parte dos/as outros usuarios/as. Para darse de baixa terá que comunicalo por escrito no Rexistro xeral do concello.

b) Usuario/a ocasional. Aquel/a usuario/a que non esta matriculado como usuario/a fixo/a no servizo e que, habendo praza, desexe utilizar o servizo en días soltos de forma ocasional. Para poder utilizar o servizo de forma ocasional o pai, nai ou representante legal do neno/a terá que solicitarllo ao coordinador/a, presencialmente ou por teléfono, no día anterior á utilización do servizo. O horario, número e persoa de contacto farase público a comezo de curso por medios que garantan a súa difusión entre os posibles usuarios e usuarias. De non solicitalo coa antelación sinalada no parágrafo anterior non terá seguridade de que poida utilizar o servizo. O coordinador/a denegará o servizo comunicándollo ao pai, nai ou responsable legal do neno/a, no caso de que non solicitando ser usuario/a ocasional con antelación, acuda ao centro coa intención de facer uso do Teo Madruga.
No caso de solicitude de utilización do servizo nesta modalidade de usuario/a ocasional para varios días, a solicitude deberá facerse por escrito e deberá responder a unha causa ocasional e xustificada, que será necesario acreditar xunto coa solicitude. O Concello deberá valorar estas solicitudes podendo negarse no caso de que a causa

non o xustifique, ou non se demostre, ou non obedeza a unha ocasionalidade, ou o que proceda sexa a utilización do servizo na súa modalidade de usuario/a fixo/a, ou no caso de non haber prazas para usuarios/as ocasionais dispoñibles

O pagamento desta modalidade do servizo realizarase ingresando o importe do custo no servizo, na forma e no prazo que se recolle na correspondente ordenanza reguladora. No caso de non producirse a entrega no prazo sinalado do xustificante do ingreso correspondente, o/a neno/a poderá non ser admitido/a a próxima vez que solicite o uso do servizo como ocasional.

Artigo 24. Data de inicio.

Na matricula do servizo deberase indicar o día no que se comezará a facer uso do mesmo. Esta data debe ser antes do 1 de outubro, do contrario deberase solicitar a alta no servizo fóra do prazo de matricula no caso de que haxa capacidade. En caso de alta fóra do prazo de matricula será o concello o que determine o día efectivo de alta atendendo a motivos de organización.

Os nenos e nenas de infantil poderán incorporarse ao servizo unha vez superado o período de adaptación.

O día de comezo efectivo do servizo determinará o momento da obriga de pagamento.

Artigo 25. Ratios.

O número de monitores/as será definido en función do número de usuarios/as, segundo a seguinte distribución:

De 1/15, 1 monitor/a

De 16/30, 2 monitores/as

De 31/45, 3 monitores/as

De 46 a 65, 4 monitores/as

O número de prazas máximo en cada centro é de 65 nenos ou nenas. Estas ratios son as de referencia para admitir ou non aos usuarios/as ocasionais.

CAPÍTULO III: DIVERTEO

Artigo 26. Definición.

Programa de conciliación da vida laboral e familia para nenos e nenas escolarizados nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá nos seguintes períodos :

- Dende o 1 de setembro ate o inicio do curso escolar.
- Durante as vacacións do nadal
- Durante os días laborais non lectivos do entroido
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Por regra xeral os nenos e nenas deben poder estar un mes de vacacións anuais fora do seu centro de estudios, polo que o acceso aos diverteos de agosto estará mais limitado, segundo se contempla no artigo 33 deste Regulamento.

No caso excepcional de que existan circunstancias sociais ou familiares que impidan estas mínimas vacacións, a técnica municipal encargada do programa debera asinar un informe no que se constate esa imposibilidade. Para elaboralo solicitara aos pais, nais ou titores a documentación que estime necesaria.

Artigo 27. Horarios.

O servizo comezara ás 07.30 horas até as 15.30 horas, ou no horario que se establezan en cada convocatoria. Incluiranse os servizos de:

- Atención lúdica
- Servizo de alimentación:
    - Almorzo
    - Xantar

Artigo 28. Programación.

A programación lúdica de cada un dos períodos estará diferenciada e deseñada sobre un eixo temático arredor do cal se organizan as actividades que desenvolveran os

usuarios e usuarias. A programación de cada un dos períodos deberá estar recollida no proxecto docente que obrigatoriamente presentará a empresa adxudicataria no procedemento de contratación oportuno. Esta programación debera conter un módulo, que poderá ser transversal, que traballe a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o respecto á diversidade e a promoción do uso da lingua galega.

Artigo 29. Saídas.

As saídas contempladas dentro da programación serán obrigatorias, e salvo que non sexan destinadas a todas as idades, non poderán rexeitarse e reclamar un servizo alternativo. As saídas destinadas a unha parte dos usuarios/as serán optativas se a organización do servizo o permite. O horario límite para acceder ao servizo é as 10.00 da maña, para ser compatible coa planificación das actividades. Poderá admitirse o acceso con posterioridade a esta hora se hai motivos xustificados.

Artigo 30. Prazas.

Os diverteos terán as prazas que se indiquen nas convocatorias, e estas serán asignadas por orde de inscrición. As convocatorias realizaranse con tempo suficiente para organizar eficientemente a actividade, e nela indicaranse os prazos, número de prazas e lugares onde se levaran a cabo. Unha vez inscritos e inscritas, confirmarase a praza segundo a orde de inscrición. As e os representantes dos e das admitidos deberán facer efectivo o ingreso da cota no prazo indicado, ou no seu caso comunicar que teñen unha excepción do pagamento informada por servizos sociais. O xustificante deste ingreso debe facerse chegar por un medio fiable á técnica municipal responsable do programa, como máximo dous días hábiles despois do remate do prazo de ingreso. Deberán comprobar que o envío foi correcto no caso de non facelo persoalmente.

No caso de non xustificar correctamente o pagamento da matricula ou de non estar ao día nos pagamentos dos servizos de conciliación do concello de Teo a reserva non será efectiva.

Artigo 31. Listaxe de Agarda.

No caso de haber mais solicitantes que prazas ofertadas, confeccionarase un listado de agarda, tendo en conta a prioridade dos nenos e nenas censados en Teo. De

producirse baixas ou a non matricula de xeito correcto de algunha persoa inicialmente admitida, poderanse completar as prazas vacantes co orde no que están inscritos os e as solicitantes neste listado de agarda. Para isto, comunicáraselle de xeito inmediato mediante chamada telefónica, e abrindo un prazo especial de tres días para formalizar a matrícula. As baixas ou non matriculacións que se produzan con menos de tres hábiles días do comezo da actividade só se cubrirán con nenos ou nenas que teñan solicitado o mesmo centro no que se produciu a baixa.

Para posibilitar unha correcta organización da actividade as baixas ou prazas vacantes existentes despois do día do comezo da actividade non se cubrirán.

Artigo 32. Monitores/as.

Os/as monitores/as do servizo terán as seguintes funcións:

1. Organizar os almorzos e o xantar segundo os criterios establecidos dende o Concello.
2. Recoller o neno/a para o comezo da xornada lectiva, levar un rexistro diario de asistencia e control da saída.
3. Desenvolver as actividades concibidas na programación, con especial atención durante as saídas.
4. Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos para a realización das actividades lúdicas.
5. Atender aos pais, nais ou responsables legais por teléfono ou persoalmente, para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar, en todo momento, a técnica municipal encargada da coordinación do servizo, así como antes de realizar calquera tipo de xuntanza con calquera familia. Tamén deberán informar ao Concello sobre as inquedanzas e suxestións dos pais, nais e titores/as.
6. Informar de calquera incidencia polas canles previstas á persoa responsable municipal deste servizo.
7. Custodiar a documentación persoal dos usuarios/as do servizos ao abeiro do disposto na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro.

8. Educar mediante técnicas e estratexias propias da educación non formal e lúdica, en temas de saúde, consumo, alimentación, convivencia e socialización,horarios, respecto polas instalación e o material etc.
9. Atender aos nenos/as no caso de accidentes.
10. Informar os pais e nais ou responsables legais e o Concello de calquera incidencia que aconteza .
11. Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

Artigo 33. Diverteo de agosto.

O Diverteo do mes de agosto realizarase nun único lugar, e para acceder ás prazas ofertadas deberase xustificar a ocupación laboral dos pais, nais ou responsables legais que faga necesario o uso deste programa. Os solicitantes deste servizo non poderán facer uso dos diverteos do mes de xullo, e deberán indicar que mes de vacacións van a ter os nenos ou as nenas.

Artigo 34. Servizo de alimentación.

O servizo de alimentación contempla o almorzo e o xantar.

O almorzo dispensarase aos nenos e nenas que o soliciten, sempre e cando se incorporen ao servizo antes das 8.45 horas. O contido do almorzo será equilibrado.

O xantar dispensarase as 14.00 horas, e debera estar adaptado as necesidade nutricionais dos nenos e nenas. Ademais respectarase na composición dos menús as situacións individuais de intolerancias ou alerxias alimenticias. Estas deben ser comunicadas con anterioridade mediante un informe médico que as describa perfectamente. Os usuarios e usuarias deste servizo non poderán abandonar a actividade de conciliación antes das 14.30 horas.

O servizo de xantar poderá ser substituído por comida que se traia dende a casa, cando o equipamento do centro o permita e sempre que se cumpran as instrucións operativas que se decidan para facer hixiénico e seguro o consumo de alimentos. Esta decisión correspóndelle aos pais, nais ou responsables legais, coa excepción de que non se acade o número mínimo de usuarios e usuarias para prestar este servizo. Neste

caso os nenos e nenas que se queden ate a última hora da maña consumiran os alimentos que traían da casa, seguindo as indicacións dos monitores e monitoras.

Artigo 35. Ratíos do servizo.

O número de monitores/as será definido en función do número de usuarios/as, segundo a seguinte distribución:

De 1 a 10, 1 monitor/a
De 11 a 25, 2 monitores/as
De 26 a 35, 3 monitores/as
De 36 a 50, 4 monitores/as
De 51 a 60, 5 monitores/as
De 61 a 75 6 monitores/as
De 76 á 90 7 monitores/as

Disposición final.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

Disposición transitoria.

Os servizos de conciliación que presta actualmente o concello de Teo seguiran prestándose nas condicións actuais en canto non se renoven os contratos de xestión do servizo en vigor".

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.11.22 19:04:25 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.11.22 18:00:39 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 11/2020

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE PLENO MUNICIPAL

– 14 DE OUTUBRO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a catorce de outubro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Carmen Diéguez González

Non asisten, previa escusa:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María Teresa Castro Framil

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e quince minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

O sr. alcalde explica que aínda que este asunto debería estar no Pleno que se acaba de celebrar, polas razóns xa coñecidas relacionadas coa omisión do punto na orde do día, foi preciso convocar este Pleno extraordinario urxente. En todo caso a urxencia do asunto ten que ver coa necesidade de aprobar a conta xeral e remitila aos órganos fiscalizadores.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia da convocatoria, de conformidade cos artigos 46.2 b) da LRBRL, 79 do ROF e 19 do ROM.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

O sr. alcalde da conta da proposta de 7 de outubro de 2020, que se recolle a continuación.

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2019, formada segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto lexislativo 2/2004,

de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e co contido sinalado no artigo 209.

Considerando que devandita Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, na súa sesión extraordinaria celebrada en data 31/08/2020.

Tendo en conta que a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019 estivo exposta ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 146, de data 07/09/2020, podendo as persoas interesadas presentar reclamacións, reparos ou observacións durante devandito prazo de quince días hábiles e oito máis.

Considerando que durante o prazo legalmente establecido non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no informe emitido polos servizos xerais.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2019.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2019, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

Teo, 7 de outubro de 2020.

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que a conta é o que é, unha relación da facturación dos gastos e ingresos durante o exercicio 2019. Sinala que se pode aproveitar para facer os comentarios oportunos sobre como se fixeron os gastos, se se fixeron ben, mal, se se debía gastar máis nunha cousa ou noutra, porén á hora de aprobar as contas, salvo que non se estea de acordo coa conta xeral porque non reflicta o que pasou, non se debe esquecer que o obxectivo é trasladar aos órganos fiscalizadores como foron as contas do Concello. Salienta que as contas en todo caso non se fan dende o ámbito político, onde si que se decide en que se gasta, porén quen fiscaliza as contas e leva a contabilidade é o departamento de asuntos económicos e de aí ven a proposta de aprobar a conta xeral remitida polo departamento de intervención.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que esta conta xeral reflicte a xestión realizada polo goberno municipal no ano 2019 sobre os orzamentos aprobados en decembro de 2018, uns orzamentos sobre os que se aplicaron modificacións orzamentarias de case un millón seiscentos mil euros, o que representa case un dez por cen de incremento dos créditos iniciais, elevando o orzamento ata 17.664.000 euros.

Sinala que as modificacións máis importantes son as que teñen que ver co IDAE e coa eficiencia enerxética das instalacións, tal como reflicte o informe de intervención. Pon de relevo o sr. Fernández que se volve a falar dun clásico, que se repite da conta xeral, que é o do alleamento de terreos, que un ano máis se utilizou para cadrar o orzamento pero ao final quedou en cero a previsión inicial, que era de 134.000 euros de ingresos e ao final, para financiar outro tipo de partidas para as que se contaba con eses ingresos, houbo que recorrer a outros créditos. Recoñece o sr. Fernández que o resultado orzamentario é positivo, 104.178 €, e tamén di que dende a evolución do ano 2017 o resultado, sendo positivo, queda lonxe daquel millón de euros dese ano e dos oitocentos mil euros do ano 2018, porén é positivo e por iso hai que destacalo.

Tratándose do remanente de tesourería para gastos xerais, salienta o sr. Fernández que segue estando en cifras moi destacables, superando os dous millóns de euros, o que hai que poñer de manifesto, xa que é importante ter ese remanente porque cando

el entrou era negativo en case catro millóns de euros, polo que agora ver un cifra por enriba dos dous millóns de euros é unha boa cifra e unha boa noticia.

Salienta o sr. Fernández que hai trece informes de reparo, que afectan a un total de 1.387.976 €, polo que, como di todos os anos, hai que intentar reducir eses reparos porque se trata dunha cantidade moi elevada.

Di o sr. Fernández que outra cousa que tamén é un clásico nos informes de intervención é a relativa á taxa de abastecemento de auga, por vía executiva, e tamén hai un reparo clásico que é o das nóminas dos traballadores, engadindo que non sabe se algún día se chegará a un acordo para deixar de reparar esas nóminas.

Sinala o sr. Fernández que no catastro, na recadación por IBI, hai un desfase de case 280.000 € que non se recadan, engadindo que non sabe o porque dese desfase entre a previsión inicial e o realmente recadado, que representa practicamente o 10% da cantidade total recadada por este imposto.

Sinala o sr. Fernández que outra cousa é que durante todo o 2019 no Concello de Teo non houbo ningunha multa por infraccións urbanísticas, o que en principio é positivo, pero lle chamou a atención porque había unha previsión inicial de 10.000 €.

Sinala o sr. Fernández que para o seu grupo a valoración en xeral é unha valoración relacionada por unha banda con esas grandes cifras positivas, o que ten que ver co resultado axustado e o remanente de tesourería, porén ten outras cuestións, ademais vinculadas ao orzamento de decembro de 2018 no que se abstiveron, polo que neste caso tamén se van a abster.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucia Calvo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que se se observa que se destinan créditos ociosos, do capitulo 1, gastos de persoal, para o pago de facturas do capítulo 2, de gastos correntes, mediante transferencias de crédito.

As estimacións de gastos correntes non son correctas, se segue a gastar máis do que se orzamenta no capítulo 2 e despois hai que botar man dos recursos dispoñibles noutros capítulos, como é o capítulo 1

Tratándose do capítulo 6 de ingresos, a sra. Calvo sinala que, como di a interventora na páxina 7 do seu informe, dende fai anos se están inflando os orzamentos de ingresos para dar lugar a un maior gasto de inversión con supostas vendas de solares que despois non se materializan, e isto o que provoca é unha alteración do anexo de inversións aprobado polo Pleno da Corporación, posto que nel se describen as inversións a realizar e os axentes de financiación, algo que non se respecta, xa que os gastos afectados pola venda de terreos están condicionados á efectiva venda dos mesmo, xa que do contrario non se poderían realizar ditos gastos.

Sinala a sra. Calvo que tamén, como se reflicte na páxina 10 do informe de intervención, hai 2.639.501,97 € de dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados, engadindo que entende que son os referidod a Aquaguest.

A sra. Interventora sinala que pode haber algún mais, aínda que a maior parte é de Viaqua.

Sinala a sra. Calvo que lle gustaría saber en que situación está ese tema.

A sra. Calvo, remitíndose á páxina 12 do informe de intervención, sinala que lles parece moi grave que non existira fiscalización algunha sobre a xustificación das convocatorias de subvencións a entidades deportivas, veciñais, educativas e de igualdade, previa a súa aprobación polo órgano competente do recoñecemento da obriga.

Refírese a sra. Calvo a existencia de trece reparos, sinalando que hai un menos que o ano pasado, polo que se está mellorando sensiblemente.

Considera a sr. Calvo que despois do exposto, a xestión, lonxe de ser boa, é bastante ineficiente, xa que se inflan os orzamentos, entre outras cuestións, porén para non entorpecer os trámites regulamentarios é de debido cumprimento e tendo en conta que isto é unha foto fixa da realidade, o seu grupo se vai a abster, engadindo que en todo caso hai que facer previsións máis realistas.

O sr. alcalde di que vai a comentar algunha cousa, sen entrar en debate, e agradece a posición dos grupos de abstención na aprobación das contas, coa crítica que se considere.

Sinala o sr alcalde que é certo que a venda dos terreos figura sistematicamente, e aclara que aínda que non lle crean o certo é que incorporalo nos orzamentos é unha decisión política, pero así mesmo é unha decisión política vendelos, porén se non se fai é por unha cuestión de prioridades, porque a venda dos terreos nestas circunstancias ten un tratamento administrativo complexo, e tal e como están os departamentos a veces costa fixar iso como prioridade.

Aclara que non renuncian á venda porque hai algunhas fincas, en concreto as dos Verxeis, que están dando perdas, porque hai que pagar cotas de urbanización, pero precisamente nesas, as que poderían ser máis fáciles de vender, foi nas que xurdiron algúns problemas coa delimitación.

Sinala que o superávit diminuí con respecto aos anos anteriores, porén tamén é certo que iso implica un maior grao de execución, xa que se se é capaz de achegar os gastos aos ingresos, reduces o superávit, pero hai un maior grao de execución.

Explica o sr. alcalde que a maioría dos reparos tamén se refiren a defectos no proceso administrativo, que é a falta de solicitar a retención de crédito, porén iso non implica que non existan eses cartos nos orzamentos e na dispoñibilidade, engadindo que o

asumen como crítica, porque é o que hai que facer, e intentarase en todo caso melloralo.

Tratándose da taxa executiva da auga o sr. alcalde sinala que cabe espera que agora coa incorporación da Tesoureira se avance niso.

Sinala o sr. alcalde que polo que se refire ás nóminas dos traballadores a única solución é a RPT, engadindo que se segue no proceso, que se paralizou un pouco polas eleccións sindicais, xa que os novos que se incorporaron pediron facer unha pequena revisión do que se avanzara, pero agora se vai a retomar e a principios do mes que ven se fará unha reunión polo menos para volver ao punto no que se estaba antes das eleccións sindicais e xa poder tira adiante con máis soltura.

Tratándose do desfase no IBI entende o sr. alcalde que é porque neste anos se fixeron unhas previsións derivadas de como ía a incidir, non xa a nova valoración, senón o cambio que introduciu catastro de ingresos por solares e terreos construíbles e demais, e aí se produciu un desfase, engadindo que pode ser tamén en parte na recadación, porén ese desfase se corrixirá de cara ao futuro.

En relación coa tesourería explica o sr. alcalde que é un pouco a consecuencia do das multas por infracción urbanísticas, ou polas multas coercitivas, que están delegadas na Deputación, pero non sabe porque cuestión de engrenaxe administrativa, nunca se efectivizaron e que agora, coa incorporación da Tesoureira, é outro aspecto que se pode mellorar.

Sinala o sr. alcalde que é certo o que di a sra. Calvo en relación aos créditos de persoal, poren non é certo que se metan ficticiamente créditos de persoal senón que se sobran eses cartos de persoal é porque non se puideron convocar as prazas ou por xente que está de baixa e parte desa baixa, a seguridade social, a paga a administración estatal, e iso repercute positivamente, porén en todo caso si que se pretende e se fixo un esforzo este ano na contratación tanto de bolsas de substitución como de prazas que estaban pendentes, e se espera seguir así.

Sinala o sr. alcalde que nesa estimación de gasto corrente, se gasta máis porque hai iso que sobra dos gastos de persoal.

O sr. alcalde sinala que a sra. Calvo ten razón no senso de que os ingresos polo venda de terreos van ligados a certos gastos, que non se deberan realizar se non hai eses ingresos, porén se se mira o superávit e o que se debía ingresar pola venda de terreos, aí anda a cousa e non hai un gran desfase niso, é dicir que non foi tampouco que se gastase o que non se recadou, senón que iso ven a ser en definitiva, aínda que non exactamente, pero si en boa parte, o superávit.

Tratándose dos dereitos de cobro de Viaqua, sinala o sr. alcalde que a situación actual é que houbo unha sentenza moi importante, antes do COVID, que da a razón ao Concello, e que lle obriga a presentar a liquidación que se presentara pero ben explicada por capítulos. A sentenza ten dúas cuestión fundamentais, unha é que o Concello ten dereito a practicar a liquidación dende o ano 2001, porque as liquidacións comprendidas entre o ano 2001 e o 2007 nunca foron aprobadas por intervención, e por tanto esas liquidacións hai que volver a facelas, en contra do que pretendía Viaqua, que entendía que, na prorroga do 2007 esas liquidacións quedaban aprobadas e polo tanto había que entrar *a posteriori* do 2007, pero non antes, pero xa a sentenza recoñece que é dende o 2001. A outra cuestión fundamental da sentenza é que os prezos a aplicar son os derivados do contrato orixinal, é dicir que hai que calcular, co IPC e demais, os prezos orixinais do contrato, e ir aplicando ano a ano e mes a mes, valorar o que se ingresou por taxas, o costo real do servizo, o que pagou o concello a maiores, e facer esa liquidación. Explica que agora estase traballando niso e se pretende remitir ao Xulgado antes de que finalice o ano. Aclara que, en todo caso, por moi ben que se leve este partido, este é dos longos porque loxicamente, no ánimo de defender os seus intereses ou simplemente para dilatar o proceso, pode dar bastantes voltas, aínda que cada vez menos, pero haberá que ver a onde chega.

Pregunta o sr. alcalde polo afirmado pola sra. Calvo en relación ao control interno de xustificación das subvención, sinalando que non o entendeu moi ben.
A sra. Calvo remítese á páxina 12 do informe de intervención e expón o cuestión.

Co permiso da presidencia intervén a sra. Interventora que sinala que non se fiscalizou a “fase o” de recoñecemento de obrigas, o que viu motivado pola insuficiencia de persoal do departamento.

O sr. alcalde sinala que intentarase que non volva a ocorrer. Reitera o sr. alcalde o seu agradecemento aos grupos polo seu posicionamento.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (3 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (6 PP e 2 BNG), acorda:
Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2019.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2019, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.12.23 18:15:30 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.12.23 18:14:19 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 12/2020

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 28 DE OUTUBRO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a vinte e oito de outubro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.ª Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 862/2020 Á 951/2020)

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2020

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2020

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRO DE D. MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO AO CONVENIO DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE SANTIAGO

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO. ANTICIPOS CAIXA FIXA

7.- MOCIÓNS

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 862/2020 Á 951/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de setembro ata o 22 de outubro de 2020, que comprenden os números 862 ao 951, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2020.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesouraría e Intervención, do 6 de abril de 2020, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do primeiro trimestre de 2020.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2020.

O sr. alcalde da conta do informe da Tesouraría, do 22 de outubro de 2020, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao segundo trimestre de 2020.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA COMO CONCELLEIRO DE D. MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ.

O sr. alcalde da conta da proposta do 23 de outubro do 2020, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D. MANUEL ANXO FERNÁNDEZ BAZ.

Visto o escrito asinado por D. Manuel Anxo Fernández Baz, membro do grupo municipal do BNG, de data 16 de outubro de 2020 (rexistro de entrada núm. 5081 do 16/10/2020) solicitando que se faga efectiva a renuncia á súa acta de concelleiro da Corporación local.

Considerando que segundo o disposto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, cando se presente escrito de renuncia do cargo de concelleiro, o Pleno da entidade local da que forme parte tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato da mesmo, en orden ás eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato de aquela, aos efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral.

En virtude do exposto e considerando o establecido na instrución citada e na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 16 de outubro de 2020 (rex. entrada núm. 5081 do 16/10/2020) por D. Manuel Anxo Fernández Baz.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuizo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a D. Manuel Barreiro Rozados.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

Sendo as vinte horas e sete minutos incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do PP, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. alcalde sinala que lle gustaría recoñecer colectivamente o traballo do sr. Fernández durante todos estes anos. Salienta que esta Corporación perde unha aportación importante, aínda que saben que se dedicara a cousas positivas, porén

compre agradecerlle colectivamente tanto o seu talante como a súa disposición nos temas.

Os/as concelleiros/as dos grupos municipais non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada con data de 16 de outubro de 2020 (rex. entrada núm. 5081 do 16/10/2020) por D. Manuel Anxo Fernández Baz.

Segundo.- De conformidade co previsto na normativa aplicable, dar traslado do presente acordo á Xunta Electoral Central, e indicar que, e a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante a D. Manuel Barreiro Rozados.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO AO CONVENIO DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE SANTIAGO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de lingua e mocidade, D.ª Iria Otero Romero.

A sra. Otero da conta da proposta da Alcaldía do 16 de outubro de 2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego do 22 de outubro de 2020, de que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE TEO AO CONVENIO DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA AREA DE SANTIAGO.

Dende o 03 de decembro de 2010 está vixente o *Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano na área de Transporte Metropolitano de Santiago,* asinado no seu momento polos concellos da área metropolitana de Santiago coa Xunta de Galicia, entre eles o Concello de Teo. Este convenio tiña inicialmente vixencia ata o 31 de decembro de 2015, con posibilidade de prórroga por prazos dun ano coa finalidade de manter a liña de colaboración.

Mais coa entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa prórroga acordada para este ano 2020 esgótanse as posibilidades de prórroga do convenio formalizado en 2010. Consecuentemente, resulta precisa a formalización dun novo convenio que dea continuidade ás actuacións implantadas con base no anterior. Basicamente, para as persoas usuarias do transporte de viaxeiras, significa poder desfrutar do sistema de tarifas da tarxetas Metropolitana e Xente Nova.

A decisión de adhesión ao Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano na área de Transporte Metropolitano de Santiago asinado no ano 2010 foi tomada en sesión plenaria, en consecuencia, o grupo de goberno municipal presenta á consideración do Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello e Teo ao Convenio de Transporte Metropolitano nos termos expresados na redacción do **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E o ANEXO TÉCNICO DO CONVENIO DA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Segundo.- Asumir os compromisos orzamentarios para cubrir as obrigas de achegas por programa derivadas da sinatura do convenio.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde para efectuar as xestións necesarias para a efectividade do presente acordo".

A sra. Otero explica que se trata dun convenio de colaboración no que a parte fundamental se concreta en que a tarxeta metropolitana, ese sistema de financiación que teñen os billetes, se poida levar a cabo, engadindo que ademais existen unha serie de obrigas para os concellos, como a relacionada co mantemento das marquesiñas por parte do Concello, a información dos horarios, etc. Sinala que a necesidade de renovación do Convenio polo Pleno é porque foi aprobado por este, e foise prorrogando durante todo este tempo, porén coa entrada en vigor da Lei de réxime xurídico do sector público resulta precisa a súa renovación. Explica a sra. Otero que intentaron presentar algunhas alegacións, porque se está no medio da nova implantación do transporte, das liñas e demais, pero na Xunta entenderon que non viñan ao caso porque non se regulaba nada diso, senón que se limitaba a que a xente se beneficie da tarxeta de viaxeiros coas correspondentes bonificacións.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que, como dixo a sra. Otero, hai que votar a adhesión ou non do Concello de Teo ao Convenio. Sinala que en Teo existe unha importante eiva no tema de transportes. Non se entende que nun concello que limita ca capital do pais non exista máis opcións que o transporte privado, co que isto conleva. Sinala que non todo o Concello de Teo está igual, hai parroquias que están mellor e outras peor, como por exemplo Oza, Bamonde e Teo, que están fatal.

Salienta a sra. Diéguez que se trata dun tema complexo e a Xunta non pon moito da súa parte para solucionalo. Dende o Concello tampouco foron quen de solucionar na medida do posible a problemática en dous mandatos e agora tampouco se vai a solucionar moito, e as persoas van a ter que seguir utilizando o seu transporte privado. Considera a sra. Diéguez que ter un concello ben comunicado é fundamental para acadar un equilibrio entre o crecemento, a sustentabilidade e a calidade de vida de todos os veciños e veciñas.

Sinala a sra. Diéguez que se buscamos no dicionario a palabra convenio, a definición di que é "*aquilo que se conven ou acorda, particularmente entre as institucións, e de maneira formal*" poren seguindo o que di o sr. alcalde e a información que lle chegou a

ela, a Xunta non escoita as propostas dos concellos, no quixo negociar con eles e tampouco quixo ter en conta as necesidades específicas de cada concello, polo que isto non se pode definir como un Convenio senón que é unha imposición da Xunta de Galicia aos concellos, obrigándolles a elixir entre ter un mal servizo de transporte ou non telo, ou se colle ou se queda fora, obrigando aos concellos a tragar co que a Xunta impón, non dando opcións.

Explica a sra. Diéguez que o seu grupo podería votar en contra porque non está de acordo en como se fixeron as cousas e porque se trata dunha imposición que vai en contra dos intereses dos/as veciños/as, porén o Concello de Teo non pode asumir o servizo de transporte se non é a través dun Convenio como este, por iso o seu grupo se vai a abster, porque non queren que o vecindario quede sen transporte. Quere deixar claro a sra. Diéguez que non están de acordo en como se fixeron as cousas por parte da Xunta, xa que o Concello de Teo é un Concello que sae reiteradamente prexudicado polo goberno de Feijóo, como aconteceu co centro de día, que se leva anos reclamando e se segue sen el.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que o seu grupo se caracteriza porque sempre estará de acordo con todo aquilo que suma de cara a que os veciños teñan melloras. Sinala que parece que con isto se arranxa o tema dos saltos, que era algo que ultimamente preocupaba, e está ben. Considera a sra. Vázquez que nunca se pode deixar de negociar para chegar aos mellores acordos e remata a súa intervención sinalando que bota en falta que dentro desa mellora non se mencione directamente o teobus, cando precisamente se fala de que hai zoas do Concello que teñen mala comunicación e o teobus non chega a elas, polo que tamén haberá que miralo, aínda que sabe que se está xestionando un cambio de ruta.

A sra. Otero sinala que se trata de dúas cousas diferentes. Di que está de acordo coa exposición da sra. Diéguez, que o transporte que ten o Concello sempre tivo unhas carencia importantes, e máis nunhas zoas que outras, non estando porén de acordo en que nestas dúas lexislaturas non se fixera nada. Explica que o sr. Anxo Rey fixo un gran traballo co Convenio dos Tilos, ademais de estar buceando en conseguir ese mapa das liñas que existían e pasaban por Teo, e a continuación Concepción García tamén fixo un bo traballo cos concellos limítrofes, Vedra, Ames, Santiago, e presentáronlle á Xunta un proxecto no que esta se baseou para sacar os anteproxectos do transporte de viaxeiros.

Explica a sra. Otero que as liñas que se van a implementar agora si que recollen ese traballo de colaboración de todos os concellos intentando ter un bo transporte nestes concellos que fan a contorna de Santiago.

Salienta a sra. Otero que o que se vota é a continuación dun Convenio de colaboración que non ten que ver coas liñas de transporte, senón que ten que ver coa maneira de que os viaxeiros teñan un sistema de bonificación nas viaxes que fagan.

Sinala a sra. Otero que se as empresas cumpren o mapa de resultado dese proxectos vaise notar un cambio substancial no transporte público, estando tamén na man de todos cambiar un pouco os hábitos e facer máis uso dese transporte.

Aclara a sra. Otero que, tratándose do teobus, o problema da non reformulación do meso ata o de agora, é que ao non estar seguro como ía a quedar o mapa final destas rutas de transporte que depende da Xunta, no concello non se podía facer unha reestruturación porque non se sabía onde ía a ser necesario compensar algunha eiva que puidese quedar con estas nova liñas. Sinala que nese primeiro traballo de recoller as necesidade da xente do Teobus, a que se recolleu e supón que se poderá recoller na reformulación é o servizo aos centros de saúde de referencia das zoas como Lampai ou Reis e da zoa de Bamonde e Teo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, sinala que ela non lle quita mérito a ninguén, senón que so di o que ve, xa que leva moitos anos no Concello e non percibiu ningún cambio. Sinala que, por exemplo en Oza, hai unha señora que ven desde Milladoiro a traballar nunha casa, ven andando a Ribas, e cando quere marchar pola tarde ten que coller un autobús en Ribas que vai a Santiago e despois ten que ir a Milladoiro e se se lle preguntase a esa persoa non sabe se pensaría que o servizo de transporte en Teo funciona de marabilla. Sinala tamén que unha persoa que vive ao lado dela, que traballa en Milladoiro, se ten que chegar en pouco tempo a ten que levar o marido e ila a buscar, e outro persoa que vive nos Verxeis lle comenta que ten unha persoa que coida a súa nai, e que os fins de semana non hai transporte.

Sinala a sra. Diéguez que habería que ver cales son as necesidades das persoas que si necesitan o transporte e aí non se fai ningún estudo e quizais as persoas que mais precisan o transporte, que son as que menos medios teñen para moverse, son as que están sen o servizo.

A sra. Diéguez salienta que sabe que é un tema complexo, que interveñen moitos factores e que non é fácil, porén o que ela ve é que o servizo de transporte non resolve o problema ás persoas que realmente teñen problemas de mobilidade.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

O sr. alcalde sinala que a sra. Otero non diso que funcionara de marabilla, todo o contrario, senón que dixo que se fixo un traballo importante, que cabe esperar que teña concreción cando, en nadal, se poña en marcha, porque cabe esperar que aí cambien significativamente as cousas.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, non fai uso da súa quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e unha abstención (1 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello e Teo ao Convenio de Transporte Metropolitano nos termos expresados na redacción do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E o ANEXO TÉCNICO DO CONVENIO DA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Segundo.- Asumir os compromisos orzamentarios para cubrir as obrigas de achegas por programa derivadas da sinatura do convenio.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde para efectuar as xestións necesarias para a efectividade do presente acordo.

Incorpórase como anexo á presente o "CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO. ANTICIPOS CAIXA FIXA.

O sr. alcalde explica que se trata dunha proposta da nova tesoureira e que, ao tratarse dun asunto sen ditaminar pola correspondente Comisión Informativa, debe ratificarse previamente a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposta do 19 de outubro de 2020, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDIA

Considerando a necesidade de conceder anticipos ao Departamento de Servizos Sociais de caixa fixa destiñados a cargar as tarxetas para emerxencias sociais.
Considerando que as BEO do orzamento de 2019 prorrogado únicamente contemplan a concesión de anticipos de caixa fixa por importe de 3.000€ de forma xenérica.
Considerando o exposto no informe da intervención municipal de data 19/10/2020.
PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a modificación da Base 26 de execucion do Orzamento de 2019 prorrogado a 2020, de xeito que se engada o seguinte parágrafo:

"Excepcionalmente, concederanse anticipos de caixa fixa ata un importe total semestral de 36.000,00€ ao Departamento de Servizos Sociais coa finalidade de recargar as tarxetas para emerxencias sociais imputable ao capitulo 4 de gastos.
A disposicion de fondos neste caso concreto efectuarase mediante a recarga de tarxetas sociais existentes no Concello de Teo, autorizándose a recarga das mesmas coa sinatura de caixeiro ou caixeiros habilitados.
O Departamento de Servizos Sociais deberá de presentar conta xustificativa cada seis meses, antes do 30 de xuño e antes do 31 de decembro de cada ano que será posteriormente fiscalizada e aprobada por Resolución da Alcaldía, para a súa reposición."

Segundo: Expoñer ao público mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia, durante 15 días hábiles, coa finalidade de que os interesados podan presentar as reclamación que xulguen oportunas, de conformidad có disposto no artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.
De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será insertada, no Boletin Oficial da Provincia".

O sr. alcalde explica que o que se propón é que excepcionalmente os anticipos de caixa fixa, ata un importe máximo de 36.000 € cada semestre, estean en mans dos servizos sociais coa finalidade de recargar as tarxetas de emerxencias sociais. Explica que a activación destas tarxetas se facía pola entidade bancaria, que ten os seus tempos, e a fame e as necesidades teñen uns tempos distintos. Preténdese que os servizos sociais poidan activar directamente as tarxetas, e non ter que esperar tres ou catro días que, noutras circunstancias, non importan, pero que nestas circunstancias, tratándose de emerxencias sociais, si son importantes.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Diéguez, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que o seu grupo vai a apoiar a proposta, na liña do PP nestas casuísticas, porque pensan firmemente que hai que axudar con todos os recursos dispoñibles, porque son situacións cruciais. Sinala a sra. Calvo que lles gustaría saber se con 36.000 € vai a ser suficiente.

O concelleiro de Son de Teo, sr. Iglesias, sinala que se trata dun cálculo técnico que entende que está baseado nos datos dos últimos anos, tratándose dunha proposta que non parte do departamento senón da técnica encargada disto, que é a tesoureira.

O sr. alcalde di que hai que ter en conta que se trata exclusivamente das axudas de alimentos.

A sra. Calvo di que descoñecen o número de persoas que solicitaron a axuda.

O sr. Iglesias sinala que non ten os datos últimos deste ano, porque están pendentes de pechar e hai moita variación, aínda que normalmente no ano en total de axudas e

emerxencia social habería en torno a douscentos ou trescentos beneficiarios directos, engadindo que outra cousa son as tarxetas, que son menor número.

A sra. Calvo interésase polas tarxetas.

O sr. Iglesias di que agora mesmo non dispón do dato.

A sra. Calvo pregunta se vai a ser suficiente.

O sr. Iglesias, salienta que o cálculo o fai a Tesourería municipal e supón que é un custo estimado do ano 2019 en un histórico das tarxetas de alimentos, engadindo que en todo caso pensa que é suficiente e ademais trátase dun anticipo de caixa fixa e non implica que non se poida superar, senón que segue aberta a posibilidade de facelo con proposta de gasto.

A sra. Calvo sinala que o pregunta porque entendía que se calculara en base ao ano pasado, porén como como cambiou tanto a situación.

O sr. alcalde sinala que en todo caso eses datos se poden pedir en calquera momento en Tesourería ou en servizos sociais.

O sr. Iglesias di que non ten ningún problema en facilitar os datos, porén agora mesmo de memoria podería dar datos erróneos.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>: Aprobar a modificación da Base 26 de execucion do Orzamento de 2019 prorrogado a 2020, de xeito que se engada o seguinte parágrafo:

“Excepcionalmente, concederanse anticipos de caixa fixa ata un importe total semestral de 36.000,00€ ao Departamento de Servizos Sociais coa finalidade de recargar as tarxetas para emerxencias sociais imputable ao capitulo 4 de gastos.
A disposicion de fondos neste caso concreto efectuarase mediante a recarga de tarxetas sociais existentes no Concello de Teo, autorizándose a recarga das mesmas coa sinatura de caixeiro ou caixeiros habilitados.
O Departamento de Servizos Sociais deberá de presentar conta xustificativa cada seis meses, antes do 30 de xuño e antes do 31 de decembro de cada ano que será posteriormente fiscalizada e aprobada por Resolución da Alcaldía, para a súa reposición.”

Segundo: Expoñer ao público mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia, durante 15 días hábiles, coa finalidade de que os interesados podan presentar as reclamación que xulguen oportunas, de conformidad có disposto no artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será insertada, no Boletin Oficial da Provincia.

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

O sr. alcalde sinala que, antes de entrar no punto 8 da orde do día, de rogos e preguntas, quería sinalar, a efectos informativos, que hoxe tiveron a reunión virtual dos concellos da área Santiago, Ames e Teo co Secretario Xeral da Consellería de

sanidade e co Director da asistencia sanitaria, engadindo que non mandou a información, como fai habitualmente, para explicalo aquí e que todos poidan ter acceso á mesma.

Sinala o sr. alcalde que con datos da última semana o concello de Ames pasou de oitenta e catro a cento catro casos activos, cun incremento de vinte, Santiago pasou de trescentos corenta e un a catrocentos trinta e nove, cun incremento de noventa e oito casos, e Teo pasou de vinte e oito a cincuenta e nove, trinta e un casos máis. Sinala que isto da unha taxa, nos últimos catorce días por cen mil habitantes, que é a cifra que manexa e que estandariza o Ministerio, de Ames 300 casos por cen mil habitantes, Santiago 420 casos por cen mil habitantes e Teo 306 casos por cen mil habitantes, engadindo que as cifras que superan os 250 casos por cen mil habitantes, considérase xa en alto risco.

Salienta que a situación é preocupante, valorándose tamén na reunión a preocupación xa que parece que as medidas correctoras non son capaces de parar a situación, polo que, vista a evolución, fai pensar que é posible que o venres na reunión do Comité Científico se puidera equiparar a situación dos tres concellos, Ames, Santiago e Teo, asumindo as restricións que actualmente teñen Santiago e Milladoiro.

Sinala o sr. alcalde que consideran que tampouco creen que haberá medidas doutro estilo, máis alá en todo caso do illamento perimetral, que non se sabe se sería dos tres concellos con respecto ao resto ou de cada concello entre si e respecto a fora.

Explica que ata que o Comité Científica o valore non se pode adiantar ningunha situación, engadindo que no caso de Teo o que máis afectaría, máis alá do illamento perimetral, é que se pasaría de reunións de cinco persoas á reunións de convivintes.

Explica o sr. alcalde que isto se complementa co feito de que neste momento na área sanitaria hai hospitalizadas sesenta e unha persoas e quince críticos na UCI. Sinala que unha das cuestións que se valoraba é que a xente perdera un pouco o medo ao COVID e tiña comportamentos menos activos en contra da situación

Sinala que a incidencia baixou en varios aspectos. Lembra que na primeira ouleada se falaba de picos, e o maior foi de cento sesenta hospitalizados, e hoxe hai sesenta e un, a pesar dos altos números de incidencia, e na UCI hai quince críticos e se chegou a ter cincuenta e nove na primeiro ouleada, e todo iso pode dar lugar a que se produza unha certa relaxación na cidadanía.

Salienta o sr. alcalde que el transmitiu que o que decida o Comité científico se vai a aplicar e se vai a colaborar na medidas das posibilidade do concello.

Explica que el tamén sinalou que consideraba que, como non se lle dicía nada en concreto de que a incidencia en Teo respondera a focos moi claros e definidos sobre os que poder actuar, o que permitiría facer, como fixeron outros concello, unha maior presión dende o punto de vista de cumprimento da normas ou incluso solicitar cribados, porén parece que non, que é unha situación na que non se definen claramente focos predominantes.

Remata o sr. alcalde sinalando que esta é a situación, é que tampouco dispón de máis datos porque non lles facilitaron máis.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A concelleira do BNG, sra. Diéguez, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Diéguez refírese á pista de Sebe, en Cacheiras, e di que descoñece se é para este ano pero que o que si sabe é que a pista paralela á estrada de Cacheiras por onde a ITV, a que hai paralela pola parte de atrás do centro médico e que vai dar á Pedra, non pode esperar máis polo que se ten pensado facer, porque está totalmente desfeita e en moi malas condicións. Sinala a sra. Diéguez que a veciñanza pregúntalle cando se vai a arranxar.

A sra. Lemus di que é un proxecto do POS que aprobaron en decembro do ano 2019 e se está comezando agora mesmo a licitar o POS 2020, que é este, e o primeiro que se vai licitar vai ser o bombeo de Caxade e a seguinte xa era esta e a do Vilar.

A sra. Diéguez sinala que en todo caso sería conveniente bachear algo antes de que se faga porque se está desfacendo.

2.- A sra. Diéguez sinala que en Cepeda, alí en Oza, pasan bastantes coches porque para coller a autovía moita xente métese por aí, e hai unha zona que se está desfacendo. Explica que hai unha casa branca cunha galería alí, unha finca bastante grande, despois hai un estreito e ó redor desa finca é onde máis baches se están facendo. Considera a sra. Diéguez que sería convinte facer algo antes de que se estrague máis.

3.- Sinala a sra. Diéguez que o cruce de Espasande-Bustelo, en Luou, é unha zona perigosa e xa houbera un accidente. Está bastante marcada abaixo pero o sinal de stop está totalmente sen cor, case non se aprecia que hai unha sinal, está totalmente esvaído e xa non aparece o vermello por ningún sitio.

4.- Sinala a sra. Diéguez que a marquesiña da que falaron xa no Pleno anterior, á que se referiu o sr. Fernández, en Mouromorto, a que está na parada do IES de Cacheiras, pois ademais do problema que xa se comentara daquela, agora fíxose un bache xusto diante da marquesiña e cando pasan os coches duchan aos nenos.

5.- Refírese a sra. Diéguez a dous lavadoiros de Calo. Sinala que un está en Mouromorto, e só precisaría unha limpeza, pero hai outro no parque da Igrexa de Calo que debería de vixiarse porque a cuberta está en perigo de desprendemento.

Salienta a sra. Diéguez que lle din que está comido pola maleza e que parece que non hai auga porque a herba cubre pero é pantanoso e pode levar a engano e alguén pisar alí e caer na fochanca, na auga embalsada.

6.- Sinala a sra. Diéguez que, volvendo a Oza, quería dicir que o ano pasado limpouse medio canalón que hai na estrada que vai de Castres a Ribas, e esa estrada foi unha das primeiras que se asfaltou cando chegou o BNG ao goberno, e puxérase medio canalón de tubo. Lembra que o ano pasado limpárase pero volveu medrar a herba e entre tubo e tubo agora hai terra e co paso de tempo quedou sen cemento e aí nesa terra medra moitísimo a maleza e estes días que choveu xa desbordou a auga para a estrada.

7.- Refírese a sra. Diéguez ás vías paralelas que van á autovía, unha en Castres e outra en Cacheiras, e pregunta se son xestionadas pola Xunta ou se son do Concello.

O sr. alcalde sinala que son municipais.

A sra. Diéguez di que é o sitio "de moda" do concello, o lugar de ocio que máis prefire a veciñanza, e vén xente de varios sitios, incluso de fóra do Concello de Teo, estaciona o coche por alí e pasea, van en bicicleta, corren, etc. Sinala a sra. Diéguez que agora menos pero cando rematou o confinamento aquelo era un bulevar a todas horas.

Sinala a sra. Diéguez que tamén fan moitas rutas pola ruta da Batalla de Cacheiras, por onde pasa moitísima xente, con cans, bicicletas, xente correndo e tamén os parques están sempre cheos, ou polo menos cando pasa ela, sobre todo no de Castres, e tamén nas pistas xogando.

Sinala que, tendo en conta o exposto e o transitadas que están, os coches ás veces pasan a demasiada velocidade, polo que habería que mirar se se pode tomar algunha medida, que sería conveniente para intensificar a seguridade das persoas que están por alí facendo deporte.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra solicita que en Castres e Ribas se poña unha beiravía, engadindo que se non é moi grande, que se faga algo polo menos para pasar, porque se están facendo as estradas moi estreitas.

O sr. Guerra di que xa sabe que alí non é posible facer esa beiravía de dous metros, pero unha senda polo menos de 80 cm por onde poidan pasar as persoas. Considera o sr. Guerra que meter o tubo completo e facer esa *sendiña* tampouco costa tanto.

A sra. Lemus di que onte lles pasou os proxectos nos que veñen esa senda.

2.- Sinala o sr. Guerra que en Pite os veciños din que a pista interior está destrozada. Explica que pasou por ela, porque cando lle din as cousas as vai a ver para asegurarse do que fala, e literalmente está destrozada dende Pite ata a estrada que baixa por Olveira.

A sra. Lemus explica que tamén está no POS, que se licitará agora.

3.- Sinala o sr. Guerra que o outro día meteuse nunha pista onde nunca se metera, nunha pista chegando de fronte ao Squash, chegando ó Milladoiro, unha pista que non ten saída, e observou que está totalmente destrozada e ademais hai dous postes de Fenosa invadindo a pista. Di o sr. Guerra que cree que é de Teo, porque a ambos lados tiñan os números azuis, aínda que non sabe se a parte de alá as casas son ou non do Concello. Considera ao sr. Guerra que habería que reparar un pouco o camiño que está destrozado.

4.- Sinala o sr. Guerra que fronte ao campo de fútbol de Cacheiras tamén hai unha inquietude, porque na casa chamada dos Carballos, aquela muralla ameaza derrubarse sobre a estrada, está aguantada polas hedras e en calquera momento vai a caer, engadindo que descoñece que medida se pode adoptar aí.

5.- Sinala o sr. Guerra que xa nalgunha ocasión se falara no Pleno dun camiño, en Recesende, en Vilanova 33, que está de zahorra, que vai á casa número 33, que son uns 60-80 metros lineais. Pide o sr. Guerra que polo menos se repare un pouco, porque ten buratos, e se non pode ser de asfalto pois de zahorra.

6.- Sinala o sr. Guerra que en Fornelos tamén se lle foi botar estes días uns pegotes pero piden que se lles repare a pista que vai dende Fornelos, que vai a dar ao cemiterio, porque tamén está en moi mal estado.

7.- Sinala o sr. Guerra que no lugar de Fontenla hai un tramo de camiño que ven dende a estrada xeral, abaixo, que sae arriba onde Santa Marta, que se reparou recentemente, hai uns oitenta ou cen metros lineais dun camiño que está moi abandonado e está destrozado.

8.- Di o sr. Guerra que tamén lle dicían do mal estado da pista que vai polo monte pelado a Feros e tamén a que vén da Igrexa ó lugar do Sisto, en Cacheiras, que está por onde a casa de Ramón do Coto, e está destrozada..

9.- A sra. Nariño refírese a un farol que hai xusto dirección a Pontevea, antes de chegar á rotonda da piscina, sinalando que cree que houbo un percance alí, un accidente ou algo pasou. Entende a sra. Nariño que se trata dun espazo privado, pero está moi inclinada e é perigosa.

10.- A sra. Nariño refírese a un farol que ten a luz fundida, a que está enfronte do Concello, a do paso de peóns, a que está xusto nas escaleiras da entrada do concello, e non ilumina.

11.- A sra. Vázquez di que estes días viu que houbo varias pólas que caeron na zoa da Burga e pide se se podía pasar por alí simplemente para retiralas do camiño.

12.- A sra. Calvo di que contactaron con eles dende Foltra para avisar que falaron hai dous meses con alguén do Concello, aínda que non saben concretamente con quen, para comunicar que na praza de aparcamento sita precisamente onde está Foltra, nesa mesma rúa, hai unha pequena fochanca, nunha praza de aparcamento, das que están precisamente pintadas. Aclara a sra. Calvo que dende Foltra puxeron un cono para que non se metera alí ningún coche.

Sinala a sra. Calvo que tamén o asfalto da rúa está un pouco deteriorado, un pouco bastante, polo que habería que botarlle un vistazo por alí.

13.- A sra.Rosende refírese ás cunetas e di que ou non se limpan ou se se limpan faise mal, porque non se retira o desbrozado, e isto implica que cada vez teñen menos fondo e provoca que se acaben anegando as eiras dos veciños. Explica a sra. Rosende que, en concreto alí no Sisto dicíalle un veciño, que ten a casa nunha baixada, que é de película como se pon algunha vez aquilo.

14.- A sra. Rosende di que outra cousa que tamén lles piden e que se faciliten os horarios nas marquesiñas, porque aínda que saben que hai liñas novas e que se van a ter que volver a cambiar, como se o hai que poñer cada mes, debendo así mesmo poñerse un teléfono de contacto, porque non teñen a onde chamar. Explica a sra.

Rosende que os rapaces novos que van aos institutos, non teñen problema en coller o móbil e mirar horarios, pero a xente maior non fai iso.

15.- Sinala a sra. Rosende que hoxe o sr. alcalde explicou a situación do Covid, porén os veciños protestan moito e manifestan a súa decepción coa pouca e mala información que transmite o Concello acerca do problema da pandemia en Teo.

O sr. alcalde explica que el lle está enviando información aos portavoces todos os días, engadindo que se non se transmite máis é porque a Xunta lles pediu que se intentará non dar esa información, xa que eles non a ían a dar.

A sra. Rosende pregunta porque entón saen na prensa continuamente cousas.

O sr. alcalde aclara que el dende logo non a da.

A sra. Rosende di que a ela o que lle transmiten é que o Concello non da información e que agora viu que se fixo unha publicación hai algo máis de dúas horas, porén a última información que aparecía na web do Concello era do 22 de outubro e a anterior era do 1 de outubro.

O sr. alcalde di que dentro do que lles pediran de que non deran esa información, si que varios concellos plantexaron o tema, primeiro Ames, coa situación do Milladoiro, e despois tamén Teo. Explica que en varias ocasións trasladaron que a xente quería saber a situación, e entón se lles autorizou para trasladar o aviso, cando houbera algún cambio significativo, como acontece neste caso que pode dar lugar a que se acaben tomando outras medidas, aínda que fora sen datos concretos, pero que si se trasladara esa preocupación pola situación, tamén un pouco para que a xente fora máis consciente. Reitera o sr. alcalde que, nese aspecto, polo menos pola súa parte, tiveron un comportamento exquisito e todo o que lles permitiu dicir, dixérono. Salienta o sr. alcalde que el non comparte esa posición, e cree que non costaba nada dar a información, engadindo que el cree que aí entra a lealdade institucional e polo menos neste tema a Xunta vai a ter a colaboración do Concello de Teo.

A sra. Rosende di que os veciños falan diso, que non sae reflexado en prensa, sae en periódicos locais, sae no facebook, en todas partes, e do Concello de Teo hai moi pouquiña información. Tendo en conta que neste momento Teo é un dos concellos

galegos máis afectados pola pandemia, dende o PP pensan que se precisa máis información para que os veciños coñezan a situación epidemiolóxica local, que é a que máis lle afecta.

16.- A sra. Castro pregunta se se podía arranxar un bache que ocupa case o ancho de toda a estrada que vai de Mouromorto a Cornide, xusto antes da ponte da autopista, porque ademais ten un fondo considerable.

17.- O sr. Sánchez explica que hai exactamente un mes, no último Pleno, trouxeron o tema de Luou coas diferentes peticións e xusto inmediatamente despois a concelleira de urbanismo ía reunirse con persoal da Deputación para ver como se podía proceder. Pregunta o sr. Sánchez se hai algunha resposta ao respecto.

A sra. Lemus sinala que, de primeiras, en canto á seguridade viaria, medida a curto prazo, xa se solicitou un paso de peóns, un pintado de paso de peóns e a mellora de iluminación. Explica que a Deputación vai a facer a sinalización vertical e horizontal e o Concello vai a facer a mellora de iluminación. Sinala que todo o teñen como unha cousa temporal porque a idea é acometer unha mellora na travesía e non sabe se están hoxe pero entre hoxe e mañá van a facer un levantamento topográfico, porque querían saber as cotas. O arquitecto máis ou menos ten unha idea de como se podería acometer, a idea da travesía, e pola parte da Deputación si que nos ofreceron as posibilidades, sobre todo o financiamento. Salienta que así se evitaría por un lado o problema de augas, e se acabaría non con todos pero si coa maior parte do problema de augas, salvo en momentos de tromba, que iso xa é imposible, e logo coa mellora de seguridade viaria, porque o que se faría sería que a beiravía funcione como beiravía e poñer un paso de peóns sobreelevado, que é o seu nesa zona. Explica que primeiro vaise colocar un normal, porque se pensou en facelo sobreelevado pero a estrada está tan alta e a beiravía tan baixa que non hai opción de facelo sobreelevado porque non da, porque se faría unha rampla de saída en vez dunha beiravía, por iso o teñen que facer ao revés.

Explica a sra. Lemus que a idea do técnico é, en vez de baixar a estrada, subir a beiravía, e case parece a solución mellor, porque a verdade é que ademais do outro lado hai a outra cota alta xa, ou sexa, hai o mesmo nivel, entón sería subir a beiravía,

entubar toda a auga, sacar a auga desa zona, evitar que vaia cara abaixo, e despois si que se quería facer un acondicionamento da zona interior, que é privada.

A sra. Lemus quere que quede ben claro que onde están falando do tema da auga é todo zoa privada, entón aí si que se quedou cos veciños de levarlles unha proposta para ver a posibilidade de facer unha cesión para o seu carácter público, para que o Concello poida acometer as obras despois.

O sr. Sánchez agradece a resposta e as xestións.

18.- Pregunta o sr. Sánchez pola marquesiña de Luou, sinalando que xa que hai unha semanas lle caeu unha pola enriba. Sinala que por sorte nin había bus nin había ninguén agardando o autobús, engadindo que se debe a unha falla da poda as árbores que hai na carballeira, e urxe que se solucione isto canto antes.

19.- O sr. Sánchez explica que hoxe fixeron público unha solicitude para que se valore suspender a actividade do Samaín, a actividade que se vai facer coa mocidade, tendo en conta en primeiro lugar a situación sanitaria e en segundo lugar tamén un pouco a mensaxe que lle traslada inconscientemente á mocidade, en plan "*ímonos de festa a pesar da que está caendo"*. Di o sr. Sánchez que simplemente quere saber se se valorou ou se segue coa idea de continuar para adiante coa actividade.

A sra. López explica que o máis probable que a actividade non se realice, pola situación que acaba de explicar o sr. alcalde, engadindo que entra a partir de venres, e non ten un número de participantes como para que se vaia levar a cabo.

A sra. López di que en todo caso lle sorprende o criterio e preguntase porque esta actividade e non outra. Pregúntalle ao sr. Sánchez se van a solicitar que os colexios non celebren o samaín. A sra. López di que, con todo o respecto, subxace aí un pouco unha idea de que a mocidade non é capaz de facer unha actividade sen desfasar, é dicir, parécelle un pouco perverso que se pida só suspender unha actividade, engadindo que lle gustaría coñecer o criterio polo cal se escolle só esta.

O sr. Sánchez resposta que o criterio é que o pide a xente, nin máis nin menos. Sinala, dirixíndose á sra. López, que aínda lle parece máis perverso que nas súas palabras se subxaza esa connotación con eles de cara á mocidade. O sr. Sánchez sinala que, dito

isto, procede felicitar á sra. López por valorar a non realización da actividade, engadindo que, en calquera caso, as actividades educativas non teñen nada que ver cunha festa, sorprendéndolle enormemente que a sra. López compare a actividade educativa cunha actividade como esta. O sr. Sánchez sinala que eles, dende o primeiro momento, fixeron público, e está escrito, que non tiñan ningunha dúbida de que se o Concello facía a actividade, tomaría todas as precaucións e medidas oportunas para realizala e que o Concello ía a velar por manter a seguridade nesta actividade.

A sra. López di que igual non se explicou suficientemente ben a actividade, engadindo que dita actividade é o que tradicionalmente se chama un xogo de pistas onde os mozos e mozas van de cinco e en cinco, nun espazo ao aire libre, gardando a distancia de seguridade e con máscara, tutelados por un adulto responsable da actividade. O que fan é abrir un papel, descubrir unha pista, un enigma, que leva a outra pista que estará noutro carballo na finca da Tomada, polo que non se trata dunha celebración. A sra. López pide desculpas se non foi capaz de transmitir o xogo, engadindo que non vai a celebrar unha festa porque ela cree que o que ten que facer unha institución pública é velar e dar unha alternativa de ocio, e precisamente o que ela considera é que unha festa de mocidade non é unha alternativa para este caso do samaín.

O sr. Sánchez di que se aleda, engadindo que probablemente faga falta máis pedagoxía por parte de todos, engadindo que en calquera caso a xente estaba alertada, preguntándose se procede, coa que está caendo, a celebración dunha actividade de ocio nesta situación.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.12.23 12:48:43 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.12.23 12:27:23 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(*Lugar e data*)

REUNIDOS:

Dª. Ethel Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, en nome e representación da dita consellería.
D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, en nome e representación do referido concello.
D. José Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, en nome e representación do referido concello.
D. Rafael Carlos Sisto Edreira, alcalde do Concello de Teo, en nome e representación do referido concello.
D. José Luis García García, alcalde do Concello de Brión, en nome e representación do referido concello.
D. Manuel Taboada Vigo, alcalde do Concello de O Pino, en nome e representación do referido concello.
D. Manuel Fernández Munín, alcalde do Concello de Boqueixón, en nome e representación do referido concello.
D. José Manuel Varela Ferreiro, alcalde do Concello de Val do Dubra, en nome e representación do referido concello.
D. Ignacio Codesido Barreiro, alcalde do Concello de Touro, en nome e representación do referido concello.
Dª. Josefina Suárez López, alcaldesa do Concello de Trazo, en nome e representación do referido concello.
D. Manuel Mirás Franqueira, alcalde do Concello de Oroso, en nome e representación do referido concello.
D. Carlos Martínez Carrillo, alcalde do Concello de Vedra, en nome e representación do referido concello.
D. José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello de A Baña, en nome e representación do referido concello.
D. José Carlos López Campos, alcalde do Concello de A Estrada, en nome e representación do referido concello.
D. Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde do Concello de Negreira, en nome e representación do referido concello.
D. José Luis Martínez Sanjurjo, alcalde do Concello de Ordes, en nome e representación do referido concello.
D. Antonio Fernández Angueira, alcalde do Concello de Padrón, en nome e representación do referido concello.
D. Ramón Tojo Lens, alcalde do Concello de Rois, en nome e representación do referido concello.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

D. Luis Celso Taboada Sánchez, alcalde do Concello de Vila de Cruces, en nome e representación do referido concello.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

O transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, a Xunta de Galicia desenvolveu un primeiro proxecto de mellora do transporte nas sete principais aglomeracións urbanas de Galicia, dando lugar, no caso da área de Santiago de Compostela, á formalización o 12 de maio de 2006, xunto cos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, Teo, Val do Dubra e Vedra, dun primeiro convenio de colaboración para a implantación dun primeiro grupo de medidas de fomento do transporte público.

Posteriormente, as vantaxes introducidas a través desta liña colaboración darían lugar á integración de novos concellos e, finalmente, á formalización dun novo convenio de colaboración o 3 de decembro de 2010, entre a Xunta de Galicia e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Teo, Brión, O Pino, Boqueixón, Val do Dubra, Touro, Trazo, Oroso e Vedra. Con esta evolución da liña de colaboración, as Administracións favoreceron a introdución de importantes melloras para as persoas usuarias, máis alá do abaratamento do prezo do transporte, tales como a simplificación de prezos mediante a introdución dunha tarifa zonal e a despenalización do transbordo, contribuíndo á integración dos sistemas de transporte interurbano e urbano.

O citado Convenio tiña unha vixencia ata o 31 de decembro de 2015, con posibilidade de prórroga por prazos dun ano coa fin de manter a liña de colaboración iniciada durante a elaboración, tramitación e formalización dun novo marco de colaboración que veña a dar continuidade ao Convenio. Así, a Comisión de Seguimento prevista no Convenio, e logo da entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, acordou prorrogar o convenio ata por catro períodos anuais.

Deste xeito, a unanimidade acadada nestas sucesivas prórrogas desta liña de colaboración, xunto co interese para adherirse ao mesmo de concellos como A Baña, A Estrada, Negreira, Ordes, Padrón, Rois e Vila de Cruces, son mostras das considerables vantaxes deste novo modelo e da súa aceptación polo conxunto da cidadanía da zona.

Adicionalmente, cómpre pór de manifesto que este proxecto veríase beneficiado favorablemente coa implantación doutras medidas ao longo deste xa longo período temporal, entre as que cómpre destacar a implantación da tarifa Xente Nova por parte da

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xunta de Galicia, que permite actualmente que os mozos e mozas de ata 20 anos, incluídos, poidan viaxar gratis no transporte metropolitano interurbano de Santiago de Compostela, entre outros ámbitos territoriais. De feito, a última ampliación do ámbito territorial desta tarifa gratuíta levou á súa aplicación non só nas Áreas de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, e Vigo, senón tamén á área de Pontevedra e a toda a provincia de Ourense; e está prevista a súa progresiva expansión ao conxunto da Comunidade Autónoma.

Esta ampliación do ámbito de aplicación da tarifa Xente Nova anticipa a previsión por parte da Xunta de Galicia de acadar unha nova revisión do modelo de transporte metropolitano, que deberá dar lugar á creación da Área Única de Transportes de Galicia logo da implantación dos novos contratos de concesión de servizos públicos de transporte previstos no Plan de Transporte Público de Galicia, e da súa valoración xunto coas Administracións locais. Esta previsión leva a que se considere necesario garantir o mantemento do actual sistema de transporte metropolitano e, en concreto, o desenvolto na denominada Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, ata que se desenvolva plenamente e se proceda á implantación deste proxecto.

Deste modo, o principal obxectivo que se persegue coa sinatura deste novo Convenio é manter a liña de colaboración existente entre as diferentes Administracións co obxectivo final de garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo en tanto se procede ao desenvolvemento e implantación da Área Única de Transportes de Galicia.

De conformidade co exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento da mobilidade sostible, para o que formulan o presente convenio con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar continuidade á aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros en desenvolvemento do denominado Plan de transporte metropolitano de Galicia (en diante PTMG) na área de Santiago de Compostela.

Con este obxecto, o ámbito xeográfico dos municipios asinantes conforma, con efectos funcionais para o desenvolvemento do presente convenio, a denominada *Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela* (en diante, ATM de Santiago de Compostela).

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segunda.- Programa de integración de redes de transporte público e política tarifaria

2.1.- Integración de redes

As Administración asinantes comprométense a levar a cabo todas aquelas actuacións que consideren necesarias para garantir unha mellora da coordinación e da conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público en concorrencia, de xeito que o transporte público na súa totalidade se beneficie nun incremento da calidade das súas prestacións para as persoas usuarias.

Para tal fin adoptaranse medidas para favorecer a integración entre as distintas redes de transporte público afectadas, tanto urbanas como periurbanas. Esta integración acadarase por dúas vías fundamentais: a mellora da conectividade física entre os distintos servizos e o establecemento dun sistema de tarifas integrado.

2.2.- Favorecemento da conectividade física

As Administracións asinantes comprométense a colaborar, no marco das súas respectivas competencias, cara unha constante mellora na integración física das redes de transporte público e, de xeito específico, no seguimento do Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano de Santiago de Compostela a través da comisión de seguimento prevista neste convenio.

2.3.- Política tarifaria

As Administracións asinantes comprométense a manter a aplicación da política tarifaria establecida con base no convenio formalizado con data do 3 de decembro de 2010, e de acordo coas seguintes especificacións:

a) Principios básicos:

Obxectivos.- O obxectivo fundamental que persigue o PTMG a través da política tarifaria é o de fomentar a mobilidade en transporte público colectivo. Para tal fin, o sistema tarifario que se define contribúe a favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público, mellorando a calidade da integración do sistema, e o abaratamento do custo por viaxe para as persoas usuarias, coa despenalización económica para estas das operacións de conexión entre as liñas que requira a realización da súa viaxe.

Para o cumprimento deses obxectivos articúlase un sistema tarifario zonal, introdúcense medios de pago multimodais, e fíxanse unhas tarifas que introducen bonificacións á vez que despenalizan o transbordo.

Zonificación.- Acórdase dar continuidade ao sistema tarifario zonal implantado na ATM de Santiago de Compostela con base no convenio de colaboración do 3 de decembro de 2010. Este sistema, durante a vixencia do presente convenio e, no seu caso, as súas prórrogas, substituirá aos preexistentes nos modos de competencia da Xunta de Galicia, e será complementario no resto.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O sistema tarifario zonal parte da división da ATM de Santiago de Compostela en zonas de transporte, consideradas como agrupación dun ou varios concellos, e estableceuse o concepto do número de saltos entre zonas de transporte como variable utilizada para fixar o prezo.

Títulos de transporte.- Acórdase, por unha banda, a aplicación dun medio de pagamento, denominado Tarxeta do transporte de Galicia (en adiante TMG), válida en todos os modos de transporte con tráficos metropolitanos. Doutra banda, mantense a ordenación e simplificación dos títulos comercializados polos diferentes modos de transporte nos que a Xunta de Galicia é a Administración titular.

- Billete sinxelo (pagamento en efectivo): válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo.

- Tarxeta do transporte de Galicia (TMG): trátase dun medio de pagamento (tarxeta moedeiro) emitido pola Xunta de Galicia, directamente ou en colaboración con entidades financeiras, de carácter multiviaxe (permite múltiples cancelacións) e multimodal (aceptable en todos os modos con tráficos integrados). Nos pagamentos efectuados con esta tarxeta aplicaranse as bonificacións previstas no presente convenio.

- Aplicación social da Tarxeta do transporte de Galicia (TMGS): constitúe unha ferramenta que, mediante a utilización da TMG, permite xestionar aos promotores (públicos e/ou privados) as súas bonificacións de carácter social. Para o efecto, cando os promotores sexan os concellos partícipes neste convenio, a Comisión de Seguimento deste convenio optará entre as distintas alternativas de bonificación dentro das variables que en termos tecnolóxicos permita a aplicación, preferiblemente coa finalidade de establecer perfís e niveis de desconto idénticos en todos os concellos da área; non obstante o anterior, o impulso individual deste programa por parte dalgún concello poderá ser concertada directamente entre o dito concello e a Xunta de Galicia. A operativa material desta aplicación será equivalente á prevista para facer efectiva a bonificación por recorrencia.

- Tarxetas de Pagamento Integradas: medio de pagamento que, con independencia do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte, debendo establecerse o sistema de compensacións entre as diferentes Administracións en virtude dos acordos reflectidos en diferentes convenios. Terán esta consideración aquelas tarxetas equivalentes á TMG e compatibles con ela que, emitidas ou promovidas por outras Administracións, sexan incorporadas pola Dirección Xeral de Mobilidade ao sistema de transporte metropolitano de Galicia, como xa o foron a Tarxeta Millenium da Coruña e a Tarxeta Cidadá de Lugo.

Niveis de prezo.- O prezo que terán que abonar as persoas usuarias dependerá do número de saltos existentes entre a zona de transporte de orixe e destino, así como do título ou tarxeta utilizado para a súa realización. O transbordo entre servizos integrados estará, por tanto, despenalizado, sen que supoña un custo adicional para a persoa usuaria, consonte coas regras de uso establecidas en cada momento pola Dirección Xeral de Mobilidade, que

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

concretará o tempo máximo entre cancelacións dependendo do número de saltos da viaxe.Cabe precisar que cando se trate dun desprazamento urbano realizado en concesionarios do transporte urbano, os niveis de prezo a utilizar serán os que aprobe cada concello para as súas tarxetas de pagamento integradas e, en defecto destas, o prezo de 0 saltos aplicable aos pagamentos con TMG.

Adicionalmente, as persoas usuarias que efectúen no mes natural un determinado número de viaxes metropolitanas obterán a bonificación adicional por recorrencia establecida no anexo técnico.

Niveis de compensación aos prestatarios de servizos de transporte.- Para aqueles contratos de concesión que, de acordo co establecido pola Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do transporte público de Galicia, se atopan en situación de continuidade na explotación, os niveis de compensación serán os aplicables no momento de formalización do presente convenio, sen prexuízo da súa actualización pola Dirección Xeral de Mobilidade, se fose o caso, atendendo á normativa aplicable en materia de tarifas. Para os contratos adxudicados no marco dos procedementos de licitación 1/2019 DXM, 2/2019 DXM e 1/2020 DXM, os niveis de compensación aplicables serán os resultantes dos ditos contratos de concesión.

Contía, natureza e límite das bonificacións.- A contía da diferenza entre os niveis de compensación e o custo efectivo repercutido en cada caso á persoa usuaria determinará o volume de recursos globais a achegar polas Administracións públicas, denominada "bonificación global da viaxe".

A bonificación global da viaxe subdivídese en bonificación zonal, asociada á etapa principal, e bonificación por transbordos, sendo o nivel de imputación e participación das diferentes Administracións diferente en cada unha delas, conforme ao establecido na presente cláusula e no Anexo a este convenio.

Imputación das bonificacións.- As contías das bonificacións previstas na presente cláusula, cos límites establecidos na mesma, repartiranse porcentualmente entre as Administracións sobre criterios de competencia (Administración competente), natureza da etapa (transbordo ou non) e uso (concello de orixe da primeira etapa e concello destino da última), de acordo co procedemento establecido no proxecto do Plan de Transporte Metropolitano, e indicado no anexo deste convenio.

Actualizacións.- A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación estarán sometidas ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade consonte coas ordes de revisión das tarifas. Sen prexuízo de revisións extraordinarias, con carácter xeral, tomarase como base para o devandito efecto as variacións experimentadas polo IPC do sector transportes ou os mecanismos que en cada momento se contemplen legalmente. A Dirección Xeral de Mobilidade informará aos concellos destas revisións, con carácter xeral con ocasión da primeira reunión da Comisión de Seguimento que teña lugar logo da súa aprobación.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Igualmente, a Comisión de Seguimento do presente convenio poderá acordar unha alteración superior das táboas de prezos por salto atendendo fundamentalmente á evolución do sistema de transporte.

b) Procedementos:

Contía e revisión das achegas.- A achega que corresponde efectuar a cada Administración pública con base no previsto anteriormente estímase na contía determinada para ese efecto con base nas imputacións de achegas de exercicios anteriores, sen prexuízo da súa actualización anual pola Comisión de Seguimento segundo o procedemento fixado nesta mesma estipulación. A devandita previsión estímase, en todo caso, aproximada, considerando a ponderación que se efectúa con base nas liquidacións de exercicios anteriores, na que se tivo en conta tanto a penetración social dos medios de pagamento cos que operará a bonificación, como a porcentaxe global estimada de incremento de usuarios bonificados pola Administración, asumindo expresamente as partes a asunción de eventuais obrigas por riba das indicadas contías a fin de atender o gasto real que lles resulte imputable, e coa mesma sistemática que a prevista no punto anterior.

As Administracións públicas parte no convenio dispoñen do orzamento preciso para o presente exercicio e comprométense a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda segundo o Anexo e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados pola Comisión de Seguimento do convenio.

Liquidación.- No primeiro semestre de cada ano, a Dirección Xeral de Mobilidade remitirá a cada unha das partes do convenio a liquidación do ano anterior, atendendo ás obrigas que efectivamente correspondera abonar a cada Administración. Esta liquidación será emitida e xustificada atendendo aos datos extraídos directamente da aplicación informática SITME.

A referida liquidación preverá os reaxustes das obrigas da correspondente anualidade, establecendo tanto unha minoración da parte a ingresar que deban materializar para ese ano os concellos excedentarios do ano anterior coa incorporación pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dos fondos sobrantes daquel exercicio polas súas respectivas participacións; como un incremento do correspondente aos municipios deficitarios, ata o importe non cuberto no exercicio anterior.

Transferencia e xestión das achegas.- As achegas indicadas serán xestionadas pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Para tal fin, os concellos partícipes comprométense a transferir a esta as súas correspondentes achegas no prazo máximo de dous meses dende que a Dirección Xeral de Mobilidade efectúe a indicada comunicación da liquidación do ano anterior e o importe que corresponda ingresar no corrente, consonte co indicado nesta estipulación. As Administracións deberán efectuar o ingreso na conta xeral da Xunta de Galicia, e achegar á Dirección Xeral de Mobilidade, dentro do indicado prazo, o xustificante de ter efectuado este ingreso. Estes importes serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 07.04.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, na que figura o orzamento

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

comprometido pola Administración autonómica co desagregamento de anualidades indicado no Plan de Transporte Metropolitano inserido como anexo a este convenio.

De non se efectuar as achegas correspondentes a cada Administración nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

Liquidacións aos prestatarios de servizos de transporte integrados no plan.- A Dirección Xeral de Mobilidade será a encargada de tramitar a compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no eido do plan.

Esta compensación farase respectando as bases da política tarifaria previstas no Anexo deste convenio, de conformidade co establecido nas resolucións de integración dos contratistas de servizo público no eido da súa competencia.

Terceira.- Outras actuacións de fomento do transporte público

As Administracións asinantes, en aras da defensa dunha mobilidade sostible, implantarán as medidas de fomento do transporte público contidas no Anexo técnico do Plan de Transporte Metropolitano, nos termos previstos no presente convenio.

De xeito específico, as Administracións partícipes potenciarán a utilización do transporte público colectivo, e, especialmente, a introdución de medidas de discriminación positiva en favor do transporte público colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

Para a consecución destas actuacións, prevese a utilización dos seguintes mecanismos:

3.1.- Incremento da oferta de transporte público.

3.1.1. As Administracións asinantes poden acordar o establecemento de servizos públicos de transporte de viaxeiros por estrada regulares permanentes de uso xeral no ámbito da Área de Transporte Metropolitano, baixo dúas modalidades: servizos de predominante interese municipal (SIMU, no sucesivo), e servizos de interese metropolitano (SIME, no sucesivo).

a) Servizos de predominante interese municipal (SIMU). Terán este carácter os novos servizos deseñados para atender as necesidades de desprazamento dun concello, ben sexan tráficos interiores del, ben de conexión con outro/s concello/s da área de transporte metropolitano.

Os SIMU, en caso de presentar déficits de explotación nos seus resultados individualmente considerados, serán financiados ao 100% polos concellos nos que teñan tráficos autorizados. No caso de que afecten a máis dun municipio, os gastos distribuiranse entre eles atendendo á utilización real dos mesmos, aos quilómetros percorridos e á poboación afectada, consonte coa fórmula de ponderación destes dous elementos. Sen prexuízo do

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

exposto, a estes servizos seralles de aplicación o programa tarifario, coas regras de distribución de gasto establecidas neste convenio.

Unha vez establecido o servizo, a Dirección Xeral de Mobilidade trasladará a cada parte o importe a satisfacer á empresa operadora. Este importe corresponderase cos datos obtidos para o efecto a través da aplicación informática SITME.

Sen prexuízo do exposto, o servizo será establecido pola Xunta de Galicia no caso de que afecte a tráficos preexistentes recollidos nos títulos contractuais de prestación de servizo de transporte regular por estrada de competencia da Administración autonómica.

b) Servizos de interese metropolitano (SIME). Terán este carácter os servizos deseñados para atender a conexión rápida, con ou sen paradas intermedias, dos principais núcleos da ATM, especialmente cara ao núcleo principal.

A Dirección Xeral de Mobilidade, por propia iniciativa ou atendendo as solicitudes motivadas dos concellos participantes, poderá elaborar propostas de establecemento destes servizos, que serán acordados de xeito bilateral entre a Xunta de Galicia e os concellos afectados, prevendo nos ditos convenios que o déficit de explotación destes servizos será asumido nun 80% pola Xunta de Galicia e nun 20% polos concellos nos que teña tráficos autorizados o servizo. Aos servizos que se implanten consonte co anterior, seralles de aplicación o programa tarifario establecido neste convenio, coas regras de distribución de gasto establecidas neste Anexo.

3.1.2. Coa formalización do presente convenio, as partes recoñecen coñecer o SIMU actualmente existente, correspondente ao concello de Teo, asumindo este concello o compromiso de mantemento do mesmo durante a vixencia do presente convenio e, se fose o caso, as súas prórrogas, agás no suposto de asunción por parte do propio concello da competencia sobre o transporte público urbano. Neste último caso, os servizos municipais quedarán integrados neste convenio coas mesmas condicións de imputación de bonificacións establecidas para o transporte urbano da cidade cabeceira, manténdose os criterios de imputación previos para os servizos interurbanos que continúen a atender tráficos a ou dende o dito concello.Dos convenios específicos que se formalicen entre a Xunta de Galicia e e o/s concello/s directamente interesado/s na implantación de novos servizos que supoñan un incremento da oferta de transportes, tanto na forma de SIMUs como de SIMEs, sen prexuízo da súa aplicación consonte co que se prevea nos ditos convenios, informarase ao conxunto de administracións participantes no seo da comisión de seguimento do presente convenio.

3.1.3. A implantación efectiva dos novos servizos, SIMU ou SIME, efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación e os correspondentes pregos de condicións aplicables aos diferentes contratos, prevéndose, con carácter xeral, o pagamento directamente por parte das administradoras promotoras aos concesionarios prestatarios dos

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

servizos, logo da comunicación da liquidación correspondente por parte da Dirección Xeral de Mobilidade.

3.2.- Infraestruturas de transporte público.

As Administracións asinantes comprométense a manter accións para a mellora das infraestruturas do transporte metropolitano no ámbito da área.

Singularmente, os concellos participantes asumen o compromiso expreso de instalación, mantemento e conservación das infraestruturas, marquesiñas e postes de parada, executadas con base neste ou anteriores convenios para a implantación de sistemas de transporte metropolitano, ou subministrados pola Xunta de Galicia.

3.3.- Promoción do transporte metropolitano.

As Administracións asinantes comprométense á promoción do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela.

Dentro das funcións de promoción do transporte público por estrada en xeral, a Xunta de Galicia ten previsto a implantación dun Sistema de Axuda á Explotación ("SAE") nos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral obxecto dos procedementos de adxudicación 1/2019 DXM; 2/2019 DXM; e 1/2020 DXM. Mediante este sistema optimizarase a prestación dos servizos de transporte terrestre por autobús, facilitando o acceso das persoas usuarias á información relativa á prestación destes servizos (horarios...) en tempo real.

Ata o momento no que o proxecto SAE estea implantado efectivamente e sexa este o sistema que o faga de xeito inmediato, dentro das funcións de promoción do transporte metropolitano, a Dirección Xeral de Mobilidade asume o compromiso de editar e manter actualizados periodicamente os horarios dos servizos de transporte na web *bus.gal*. Pola súa banda, os concellos asumen a obriga da súa difusión pública e, singularmente, do emprazamento e renovación nas marquesiñas e demais infraestruturas do transporte metropolitano.

Cuarta.- Comisión de Seguimento

4.1. Composición.- A Comisión de Seguimento integrará a todas as Administracións partícipes no presente convenio e estará composta por:

- A persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que a presidirá e exercerá o dereito de voto que corresponde á Xunta de Galicia, podendo delegar o exercicio das súas funcións na vicepresidencia da comisión.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, que actuará como vicepresidente, podendo ser suplida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte da indicada dirección xeral. Sen prexuízo da delegación prevista no apartado anterior, á persoa titular da Dirección Xeral de

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Mobilidade, ou ao seu suplente, corresponderalle a presidencia en caso de ausencia do Presidente, exercendo nese caso o dereito de voto que corresponde á Xunta de Galicia.

- O Alcalde- Presidente de cada un dos municipios asinantes, que exercerán o dereito a voto que a cada un deles lles corresponda; poderán ser suplidos por un concelleiro das respectivas corporacións. Os devanditos representantes poderán acudir ás reunións desta Comisión asistidos por un técnico do indicado municipio.
- Ata tres técnicos da Consellería Infraestruturas e Mobilidade, designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade.
- Como secretario desta comisión asistirá ás súas reunións, con voz pero sen voto, un técnico da Dirección Xeral de Mobilidade.

A persoa que deteña a presidencia da comisión poderá autorizar a asistencia á mesma, con voz pero sen voto, de canto persoal técnico vinculado directa ou indirectamente coas Administracións estime oportuno.

4.2. Funcións.- A Comisión de Seguimento será a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento do presente convenio e asumirá, en particular, as seguintes funcións:

a) Impulsar a programación das actuacións incluídas no ámbito do presente convenio, propondo no seu caso as variacións que se consideren precisas.
b) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste convenio.
c) Garantir o intercambio de información entre as Administracións participantes.
d) Elaborar e elevar ás respectivas Administracións competentes de propostas destinadas a mellorar a eficiencia do sistema de transporte da Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.
e) Propoñer e impulsar a introdución de bonificacións especiais a colectivos específicos de usuarios.
f) Modificar as condicións concretas de utilización dos títulos tarifarios metropolitanos.
g) Analizar e propoñer ás Administracións parte a adopción progresiva de medidas de discriminación positiva a favor do transporte público colectivo fronte ao transporte particular; para tal fin, sen prexuízo dos compromisos asumidos xa no presente convenio, a comisión promoverá o desenvolvemento e seguimento de estudos sobre a introdución, entre outras medidas, de carrís bus, restricións de estacionamento, direccións únicas, prioridade semafórica, ...
h) Todas aquelas funcións que se lle atribúan no presente convenio.

4.3.- Operatividade. A comisión reunirase cunha periodicidade cando menossemestral. Así mesmo tamén deberá reunirse cando o decidan:

- O seu Presidente.
- O vinte e cinco por cento dos votos ponderados que represente á metade dos concellos.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A comisión adoptará os seus acordos por maioría simple do total dos votos ponderados emitidos. Non entanto, será preciso o voto cualificado do sesenta por cento do voto ponderado e un mínimo de tres concellos para a adopción de propostas de integración de novos membros no ámbito do convenio.

No caso de adopción de propostas que supoñan compromisos orzamentarios para as partes asinantes maiores dos previstos no propio convenio, a comisión adoptará os seus acordos pola maioría cualificada prevista no parágrafo anterior, e co voto favorable dos concellos directamente afectados. Aos efectos deste convenio, non se considerará como incremento do compromiso orzamentario as variacións nas achegas a realizar polas Administracións cando se deriven de incrementos sobre os niveis de demanda actuais de transporte público.

A ponderación de votos na comisión realizarase de acordo co seguinte baremo:

- Xunta de Galicia: 50% dos votos.
- Concellos: 50% dos votos; a asignación de votos ponderados entre os concellos realizarase de acordo coa poboación de dereito de cada un deles no momento de formalización do presente convenio, consonte coa información publicada polo Instituto Galego de Estatística, ou organismo oficial que o substitúa, e coa garantía de, cando menos, un voto por concello. Atendendo ao anterior, a distribución inicial de votos é a seguinte:

Concello	Poboación	Poboación (%/ATM)	Votos
Ames	31.793	12,77%	**6**
Baña, A	3.450	1,39%	**1**
Boqueixón	4.220	1,69%	**1**
Brión	7.837	3,15%	**2**
Estrada, A	20.479	8,22%	**4**
Negreira	6.827	2,74%	**1**
Ordes	12.674	5,09%	**2**
Oroso	7.500	3,01%	**1**
Padrón	8.384	3,37%	**2**
Pino, O	4.641	1,86%	**1**
Rois	4.512	1,81%	**1**
Santiago de Compostela	97.260	39,06%	**19**
Teo	18.579	7,46%	**4**
Touro	3.574	1,44%	**1**
Trazo	3.113	1,25%	**1**
Val do Dubra	3.876	1,56%	**1**
Vedra	5.036	2,02%	**1**
Vila de Cruces	5.246	2,11%	**1**
Total	249.001	100,00%	50

*Datos de poboación a decembro de 2019 (fonte IGE)

Esta distribución do voto entre os concellos poderá ser revisada anualmente a petición de calquera dos municipios, efectuada con dez días de antelación, cando menos, á data de celebración das reunións; igualmente, será revisada no caso de incorporación de novos

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

membros, incorporando aos respectivos acordos da Comisión de Seguimento a nova distribución do voto que corresponda.

Quinta.- Duración

O presente convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia por catro anos.

Á finalización do período indicado, a Comisión de Seguimento poderá acordar a súa prórroga por un ou varios períodos sucesivos ata acadar o máximo de catro anos adicionais.

O devandito acordo deberá ser adoptado con anterioridade ao 1 de decembro do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga.

No caso de negativa dalgún concello ao mantemento da liña de colaboración, as Administracións partes poderán optar polo seu mantemento unicamente entre as que teñan mostrado expresamente a súa conformidade no seo da indicada Comisión de Seguimento.

Sen prexuízo da duración sinalada, o presente convenio finalizará no momento no que se produza a implantación da Área Única de Transporte de Galicia.

Sexta.- Extinción, modificación e novación

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como proceder á novación do mesmo, subscribindo tal acordo por escrito e coas mesmas formalidades que as do presente convenio.

A novación subxectiva do convenio, consistente na entrada de novos municipios no seu ámbito, requirirá o acordo adoptado por maioría cualificada da Comisión de Seguimento previsto na estipulación cuarta, Logo do anterior, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asinará un acordo co novo membro, mediante o que formalice a súa inclusión no ámbito do presente convenio.

A integración dun novo membro, no caso de que algunha das Administracións parte no presente convenio manifeste o seu rexeitamento, dará lugar a que non se establezan as medidas de fomento previstas no Plan de Transporte Metropolitano nas relacións de tráfico que se desenvolvan entre estes concellos.

A novación subxectiva do convenio, consistente na súa denuncia por calquera dos seus membros, requirirá a previa comunicación deste ao presidente da Comisión de Seguimento non máis tarde do día 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializará a súa saída da área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela; non obstante, o dito prazo reducirase ao dun mes cando a denuncia do convenio se formule pola Xunta de Galicia como consecuencia da implantación da Área Única de Transporte de Galicia. Ante a denuncia presentada por calquera dos concellos participantes, a Dirección Xeral de Mobilidade poderá optar entre a suspensión plena das medidas de fomento do transporte

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

público previstas neste convenio no ámbito do referido concello, ou a súa limitación ata o máximo das contías sufragadas directamente pola Xunta de Galicia.

En todo caso, aínda no caso de denuncia do convenio e saída do seu ámbito, continuarán vixentes as obrigas de mantemento e conservacións das infraestruturas de transporte que se teñan instalado no ámbito do correspondente concello, previstas neste convenio, así como as de reserva nestas de lugares para a exposición de información dos servizos de transporte público.

Sétima.- Réxime xurídico

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalidade e sostibilidade da Administración local), e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público.

Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexerase polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Oitava.- Derradeira

1. A constitución da denominada Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela efectúase con efectos exclusivamente funcionais, sen que supoña a constitución de novos órganos administrativos, nin a atribución de personalidade xurídica propia, nin a atribución ou delegación de competencias propias de cada unha das Administracións asinantes.

2. O presente convenio trae causa do asinado con data 3 de decembro de 2010, entre a Xunta de Galicia e os concellos Santiago de Compostela, Ames, Teo, Brión, O Pino, Boqueixón, Val do Dubra, Touro, Trazo, Oroso e Vedra ao que se adheriron con posterioridade os Concello de A Baña, A Estrada, Negreira, Ordes, Padrón, Rois e Vila de

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cruces, mantendo a súa vixencia entre as partes as obrigas asumidas con base no dito convenio; así, as contías ingresadas polas partes no marco deste convenio para o financiamento da política tarifaria, serán incorporadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e a súa liquidación efectuarase de xeito conxunto, sen prexuízo da debida separación das obrigas atendendo ao marco de colaboración ao que fosen adquiridas.
Igualmente, manteranse vixentes as obrigas asumidas polas partes para a conservación e mantemento de infraestruturas, sen prexuízo da súa interpretación, tanto respecto das novas como das preexistentes, nos termos indicados nas estipulacións do presente convenio.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade	Polo Concello de Santiago de Compostela
Ethel Vázquez Mourelle	*Xosé Antonio Sánchez Bugallo*
Polo Concello de Ames	Polo Concello de Teo
José Miñones Conde	*Rafael Carlos Sisto Edreira*
Polo Concello de Brión	Polo Concello de O Pino
José Luis García García	*Manuel Taboada Vigo*
Polo Concello de Boqueixón	Polo Concello de Val do Dubra
Manuel Fernández Munín	*José Manuel Varela Ferreiro*
Polo Concello de Touro	Polo Concello de Trazo
Ignacio Codesido Barreiro	*Josefina Suárez López*
Polo Concello de Oroso	Polo Concello de Vedra
Manuel Mirás Franqueira	*Carlos Martínez Carrillo*
Polo Concello de A Baña	Polo Concello de A Estrada
José Antonio Pereira Gil	*José Carlos López Campos*
Polo Concello de Negreira	Polo Concello de Ordes
Manuel Ángel Leis Míguez	*José Luis Martínez Sanjurjo*
Polo Concello de Padrón	Polo Concello de Rois

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Antonio Fernández Angueira

Ramón Tojo Lens

Polo Concello de Vila de Cruces

Luis Celso Taboada Sánchez

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO TÉCNICO DO CONVENIO DA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INDICE:

1. Introdución 19
2. Actuacións contidas no Anexo. 19
2.1 Programa de conectividade entre as redes de transporte público. 19
2.2 Programa de oferta de servizos públicos de transporte. 21
2.2.1 Servizos de predominante interese municipal. 21
2.2.2 Servizos de predominante interese metropolitano (SIME). 22
2.3 Programa tarifario. 22
2.3.1 Zonificación 22
2.3.2 Títulos de transporte 25
2.3.3. Sistema de Cancelación no transporte urbano 25
2.3.4 Niveis de prezo 25
2.3.5 Niveis de compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no eido do plan 26
2.3.6 Contía das bonificacións 27
2.3.7 Imputación das bonificacións 28
2.4 Programa de información e infraestruturas 29
2.5 Contía e revisión das Achegas. 29

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. Introdución.

O presente documento contén de xeito detallado as actuacións en desenvolvemento ou que se poderán implantar no futuro, co obxectivo último de mellorar substancialmente o transporte público na ATM de Santiago.

O conxunto de actuacións contidas no Anexo agrúpanse ao redor de catro programas complementarios entre si:

- Programa de conectividade entre as redes de transporte público.
- Programa de oferta de servizos públicos de transporte.
- Programa tarifario.
- Programa de información e infraestruturas.

2. Actuacións contidas no Anexo.

A continuación recóllese para cada programa o conxunto de actuacións, en detalle, que acordaron as Administracións asinantes do Convenio.

2.1 Programa de conectividade entre as redes de transporte público.

As Administracións asinantes comprométense a levar a cabo todas aquelas actuacións que consideren necesarias para garantir unha mellora da coordinación e da conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público en concorrencia, de xeito que o transporte público na súa totalidade se beneficie nun incremento da calidade das súas prestacións para as persoas usuarias.

Para tal fin, adoptaranse medidas para favorecer a integración entre as distintas redes de transporte público afectadas, tanto urbanas como periurbanas. Esta integración acadarase por dúas vías fundamentais: a mellora da conectividade e accesibilidade física entre os distintos servizos e o establecemento dun sistema de tarifas integrado.

Respecto da mellora da conectividade e accesibilidade física dos servizos, as Administracións asinantes comprométense a colaborar, no marco das súas respectivas competencias, cara unha constante mellora na integración física das redes de transporte público e, de xeito específico, no seguimento do Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano de Santiago a través da comisión de seguimento prevista neste convenio.

Os itinerarios urbanos e puntos de parada do Transporte Público dependerán da natureza do servizo e do corredor dende o que se acceda á cidade, tendo parada naqueleas autorizadas en cada momento no centro da cidade.

Os actuais recorridos de expedicións interurbanas na cidade dependen da súa natureza, metropolitana ou non. Considéranse de natureza metropolitana aquelas expedicións nas que, ou ben o percorrido íntegro transcorre no ámbito formado polos municipios de Ames, Boqueixón, Brión, O Pino, Oroso, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, A Baña, A Estrada, Negreira, Ordes, Padrón, Rois e Vila de Cruces, ou ben o

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tempo percorrido ata á cidade de cabeceira, Santiago de Compostela, é menor dunha hora. Así, na seguinte táboa, defínense as paradas segundo o corredor de acceso; estas paradas poderán variar pola autorización, se é o caso, de diferentes paradas.

Táboa 1. Paradas establecidas nas liñas metropolitanas e non metropolitanas de Santiago de Compostela a xaneiro de 2021.

Nome Corredor	Tipo (1)	Nome Parada	Subida e Baixada (2)
N545 Carballo	M	VISTA ALEGRE (3)	X
	M	XOAN XXIII (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
N-550 Norte	M	SALGUEIRIÑOS (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
Sigüeiro	M	SALGUEIRIÑOS (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
	M	SANTIAGO E.F.	X
	M e Non M	RÚA DO HÓRREO (3)	X
N-634	M	SAN LÁZARO (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
N-550 Sur	M e Non M	HOSPITAL CLÍNICO SANTIAGO (3)	X
	M	RÚA ROSALÍA DE CASTRO (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
	M	SANTIAGO E.F.	X
A- 261 (ARINS)	M	PONTE MARZÁN (3)	
	M e Non M	CRUCEIRO DO SAR (3)	X
	M	ROTONDA DO SAR (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
N-525-AP53	M	SANTIAGO-CASTIÑEIRIÑO (VIRXE DE FÁTIMA) (3)	X
	M	CASTIÑEIRIÑO (3)	
	M	EL CORTE INGLÉS (3)	
	M	O PAXONAL (3)	
	M	PONTEPEDRIÑA (3)	X
	M e Non M	RÚA DO HÓRREO (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
	M	SANTIAGO E.F.	X
AC-543	M e Non M	HOSPITAL CLÍNICO SANTIAGO (3)	X
	M e Non M	CAMPUS S (3)	X
	M	RÚA ROSALÍA DE CASTRO (3)	X
	M e Non M	RÚA DO HÓRREO (3)	X
	M e Non M	SANTIAGO E.A.	X
	M	SANTIAGO E.F.	X

(1) Tipo de parada; codificase como tipo "M" as paradas correspondentes ás liñas de natureza metropolitana, e coma tipo "Non M" ás liñas de natureza non metropolitana.

(2) Serán paradas de subida de pasaxeiros cando o sentido do percorrido sexa de saída da cidade e de baixada cando o sentido do percorrido sexa de entrada na cidade. Non baixarán pasaxeiros nas paradas sinaladas cando o sentido do percorrido sexa de saída da cidade e non subirán pasaxeiros cando o sentido do percorrido sexa de entrada á cidade.

(3) Parada incluída en contrato de concesión da fase II do Plan de Transporte Público de Galicia

Os puntos de parada aquí definidos son froito do acordo entre as Administracións firmantes, e non terán repercusión sobre as definidas no título concesional correspondente en cada caso.

CVE: NBJI51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por outra banda, a Dirección Xeral de Mobilidade (DXM) contará co informe do Concello de Santiago previo a calquera modificación que se produza das expedicións que aflúen á cidade cando o mesmo resulte preceptivo.

2.2 Programa de oferta de servizos públicos de transporte.

O obxectivo fundamental é establecer unha liña de actuación para satisfacer as novas demandas existentes en materia de transporte público a través dun incremento dos servizos existentes.

Nesta liña, o incremento da oferta de transporte público existente prevese levalo a cabo mediante dous tipos de actuacións:

- Por un lado, o incremento daqueles servizos que afectan na súa maior parte a un único concello, e que se denominan a estes efectos '*de predominante interese municipal*' (no sucesivo, SIMU).
- Por outra banda, o incremento dos niveis de oferta das distintas liñas que vertebran cada unha das áreas metropolitanas "*de predominante interese metropolitano*" (no sucesivo, SIME).

Aos novos servizos de transporte que se creen de acordo con esta cláusula, SIMU e SIME, resultaranlles de aplicación as vantaxes da política tarifaria e o réxime de bonificacións previstas no plan.

A implantación efectiva dos novos servizos, SIMU ou SIME, efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación, asumindo as Administracións que os promovan asumirán as eventuais compensacións que se deban abonar tanto aos seus prestatarios como aos contratistas dos servizos preexistentes polos tráficos afectados.

2.2.1 Servizos de predominante interese municipal.

Terán este carácter os novos servizos deseñados para atender as necesidades de desprazamento dun concello, ben sexan tráficos interiores del, ben de conexión con outro/s concello/s da área de transporte metropolitano.

A implantación de novos SIMU instrumentalizarase, en canto á asunción de obrigas por parte das Administracións, mediante a formalización de convenios específicos entre a Xunta de Galicia e o concello ou concellos que os promovan. Para a definición dos ditos servizos terase en conta que, no caso de presentar déficits de explotación nos seus resultados individualmente considerados, serán financiados ao 100% polos concellos nos que teñan tráficos autorizados. No caso de que afecten a máis dun municipio, no dito convenio establecerase o criterio de distribución do gasto entre os concellos, ponderando para tal fin tanto os quilómetros percorridos como a poboación afectada. Aos servizos que se implanten consonte co anterior, seralles de aplicación o programa tarifario establecido neste convenio, coas regras de distribución de gasto establecidas neste Anexo.

Coa formalización do presente convenio, as partes recoñecen coñecer o SIMU actualmente existente, correspondentes ao concello de Teo, que asume o compromiso de mantemento

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

do mesmo durante a vixencia do presente convenio e, se fose o caso, as súas prórrogas, agás no suposto de asunción por parte do propio concello da competencia sobre o transporte público urbano. Neste último caso, a partir da asunción material da indicada prestación de servizos urbanos, estes quedarán integrados neste convenio coas mesmas condicións de imputación de bonificacións establecidas para o transporte urbano da cidade cabeceira, manténdose os criterios de imputación previos para os servizos interurbanos que continúen a atender tráficos a ou dende o dito concello.

Atendendo ao anterior, a previsión de achegas que corresponde ao indicado concello para o mantemento dos SIMU xa existente, é a seguinte:

Táboa 2. Estimación anual das achegas correspondentes ao SIMU que deberá realizar o concello da ATM de Santiago de Compostela.

Concello	Gasto anual previsto asumido polo concello debido a SIMU
Teo	131.387,11 €

2.2.2 Servizos de predominante interese metropolitano (SIME).

Terán este carácter os servizos deseñados para atender a conexión rápida, con ou sen paradas intermedias, dos principais núcleos da área de transporte metropolitano, especialmente cara ao núcleo principal.

A Dirección Xeral de Mobilidade, por propia iniciativa ou atendendo as solicitudes motivadas dos concellos participantes, poderá elaborar propostas de establecemento destes servizos, que serán acordados de xeito bilateral entre a Xunta de Galicia e os concellos afectados, prevendo nos ditos convenios que o déficit de explotación destes servizos sexá asumido nun 80% pola Xunta de Galicia e nun 20% polos concellos nos que teña tráficos autorizados o servizo. Aos servizos que se implanten consonte co anterior, seralles de aplicación o programa tarifario establecido neste convenio, coas regras de distribución de gasto establecidas neste Anexo.

2.3 Programa tarifario.

2.3.1 Zonificación

Para a delimitación das zonas da ATM de Santiago tívose en conta a contía e características dos fluxos de transporte (mobilidade) e as redes (oferta) en presenza. Unha zona de transporte estaría constituída por un ou varios municipios e o custo da viaxe ao que debe facer fronte o usuario depende do número de saltos.

O número de saltos entre zonas vén determinado pola distancia, a rede viaria e o sistema de transporte existente permitindo a fácil incorporación das diferentes redes en presenza.

Os cadros que se contemplan a continuación poderán ser modificados pola Dirección Xeral de Mobilidade atendendo a razóns de mobilidade, coa conformidade dos concellos

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

directamente afectados polas alteracións propostas. Enténdese por concellos directamente afectados aqueles que, para cada caso concreto, asuman o pagamento das relacións de mobilidade afectadas polas alteracións propostas.

Táboa 3. Zonas de transporte da ATM de Santiago.

Zonas	Concellos
C-Arz1	O Pino - Touro
C-Bar1	A Baña - Negreira
C-Ord1	Oroso - Trazo
C-Ord3	Ordes
C-San0	Santiago de Compostela
C-San1	Val do Dubra
C-San2	Ames - Brión
C-San3	Boqueixón - Teo - Vedra
C-Sar1	Rois
C-Sar2	Padrón
P-Dez1	Vila de Cruces
P-Tab0	A Estrada

Táboa 4. Número de saltos entre as zonas de Transporte da ATM de Santiago.

Zonas	Concellos	C-Arz1	C-Bar1	C-Ord1	C-Ord3	C-San0	C-San1	C-San2	C-San3	C-Sar1	C-Sar2	P-Dez1	P-Tab0	Concellos	Zonas
C-Arz1	O Pino - Touro	0	3	1	3	1	2	2	1	3	3	2	4	O Pino - Touro	C-Arz1
C-Bar1	A Baña - Negreira	3	0	3	4	2	1	1	3	2	4	5	5	A Baña - Negreira	C-Bar1
C-Ord1	Oroso - Trazo	1	3	0	1	1	1	2	2	3	3	4	4	Oroso - Trazo	C-Ord1
C-Ord3	Ordes	3	4	1	0	2	2	3	3	4	4	5	5	Ordes	C-Ord3
C-San0	Santiago	1	2	1	2	0	1	1	1	2	2	3	3	Santiago	C-San0
C-San1	Val do Dubra	2	1	1	2	1	0	1	2	3	3	4	4	Val do Dubra	C-San1
C-San2	Ames - Brión	2	1	2	3	1	1	0	1	1	1	4	4	Ames - Brión	C-San2
C-San3	Boqueixón - Teo - Vedra	1	3	2	3	1	2	1	0	3	1	2	2	Boqueixón - Teo - Vedra	C-San3
C-Sar1	Rois	3	2	3	4	2	3	1	3	0	1	5	5	Rois	C-Sar1
C-Sar2	Padrón	3	4	3	4	2	3	1	1	1	0	5	5	Padrón	C-Sar2
P-Dez1	Vila de Cruces	2	5	4	5	3	4	4	2	5	5	0	6	Vila de Cruces	P-Dez1
P-Tab0	A Estrada	4	5	4	5	3	4	4	2	5	5	6	0	A Estrada	P-Tab0
Zonas	Concellos	C-Arz1	C-Bar1	C-Ord1	C-Ord3	C-San0	C-San1	C-San2	C-San3	C-Sar1	C-Sar2	P-Dez1	P-Tab0	Concellos	Zonas

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Mapa 1. Mapa tarifario da ATM de Santiago.



CVE: NBJI51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.3.2 Títulos de transporte

A Tarxeta do transporte de Galicia (TMG) será o medio de pagamento ordinario para a totalidade de servizos de transporte da área. A devandita tarxeta será emitida por aquela/s entidade/s colaboradora/s e basearase nunha tecnoloxía sen contacto que mellorará a cantidade e a calidade de información existente na rede de transporte da ATM de Santiago.

Doutra banda, prodúcese a unificación e simplificación dos títulos comercializados polos diferentes modos de transporte existentes na ATM de Santiago nos que a Xunta de Galicia é titular, quedando limitados aos seguintes:

a) Billete sinxelo. Válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo.
b) Tarxeta do transporte de Galicia (TMG). Esta tarxeta operará como unha tarxeta moedeiro multiviaxe e multimodal á que se aplican bonificacións que variarán en función dos transbordos realizados.
c) Tarxetas integradas no sistema (Tarxeta Millenium da Coruña ou Cidadá de Lugo)

d) Aplicación social da Tarxeta do transporte de Galicia (TMGS). Constitúe unha ferramenta que, mediante a utilización da TMG, permite xestionar aos promotores (públicos e/ou privados) as súas bonificacións de carácter social.

A Dirección Xeral de Mobilidade acordará a introdución de novos modos de pagamento integrados, baseados na evolución das tecnoloxías, informando ás Administracións participantes na Comisión de Seguimento do convenio.

2.3.3. Sistema de Cancelación no transporte urbano

No caso dos Contratos de concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada que atendan (aínda que sexa parcialmente) tráficos nas ATMs xa constituídas, a dotación de máquinas canceladoras e expendedoras homologadas para a utilización da tarxeta TMG e demais tarxetas integradas, en versión física, será obrigatoria, por parte do Adxudicatario, desde o primeiro día de prestación del servicio, tal como dispón o Prego de Condicións que rexe os ditos contratos.

Asemade, as máquinas canceladoras incluídas no transporte urbano teñen que contar cuns requisitos de homologación previamente determinados pola Dirección Xeral de Mobilidade.

2.3.4 Niveis de prezo

Os prezos neste sistema tarifario integrado, referidos á TMG e ao billete sinxelo nos modos adscritos á Xunta, fíxanse en función da O/D e non do número de etapas que son necesarias. Prodúcese unha despenalización total do transbordo nos pagamentos coa TMG nos modos de transporte integrados, e elimínase a competencia vía prezo entre os diferentes modos públicos.

Igualmente, ás persoas usuarias que abonen máis de corenta viaxes metropolitanas no mes natural a Xunta de Galicia libraralles en concepto de *recorrencia* unha bonificación suplementaria equivalente ao 15% do gasto efectuado nese mes. Este abono efectuarase a mes vencido, utilizando o programa deseñado para tal fin pola Dirección Xeral de Mobilidade.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os niveis de prezos dos modos non adscritos á Xunta seguirán sendo fixados polas Administracións competentes ou se determinarán nos instrumentos de adhesión daqueles.

Táboa 5. Niveis de prezos (1).

Número de saltos	Billete sinxelo (efectivo)	Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG) (2)	
		Ata 40 viaxes / mes	Máis de 40 viaxes / mes
0	1,55 €	0,88 €	0,76 €
1	1,55 €	0,88 €	0,76 €
2	2,25 €	1,34 €	1,16 €
3	2,90 €	1,90 €	1,65 €
4	3,55 €	2,31 €	2,01 €
5	5,10 €	3,22 €	2,80 €
6	5,80 €	3,78 €	3,29 €

(1) Os niveis de prezo recollidos na táboa serán actualizados consonte á normativa de aplicación e o previsto neste convenio.
(2) O prezo de cancelación sempre será o reflectido na primeira columna. Os niveis de prezo que se reflicten na categoría *recorrencia* (máis de 40 viaxes / mes) obteranse no momento da recarga.

A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación estarán sometidas ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade consonte coas ordes revisión das tarifas. Sen prexuízo de subidas extraordinarias, con carácter xeral, tomarase como base para o devandito efecto os incrementos experimentados polo IPC do sector transportes ou os mecanismos que en cada momento se contemplen legalmente.

En todos os supostos a Dirección Xeral de Mobilidade informará aos concellos destas revisións, con carácter xeral con ocasión da primeira reunión da Comisión de Seguimento que terá lugar logo da súa aprobación.

As modificacións tarifarias serán directamente trasladadas ás porcentaxes de desconto, pagamento polos usuarios e imputación de bonificacións, que en cada caso corresponda, para o que a Dirección Xeral de Mobilidade informará ás demais Administracións parte das incidencias producidas. Igualmente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade poderá dispor que as revisións de tarifas non se trasladen ao usuario, e se asuman, ben pola referida Administración dentro das obrigas previstas no presente documento, ben mediante a súa distribución equitativa entre as Administracións parte previa aprobación, neste caso, pola Comisión de Seguimento do convenio. Esta comisión poderá acordar, igualmente, variacións extraordinarias dos niveis de prezo fixados na dita táboa.

2.3.5 Niveis de compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no eido do plan

O sistema de compensación fixa o nivel de ingreso por cancelación coa TMG, tarxetas integradas ou billete sinxelo (este último título só nos modos adscritos á Xunta e nos que así se fixe nos acordos de integración) que recibirá o prestatario tras a posta en marcha do Sistema Tarifario Integrado. A fixación destes niveis perseguen os seguintes obxectivos:

- Non afectar ao equilibrio financeiro dos contratos de concesión.
- Conservar o sistema de incentivos baseado no risco e ventura. Os ingresos e a rendibilidade da explotación deben de estar vinculados ao número de viaxeiros.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Manter os niveis de financiamento previamente adquiridos polas diferentes Administracións Públicas.

O sistema de compensación aplicado será o seguinte:

a) Contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral adscritos á Xunta de Galicia:
O nivel de compensación establécese sobre o ingreso medio por viaxeiro percibido polo contratista, ben a nivel de concesión, ben por cada ATM-Contrato-Liña-Salto, multitude de viaxes O/D dun contrato-liña que quedarían englobados baixo a tarificación dun determinado salto, tras aplicar as Tarifas do contrato. Os ditos niveis de compensación poderán ser independentes do modo de pagamento (efectivo ou TMG), ou establecerse de xeito diferenciado para cada un deste modos de pagamento.

Resulta aplicable ás cancelacións realizadas con TMG, tarxetas integradas ou billete sinxelo, agás que este último coincida co nivel de compensación que resultase de aplicación para o dito pagamento en efectivo.

b) Contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral adscritos, se fose o caso, a concellos:
O nivel de compensación establécese sobre o billete xeneralizado bonificado de Uso Xeral, Bonobús ou Tarxeta Normal.
Resulta aplicable exclusivamente ás cancelacións realizadas con TMG ou tarxetas integradas.
Actualizaranse por parte das Administracións competentes sobre os ditos servizos.

2.3.6 Contía das bonificacións
A diferenza entre o nivel de compensación (ingreso por cancelación asegurado ao prestatario do servizo) e o custo efectivo determinado polo viaxeiro, denominada *Bonificación global da viaxe*, determina o volume de recursos globais a achegar polas Administracións públicas.

Esta bonificación global subdivídese en: *Bonificación zonal*, asociada á etapa principal, e *Bonificación por transbordos*.

O nivel de imputación e participación das diferentes Administracións públicas é diferente para cada unha delas.

[Bonificación total] = [Custo de prestación etapas] - [PvP ao usuario]
[Bonificación zonal] = [Compensación da etapa principal] - [PVP da etapa principal]
[Bonificación por transbordo] = [Bonificación total] - [Bonificación zonal]

Onde:
- [*Compensación da Etapa Principal*] indica o nivel de compensación da etapa con maior nivel de compensación do conxunto de etapas que conforman a viaxe.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- [*PVP da Etapa Principal*] indica o custo ao que tería que facer fronte o usuario pola realización da etapa con maior nivel de compensación da viaxe, con independencia das etapas anteriores ou posteriores que conforman a viaxe.

2.3.7 Imputación das bonificacións

O sistema de integración tarifaria determina que as contías das bonificacións previstas se repartan porcentualmente entre as Administracións implicadas atendendo a criterios de competencia (Administración competente), natureza da etapa (transbordo ou non) e uso (concello de orixe da primeira etapa e concello destino da última) seguindo o esquema de imputación de viaxes e repartición de custo que se mostra a continuación:

- Con respecto aos criterios de imputación da viaxe:
  a) Nos municipais, orixe e destino no mesmo concello, ao concello correspondente.
  b) Nos intermunicipais:
     - Mantemento do criterio de orixe sempre que o inicio da viaxe non se produza nun concello obrigado á prestación dun servizo urbano.
     - Aplicación do criterio de destino sempre que a orixe teña lugar nun concello obrigado á prestación dun servizo urbano.

- Con respecto á **participación da subvención por parte dos concellos**, establécese o seguinte:
  a) Con respecto á *bonificación zonal*:
     - 20% con carácter xeral.
     - 100% naquelas viaxes urbanas realizadas en contratos urbanas ou en liñas declaradas de funcionalidade urbana cando o concello carece de contrato urbano a pesar de estar obrigado a iso.
  b) Con respecto á *bonificación por transbordo*:
     - 0% con carácter xeral. A Xunta asume o custo de transbordo entre servizos integrados.

As imputacións que lles corresponden a cada concello derivan do cálculo informático das colectas enviadas polos prestatarios dos servizos públicos de transporte integrados no eido do plan de acordo cos criterios sinalados. Porén, no suposto de concellos integrados na mesma zona de transporte, pode substituírse este procedemento por un reparto porcentual consensuado entre eles, con base a criterios obxectivos de mobilidade.

CVE: N8JfI51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Táboa 6. Esquema xeral de imputación das bonificacións.

AAPP	MARCO FINANCEIRO NA SITUACIÓN PROPOSTA			
	Sistema de transporte (Etapas)	% Bonificación zonal	% Bonificación transbordo	Criterio imputación
Xunta	Servizo Xunta/ servizos metropolitano*	80	100	Todos
	Servizos concello: liñas de funcionalidade urbana	0	0/100	Só participa se a etapa urbana forma parte dunha viaxe metropolitana.
Concellos	Servizos Xunta/ servizos metropolitanos*	20	0	Viaxes con Orixe no concello
				Viaxes en Destino se a Orixe é o concello cabeceira da área

Transporte marítimo e outros modos de transporte integrados

2.4 Programa de información e infraestruturas

Basicamente, distínguense dous tipos de actuacións que conteñen unha serie de medidas a implementar a curto prazo:

- Facilitar ao cidadán o aceso a unha maior e mellor información do transporte público. Estas actuacións van dirixidas aos diferentes elementos que constitúen o sistema de transporte (puntos de parada, autobuses) e prevese a mellora de ferramentas xa existentes como a páxina Web.
- A execución dun plan de renovación da rede de marquesiñas e postes de parada con información accesible para o cidadán. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en colaboración coas demais Administracións participantes, analizará e revisará a información dispoñible sobre os diferentes puntos de parada dos servizos metropolitanos, coa finalidade de establecer consensuadamente os puntos de actuación e a orde de prioridade para a súa execución material, que presentará á Comisión de Seguimento no prazo dun ano dende a posta en funcionamento do plan. Simultaneamente a Dirección Xeral de Mobilidade elaborará un modelo de familia de mobiliario urbano ao que se axustarán as novas unidades subministradas na ATM de Santiago.

2.5 Contía e revisión das Achegas.

A achega que corresponde efectuar a cada Administración pública estímase nas contías que aparecen determinadas nas seguintes táboas (7 e 8), nas que así mesmo se especifica a porcentaxe de incremento de devanditas contías para os anos sucesivos. Estas previsións recollen o total das achegas por parte das diferentes Administracións públicas en base ao custo das actuacións e á porcentaxe de imputación.

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Táboa 7. Contía e previsión das achegas dos concellos da ATM de Santiago por programa.

Concello	Sistema Tarifario Integrado	Servizos de Interese Municipal (SIMU)	TMG Social	TOTAL
Ames	127.067,72 €	0,00 €	21.431,93 €	148.499,65 €
Baña, A	663,14 €	0,00 €	0,00 €	663,14 €
Boqueixón	8.132,47 €	0,00 €	0,00 €	8.132,47 €
Brión	14.565,40 €	0,00 €	0,00 €	14.565,40 €
Estrada, A	10.808,43 €	0,00 €	0,00 €	10.808,43 €
Negreira	17.764,98 €	0,00 €	1.328,04 €	19.093,02 €
Ordes	190,83 €	0,00 €	0,00 €	190,83 €
Oroso	11.980,37 €	0,00 €	1.620,48 €	13.600,85 €
Padrón	12.443,20 €	0,00 €	0,00 €	12.443,20 €
Pino, O	5.876,39 €	0,00 €	771,74 €	6.648,13 €
Rois	1.058,97 €	0,00 €	0,00 €	1.058,97 €
Santiago de Compostela	25.590,42 €	0,00 €	0,00 €	25.590,42 €
Teo	23.156,54 €	131.387,11 €	1.162,78 €	155.706,43 €
Touro	8.710,53 €	0,00 €	936,00 €	9.646,53 €
Trazo	591,14 €	0,00 €	0,00 €	591,14 €
Val do Dubra	6.070,05 €	0,00 €	936,00 €	7.006,05 €
Vedra	3.717,08 €	0,00 €	259,59 €	3.976,67 €
Vila de Cruces	2.776,89 €	0,00 €	0,00 €	2.776,89 €
Total	**281.164,55 €**	**131.387,11 €**	**28.446,56 €**	**440.998,22 €**

Táboa 8. Contía e previsión das achegas da Xunta na ATM de Santiago

Programa	Achegas anuais*
Política Tarifaria Integrada	1.287.365,67 €
Recorrencia e Familia Numerosa	39.614,93 €
Servizos Aeroporto Santiago	162.723,36 €
Xente Nova Bonificacións	356.367,09 €
Total	**1.846.071,05 €**

** Non se teñen en conta os importes relativos ás compensación por obrigas de servizo público (COSP) e as compensacións tarifarias por usuarios con dereito a reserva de praza (CURP), debidas a escolares que teñen dereito recoñecido a viaxar gratuitamente dentro da ATM de Santiago de Compostela*

Asinado por: MAESTRO SAAVEDRA, IGNACIO
Cargo: DIRECTOR
Data e hora: 08/10/2020 16:37:06

CVE: NBJf51aCG2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 13/2020

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 25 DE NOVEMBRO DE 2020 –

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de novembro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noʸa
D.ª Carmen Diéguez González
D. Manuel Barreiro Rozados

Non asiste, previa escusa:

D.ª María Teresa Castro Framil

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ORDINARIA DO 29.07.2020 E EXTRAORDINARIA DO 05.08.2020, ORDINARIA DO 30/09/2020 E EXTRAORDINARIA DO 14/10/2020
2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 952/2020 Á 1045/2020)
3.- TOMA DE POSESIÓN DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS COMO CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO PLENARIO DO 14.10.2020 DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS E DE TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS AFECTADAS
5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROLONGACIÓN AO ANO 2021 DO DÍA DAS LETRAS DEDICADO A CARVALHO CALERO
6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ATENCIÓN PRIMARIA
7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 25N
8.- MOCIÓNS
9.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PP, D.ª María Teresa Castro Framil, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ORDINARIA DO 29.07.2020 E EXTRAORDINARIA DO 05.08.2020, ORDINARIA DO 30/09/2020 E EXTRAORDINARIA DO 14/10/2020.

Acta da sesión ordinaria do 29 de xullo de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 5 de agosto de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 5 de agosto de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 30 de setembro 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 14 de outubro de 2020

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 14 de outubro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 952/2020 Á 1045/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de outubro ata o 19 de novembro de 2020, que comprenden os números 952 ao 1045, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- TOMA DE POSESIÓN DE D. MANUEL BARREIRO ROZADOS COMO CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O sr. alcalde sinala que procede agora levar a cabo a toma de posesión do concelleiro do BNG D. Manuel Barreiro Rozados e cede a palabra á secretaria da Corporación.

Interveño eu, secretaria municipal, para poñer de manifesto que, con data de 13 de novembro de 2020, foi recibida a credencial do novo concelleiro, D. Manuel Barreiro Rozados (rex. entrada nº 5757), o cal presentou na Secretaría municipal as declaracións correspondentes do Rexistro de intereses, polo que se dan os requisitos para a súa toma de posesión

A continuación D. Manuel Barreiro Rozados, procede a tomar de posesión como concelleiro de Teo, mediante a fórmula legalmente establecida de acatamento á Constitución.

O sr. Barreiro, promete, por imperativo legal, pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

O sr. alcalde dálle á benvida ao sr. Barreiro como concelleiro da Corporación. esperando que sexa moi produtiva.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO PLENARIO DO 14.10.2020 DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS E DE TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS AFECTADAS.

O sr. alcalde anuncia a retirada deste punto da orde do día. Explica que o asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa correspondente e posteriormente enterouse de que había un informe de Intervención no que se dicía que se debía de tratar de dous

expedientes diferenciados e que ademais non dispuxera de tempo suficiente para informar. Salienta que se trata dun problema formal, porén trátase dun tema o suficientemente serio para que calquera circunstancia poida determinar a nulidade do acto.

Explica o sr. alcalde que se trata dun tema moi importante e ademais urxente, polo que se comentou coa interventora, quen dixo que o de deixar sen efecto o da indispoñibillidade xa o tiña informado e que o outro o ia a facer de forma inmediata. Salienta que a única alternativa posible para que teña eficacia, é convocar un Pleno extraordinario urxente o Luns ás nove horas, porque hai que ter en conta que despois hai que remitilo esa mañá ao BOP, porque son 15 días hábiles de alegacións, e se os prazos van nesa orde, quedarían catro días a finais de mes para facer a distribución de cartos que esa proposta de modificación conleva. Remata o sr. alcalde sinalando que o venres se remitira o expediente, co Informe de Intervención, e se convocará un Pleno extraordinario urxente para o luns ás nove horas.

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROLONGACIÓN AO ANO 2021 DO DÍA DAS LETRAS DEDICADO A CARVALHO CALERO.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.ª Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 12 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 5.752, de 13/11/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes do 19 de novembro de 2020.

"**Moción sobre prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) do concello de Teo presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 desde o pasado mes de marzo provocou a anulación ou o adiamento do calendario cultural galego.

Unha das efeméredes culturais anuais de gran calado e recoñecemento social é a celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio, quer na súa vertente institucional celebrada o propio día, quer na progresiva programación da actividade sociocultural vinculada á figura homenaxeada, ao longo de todo o ano e nos diferentes ámbitos entre os que sobrancea o ensino.

As medidas de confinamento, as fases de desescalada, a suspensión das aulas presenciais nos centros de ensino, así como as continuas medidas de distanciamento social e protocolos de prevención sanitaria que se viñeron aplicando e nos que aínda, con tantas incertezas perante as repuntas que estamos a vivir, continuamos, seguen a impedir conmemorar, como correspondería, a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas, Ricardo Carvalho Calero.

Esta imposibilidade vai alén do plano institucional e ten a ver, tamén, coa difusión da vida, obra e pensamento de Carvalho Calero a través dos centros de ensino, das librarías e bibliotecas públicas ou da importante actividade que o tecido social galego e o asociacionismo cultural de base realizan.

É por iso que o Bloque Nacionalista Galego se sumou no pasado mes de abril a todo un coro plural de voces que reclamaba prolongar a conmemoración de Ricardo Carvalho Calero ao ano 2021, porque resulta evidente que, mesmo agora xa camiño do último trimestre do ano e sen plenas garantías sanitarias, a crise provocada pola pandemia da COVID-19 fai imposíbel o desenvolvemento do Ano Carvalho Calero con normalidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG traslada a seguinte proposta de acordo:

1.O Pleno do Concello de Teo acorda amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta a Xunta de Galiza a se dirixir formalmente á Academia Galega para así llo transmitir e solicitar formalmente.

2. O Pleno do Concello de Teo acorda dar traslado do presente acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentares e á Academia galega".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, da á benvida, en nome do seu grupo, ao novo concelleiro do BNG e anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. López, e sinala que lle gustaría aclarar que con data de 15 de maio de 2020 se fixo chegar esta mesma solicitude á Real Academia Galega, engadindo que quizais o que ela non trasladou foi a resposta. Explica que se trata dunha resposta moi longa que tampouco quere trasladar literalmente, pero que ven a dicir que eles non consideran que se teña que cambiar a data do 31 de outubro, que foi finalmente cando se celebrou, e acaban concluíndo que *"en calquera caso a academia é consciente dos tempos de incerteza que corren e permanecerá atenta á evolución da pandemia e ás recomendacións das autoridades competentes".*

Pensa a sra. López que, de acordo co exposto, pode que estean permeables a esta petición, engadindo que eles opinan que efectivamente non foi unha celebración propia das letras e que polo tanto se debería repetir.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

1.- Amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta a Xunta de Galiza a se dirixir formalmente á Academia Galega para así llo transmitir e solicitar formalmente.

2.- Dar traslado do presente acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentares e á Academia galega.

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ATENCIÓN PRIMARIA.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.ª Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Manuel Barreiro Rozados.

O sr. Barreiro agradece á benvida a todos os grupos. Da conta da moción do seu grupo de 12 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 5.750, de 13/11/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa benestar social, igualdade, transportes do 19 de novembro de 2020.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A pandemia orixinada pola COVID 19, puxo de relevo que a Atención Primaria é chave para garantir a atención sanitaria, a saúde dos e das galegas. Este este nivel asistencial, a pesares dos recortes a que se veu sometido durante os últimos 11 anos, realizou un traballo moi importante no tratamento e seguimento das persoas infectadas que non precisasen hospitalización, á vez que na medida do posíbel, atendeu as necesidades asistenciais da poboación.

A decisión de que os centros de saúde reduciran drasticamente a asistencia presencial e que a atención se centrara case exclusivamente na consulta telefónica, para evitar contaxios tanto dos profesionais como da poboación, ocasionou moi graves problemas no acceso á asistencia sanitaria da poboación, que se veu agravada coa chegada da época estival, onde a escaseza de persoal foi alarmante, ao obrigar as e os profesionais a desfrutar das vacacións nos meses de xullo e agosto e non telos substituído na maioría dos casos, nin tampouco as baixas por incapacidade temporal.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, listas de espera de semanas, para consultas, analíticas, e incluso para a atención telefónica, persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros...

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos. Desprotección que tamén se produce, diante da reconversión da asistencia presencial en telefónica ou telemática, nas franxas de maior idade, de menos recursos para o acceso e manexo das novas tecnoloxías.

A resposta a situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía, etc.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera en Atención Primaria, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

2.- Presentar no Parlamento Galego, no prazo máximo dun mes, un informe no que se recolla a situación actual: restricións de acceso e porcentaxe de atención".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que teñen novas desta pouca atención presencial ou incluso da atención presencial por ventanilla, incluso tendo que agardar fora do centro de saúde, á intemperie, o cal xa lles parece escandaloso nos tempos que corren.

Sinala que onte leu que Feijóo quería chegar en decembro ou xaneiro ao corenta por cento da atención presencial, esperando a sra. Lemus que antes desa data se chegue

a algo máis desa porcentaxe. Considera que, igual que entenderon e non discutiron que no momento da primeira ola, cando non se sabía cal era a evolución nin como eran as medidas principais, estando todos un pouco a cegas, se decidira pechar os centros de saúde, agora mesmo se coñece suficientemente o virus e todos saben o que se ten que facer, e mais nun centro de saúde, polo que dende o partido socialista apoian completamente esta moción.

Sendo as vinte horas e trece minutos sae do Salón de Pleno o concelleiro do PP, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que non van a votar en contra da moción, porque creen que sempre hai melloras que se necesitan e que se irán vendo. Sinala que non so Galicia pechou a atención presencial nos centros de saúde senón que é algo que se fixo a nivel xeral. Salienta a sra. Vázquez que lle gustaría deixar claro que dende a Xunta hai un plan estratéxico de cara a esa reactivación. Agora estase nun momento de transición, engadindo que xa había un plan galego de atención primaria, no que xa que empezaron a incorporar maiores prazas, porén trátase de algo que agora mesmo o conseguir eses sanitarios está complicado non so en Galicia senón en toda España.

Explica que se foron creando prazas e se foi reactivando a presencialidade, aínda que moito tamén depende de cada médico que estea ao fronte, de que criterio teña para dar a cita presencial ou non, esperando que todo vaia collendo normalidade. Anuncia a sra. Vázquez a abstención do seu grupo.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, sinala que tratándose do tema que se trata a moción vai a ter o total apoio do seu grupo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

A continuación ten lugar a votación do punto 6 da orde do día, non estando presente nese momento o concelleiro do PP sr. Sánchez, polo que a efectos da votación correspondente a súa ausencia equivale á abstención, de acordo co artigo 100 do ROF e 32.4 do ROM.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda instar á Xunta de Galiza a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera en Atención Primaria, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

2.- Presentar no Parlamento Galego, no prazo máximo dun mes, un informe no que se recolla a situación actual: restricións de acceso e porcentaxe de atención.

Sendo as vinte horas e dezaoito minutos entra no Salón de Pleno o concelleiro do PP, D. Antonio R. Sánchez Crespo.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 25N.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.ª Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 12 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 5.751, de 13/11/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego do 19 de novembro de 2020.

"O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

O 25 de novembro foi declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, instando a gobernos, organizacións non gobernamentais e á sociedade civil no seu conxunto a planificar e desenvolver accións de sensibilización ao respecto da situación de violencia vivida por moitas mulleres.

Atendendo aos datos de feminicidios cometidos nos últimos anos temos aínda moito traballo por facer. É imprescindible continuar o traballo de forma coordinada, rachando co silencio e apostando pola sensibilización e a prevención, desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre os danos provocados pola desigualdade e as condutas violentas, axudando á toma de conciencia sobre a magnitude da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten nas súas vidas e nas das súas fillas e fillos. Se ben é certo que temos dado pasos adiante como sociedade na visibilización das violencias machistas, é clave aumentar os recursos dispoñíbeis e tamén que todas e todos nos centremos en que se identifiquen todo tipo de violencias machistas.

Desde o mes de marzo deste 2020 unha parte moi importante da poboación mundial estivo e está en situación de confinamento e o feito de que as vítimas en moitos casos convivan cos seus agresores puxo a proba un sistema que precisa de reformas importantes que atendan a situacións como a que estamos a vivir. Aínda que os datos oficiais indican un descenso no número de denuncias e tamén das ordes de protección, non podemos caer no erro de pensar que a situación mellorou. A dramática realidade é que os agresores teñen controlada completamente á vítima. Os entornos privados, a familia, os domicilios, son os espazos onde, desde sempre, a violencia está máis presente e nestes tempos de confinamentos as mulleres conviven moito máis tempo cos seus agresores, moitas veces en situacións de precariedade económica que agravan aínda máis os problemas. Este feito debe ser tido en conta como prioritario nas políticas que se fagan desde as administracións competentes e despregar todo un aparato destinado a dar resposta as estas novas situacións que están empeorando moito a vida das mulleres que conviven cos seus agresores. Os datos do primeiro semestre do ano indican que houbo un incremento do 30% nas beneficiarias de axudas económicas, que o número de consultas no teléfono de atención a vítimas se incrementou un 35% e tamén que as consultas aos CIM aumentaron nun 16%. A maioría destas consultas teñen a ver con atención psicolóxica, acceso a recursos asistenciais e ordes de protección.

Tamén se están a constatar as dificultades coas que se atopan as mulleres que precisan recorrer ás casas de acollida onde se lles piden innumerábeis requisitos médicos e sanitarios vinculados á situación de pandemia que estamos a vivir, pero que nin as vítimas nin os CIM que as derivan teñen medios para resolvelo. As mulleres vense expostas ao abandono institucional por non poder cumprir coas condicións para ingresar nunha casa de acollida, poñendo en risco aínda máis as súas vidas e as dos seus fillos e fillas. Urxe facer unha valoración global da situación na que se atopan as mulleres vítimas de violencia e dar unha resposta integral a todas estes atrancos que xorden da COVID-19.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Rexeitar de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade.

- O compromiso desta institución a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten.

- A colaboración activa na creación e dotación de medios dunha rede de entidades sensíbeis e comprometidas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxías entre elas, co propio Concello, e coa sociedade no seu conxunto.

- Reclamar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no proxecto de orzamentos de 2021 de forma que se sitúen, como mínimo, "no 1% do total" e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- Demandar do Goberno do estado que modifique a lei avanzando nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella

- Demandar medidas concretas e verdadeiramente eficaces para previr a violencia contra as mulleres no ámbito laboral, especialmente presente nos sectores máis feminizados, ou

no seu caso, castigalas con contundencia. Contornas laborais violentas amplifican a violencia que as mulleres sufrimos en todos os eidos da vida, e nestes casos, as administracións públicas dispoñen de competencias e instrumentos legais que poden e deben utilizar.

- Pedir a mellora dos puntos de encontro que seguen a ser lugares onde se trata con equidistancia á vítima e ao agresor coa desculpa de non interferir nas relacións coas crianzas. Ese enfoque en si mesmo xa é violento, porque coloca á vítima ao mesmo nivel que o agresor e, polo tanto, ponse do lado do poderoso afundindo aínda máis ás mulleres que acoden por orde xudicial a estes puntos de encontro.

.- Así mesmo, reclamar que a Xunta, con toda a urxencia posible, deseñe os mecanismos que considere oportunos para manter a seguridade sanitaria nas casas de acollida pero sen poñer trabas no ingreso das mulleres que así o precisen, mediante convenios co SERGAS, creación de equipos sanitarios específicos, zonas de corentena ou calquera outra medida que resolva a situación que neste momento están a vivir as mulleres que acoden a unha casa de acollida".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que, tratándose do dato que se reflicte na moción de que "*parece ser*", en relación coas casas de acollida, lle gustaría saber de onde se sacou ese dato en relación co que se está facendo agora coas casas de acollida.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, di que hoxe é o 25 de novembro, adicado a lembrar que a violencia sobre as mulleres existe, polo simple feito de ser mulleres. Anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que como saben todos os grupos a continuación se dará lectura a unha declración institucional pola celebración deste día.

A sra. Diéguez sinala que o grupo municipal do BNG nunca da datos que non teña contrastados, polo que se din iso é porque hai uns datos oficiais que o corroboran.

A sra. Nariño di que ela so quere dar un dato obxectivo. Sinala que dende logo eles como grupo consideran que todos os días tiñan que ser un 25 N, porén con respecto a este dato si que pode dicir que dende o 20 de marzo o goberno autonómico puxo en marcha un plan de reforzo para garantir a seguridade das vítimas da violencia de xénero con respecto á pandemia que se está a vivir, e dentro desa veintena de medidas que se están levando a cabo, unha delas foi fortalecer a rede dos centros de acollida. Remata a sra. Nariño a súa intervención sinalando que o grupo municipal do PP xamais ía a votar en contra, porén con este matiz o sentido de voto do seu grupo vai a ser a abstención, de aí a pregunta anterior.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda:

.- Rexeitar de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade.

.- O compromiso desta institución a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten.

.- A colaboración activa na creación e dotación de medios dunha rede de entidades sensíbeis e comprometidas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxías entre elas, co propio Concello, e coa sociedade no seu conxunto.

- Reclamar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no proxecto de orzamentos de 2021 de forma que se sitúen, como mínimo, "no 1% do total" e

así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- Demandar do Goberno do estado que modifique a lei avanzando nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

- Demandar medidas concretas e verdadeiramente eficaces para previr a violencia contra as mulleres no ámbito laboral, especialmente presente nos sectores máis feminizados, ou no seu caso, castigalas con contundencia. Contornas laborais violentas amplifican a violencia que as mulleres sufrimos en todos os eidos da vida, e nestes casos, as administracións públicas dispoñen de competencias e instrumentos legais que poden e deben utilizar.

- Pedir a mellora dos puntos de encontro que seguen a ser lugares onde se trata con equidistancia á vítima e ao agresor coa desculpa de non interferir nas relacións coas crianzas. Ese enfoque en si mesmo xa é violento, porque coloca á vítima ao mesmo nivel que o agresor e, polo tanto, ponse do lado do poderoso afundindo aínda máis ás mulleres que acoden por orde xudicial a estes puntos de encontro.

